

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 57

Sesión Plenaria
25 de xuño de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 24126 (12/PNP-001909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de permisos de residencia e de traballo para migrantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

5.2 25541 (12/PNP-002033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200f1, do 20.05.2025

5.3 26454 (12/PNP-002124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

5.4 26615 (12/PNP-002140)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 206f1, do 04.06.2025

5.5 26783 (12/PNP-002153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da embaixada de Israel tendo en conta a situación en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025



5.6 26904 (12/PNP-002164)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 21722 (12/INT-000872)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

6.2 26011 (12/INT-001008)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

6.3 26145 (12/INT-001018)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 27517 (12/POPX-000047)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a eficacia da política do Goberno galego para abordar as necesidades reais das galegas e dos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

7.2 27518 (12/POPX-000048)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o grao de contundencia do Goberno galego ante o problema da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 27492 (12/PUP-000122)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a supresión de frecuencias nos servizos ferroviarios da estación da Gudiña-Porta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.2 26599 (12/POP-003930)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis

Sobre a decisión unilateral do reitorado da Universidade da Coruña de crear un novo grao en Medicina e romper o acordo de 2015 respecto do modelo de formación médica na nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025

8.3 27494 (12/PUP-000123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as instrucións da Consellería de Educación para o curso académico 2025-2026 en relación co control da natureza das actividades organizadas polos departamentos e o profesorado nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.4 16825 (12/POP-002595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

8.5 23894 (12/POP-003533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis

Sobre os avances acadados a prol dos dereitos das persoas LGTBI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f3, do 16.04.2025

8.6 16949 (12/POP-002647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f2, do 24.01.2025



8.7 19153 (12/POP-002959)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Deza Martínez, María e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de vivenda que está a desenvolver o Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

8.8 22341 (12/POP-003393)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da sanidade pública na comarca da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

8.9 26310 (12/POP-003853)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**

Sobre o problema derivado da sentenza xudicial que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficacia da política do Goberno galego para abordar as necesidades reais das galegas e dos galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 11.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 12.)

Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de contundencia do Goberno galego ante o problema da violencia machista. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 17.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre as enfermidades renais, que é aprobada por asentimento. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Cristina Fernández Davila, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Vázquez Suárez (P). (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 28.) e Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 28.).

A señora Carreira Pazos (BNG) intervéñ para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 30.)



Votación das proposicións non de lei

A señora Rodríguez Dacosta (S) pide a palabra e intervén para que se aclare que texto se vai votar na proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López, dado que existe unha autoemenda do propio grupo. (Páx. 31.) O señor presidente indica que se aceptou a autoemenda de substitución do G. P. Popular de Galicia e que, polo tanto, o que se somete a votación é o texto autoemendado da proposición non de lei. (Páx. 32.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de residencia e de traballo para migrantes: aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 33.)

O señor presidente comunica a solicitude e aceptación da votación por separado dos puntos 1 e 2 da seguinte proposición non de lei que se vai votar. (Páx. 33.)

Votación do punto 1º do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental: aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 33.)

Votación do punto 2º do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental: rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña: rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Julio García Comesaña e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional: aprobada por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 24 abstencións. (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da Embaixada de Israel, tendo en conta a situación en Palestina: rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Cristina Fernández Davila, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGBT nos centros de ensino: rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 35.)



Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 36.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 39.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 40.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 43.)

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 45.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 48.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 51.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 53.)

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 58.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 62.)

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a supresión de frecuencias nos servizos ferroviarios da estación da Gudiña-Porta de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D. Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a decisión unilateral do Reitorado da Universidade da Coruña de crear un novo grao en Medicina e romper o acordo de 2015 respecto do modelo de formación médica na nosa comunidade. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 71.)



Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as instrucións da Consellería de Educación para o curso académico 2025-2026 en relación co control da natureza das actividades organizadas polos departamentos e o profesorado nos centros de ensino. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Fernández Davila (BNG). (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 73.)

Réplica da autora: Sra. Fernández Davila (BNG). (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 75.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 78.)

Réplica da autora: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 79.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra, con base no artigo 76.1 do Regulamento, por entender que se fixeron xuízos de valor sobre a súa persoa, que lle é concedida. (Páx. 80.) Intervención da señora Prado del Río (P). (Páx. 80.) A señora vicepresidenta segunda da Mesa, Prado Cores, solicita tamén a palabra, que non lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 81.)

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances acadados a prol dos dereitos das persoas LGTBI. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 84.)

Réplica do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 86.)

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 88.)

Réplica da autora: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 89.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra, que lle é concedida. (Páx. 90.) Intervención da señora Prado del Río (P). (Páx. 90.)



Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de vivenda que está a desenvolver o Goberno de España. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Deza Martínez (P).* (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Deza Martínez (P).* (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 94.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da sanidade pública na comarca da Mariña. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 98.)

Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o problema derivado da sentenza xudicial que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vidal Lamas (BNG).* (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Vidal Lamas (BNG).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 101.)

O señor presidente pídelles ás señoras deputadas e aos señores deputados que procuren non facer alusións nas súas intervencións, ao tempo que lles aclara que as alusións non dan dereito a unha rolda de réplica. (Páx. 102.)

Remata a sesión ás tres e tres minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Imos reiniciar a sesión.

Permítanme que antes saúde os membros da Asociación veciñal, cultural e deportiva San Isidro Piringalla, de Lugo, que hoxe nos visitan e acompañan no Parlamento. Que sexan benvidos a esta institución.

E agora si comezamos co punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficacia da política do Goberno galego para abordar as necesidades reais das galegas e dos galegos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben. Moitas grazas, señor presidente.

Tamén lles dou a benvida a eses veciños de Lugo que veñen hoxe a esta sesión plenaria.

Señor Rueda, a vivenda é ese gran problema que temos en Galicia, non soamente porque o pensemos as e os socialistas, senón porque realmente o cre a inmensa maioría dos cidadáns do noso país. É un verdadeiro problema e é o principal problema que temos en Galicia: mozos e mozas que non se poden emancipar, familias que lles custa chegar a fin de mes... En definitiva, un verdadeiro problema.

É un problema para o cal os últimos datos, o seu rostro, son o que subiu a vivenda no ano 2024, que foi un 21 por cento. En cidades como Vigo e A Coruña o prezo do metro cadrado xa supera en moitos casos os 2.000 euros ou os alugueiros subiron na última década un 57 por cento. E, fronte a iso todo, ¿cal é o resultado? A especulación, a falta de loitar eficazmente contra a especulación; esa especulación que rompe a cohesión social, que divide unha sociedade, que a fractura; en definitiva, que a rompe.

Esa loita contra a especulación foi a que motivou moitas propostas que fixemos nós neste Parlamento en relación coa loita para favorecer o acceso á vivenda: a aposta por un banco público de alugueiro, a rehabilitación real e verdadeira das vivendas que necesitan esa rehabilitación, a persecución da infravivenda, porque o dereito do acceso á vivenda é o dereito ao acceso á vivenda digna e non aos cuchitrís, a declaración de zonas tensionadas que faciliten o favorecemento e, por suposto, ¿como non?, a construción de vivenda pública; esa vivenda pública na que vostedes non estiveron moi rápidos nin moi eficientes, senón todo o contrario. Mire, un exemplo, entre o ano 2006 e o 2007 iniciouse a construción de máis vivendas públicas que no período que gobernaron vostedes, desde o 2010 ata o 2025. Creo que é un dato claramente



exemplificativo de quen combate e de quen promociona a vivenda pública e de quen mira para outro lado. Nós plantexamos esas propostas que vostede rexeitou absolutamente.

O 6 deste mes acudiu vostede á Conferencia de Presidentes coa única misión non de chegar a acordos nin de impulsar acordos de país que beneficien a Galicia, senón co mandato que Alberto Núñez Feijóo lle puxo enriba da mesa: solicitar eleccións anticipadas e rebentar, a poder ser, esa reunión. Nós o que fixemos nada máis saír vostede desa Conferencia de Presidentes foi insistirlle ao Goberno en que mantivese o Plan de vivenda para que, efectivamente, se puidese poñer en marcha e vostedes recapacitasen. Vexo que, polo que se ve, despois da semana pasada que estivo aquí a ministra de Vivenda e expuxo claramente cal era o Plan de vivenda, cunha claridade meridiana, vostedes aceptan sumarse a ese Plan de vivenda, a eses 400 millóns; co cal, quero dicirlle que me congratula que así sexa. Pero sabe vostede tamén que para chegar a ese Plan de vivenda é necesario que toda a vivenda pública sexa realmente e permanentemente pública. Espero que así sexa.

En todo caso, nós imos rexistrar nos próximos días unha iniciativa, unha proposición de lei, para que, efectivamente, se garanta que onde hai un investimento dun euro público en calquera vivenda, esa consideración de público se manteña no tempo; ese tempo permanente que permita acceder en condicións de accesibilidade sempre que se inviste un euro en vivenda pública, durante toda a vida, para garantir esa accesibilidade e que, efectivamente, non favorezamos a especulación.

Diñeiro público e permanencia pública permanente hoxe, mañá e durante toda a vida.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén saúdo os invitados.

E dígolle, señor Besteiro, que, se quere falar da vivenda, ¿por que non lle pregunta a Vivenda directamente? ¿Que pasa?, ¿que tanto se avergonza das políticas do seu goberno en Madrid e non pode preguntalo? Vostede pregunta polas necesidades efectivas dos galegos —paréceme—, pero non é capaz de preguntar pola vivenda. ¿Que cre?, ¿que me vai pillar nas patacas? (*Risos.*) ¿Ou é que lle dá vergonza preguntar? Esas son as súas tácticas. Claro, así, despois, cóntanos que vai rexistrar unha iniciativa para algo que xa leva en vigor en Galicia dende hai seis meses. (*Aplausos.*) ¡Entérese un pouco máis, señor Besteiro! (*Aplausos.*) ¡Entérese un pouco máis! (*Aplausos.*)

Mire, imos falar de vivenda e imos falar das necesidades reais e efectivas dos galegos. E vou facer tamén unha pequena comparación. Falando de enterarse, que lle contan... É que eu



creo que non llo contan; téñeno tan pouco en consideración en Moncloa que non llo contan. Xa saben que vostede vai dicir que si a todo o inxustificable que estamos vendo e, por tanto, nin se molestan. Agora resulta que o presidente do Goberno puxo enriba da mesa un acordo e que nós votamos que non en Barcelona. ¡Pero que lle conten o que pasou, señor Besteiro! Se non llo quere contar o presidente do Goberno, que llo conte algún dos colegas socialistas: enfadouse alí, dixo que non se votaba nada e levantou a sesión, non nos deu oportunidade. Eu mesmo lle dixen aquí —o que pasa é que vostede non escoita, sobre todo o que non lle convén— que se o sometese a votación, Galicia, con certas condicións, o aprobaría, pero non lle deu a gana. E agora resulta que o someteu, pero ao mesmo tempo que si que o quitou e que foi vostede o que convenceu o Goberno central de que o volveuse poñer... Pero, ¿quen cre esa historia, señor Besteiro? (*Murmurios.*) Teña un pouco de autoestima niso e non se conte a vostede mesmo cousas que non son verdade.

Mire, fomos a primeira comunidade autónoma —e púxose así de manifesto— das do PP —iso dicían; é simplemente unha comunidade autónoma que vela polo interese xeral— en dicir que, se un concello quere declarar unha zona tensionada, nós non imos impedilo. Xa veremos os resultados. Xa leva declarada na Coruña hai un par de semanas, e xa se podía ver algún efecto milagroso. Aquilo ía ser algo inmediato —xa veremos; polo tanto, ningún medo—. Xa lle dixemos á ministra, efectivamente —que quixo reunirse con nós, pero non darlle publicidade, e tamén habería que preguntarse por que—, que, se as condicións son boas, nós estamos dispostos a cofinanciar. Iso é o que ten ser unha comunidade autónoma saneada, que pode facer cofinanciamientos. O Goberno vai subir o dobre a súa aportación e a nós pídenos que a multiplicamos por cinco. ¿Que lle parece?, ¿igualar? Non, pero, aínda así, imos facelo, porque todo o que veña para construír vivendas nós ímolo aproveitar. Imos duplicar o parque de vivendas e imos seguir traballando. E se vostede quere facer propostas en serio, perfecto; se o que quere, señor Besteiro, é seguir lavándolle a cara ao presidente desa conferencia que fixo e que enseguida viu que non lle valía para nada e non nos propuxo un só acordo, ¡alá vostede! Seguirá, como sempre, señor Besteiro, xustificando o inxustificable. Na segunda parte podemos falar de máis eficacias, pero xa vexo que segue como sempre, intentando tapar as vergonzas do Goberno central.

Mire, mando unha mensaxe, o malo é que non lle van facer moito caso; pero, por se acaso, eu transmítollo: Galicia está disposta a apoiar calquera política de vivenda do Goberno central que sexa útil para os galegos. Todas as condicións coas que vostedes pensan que descubren a pólvora xa as estamos aplicando en Galicia; polo tanto, seguiremos adiante, non queremos facer este esforzo en solitario. Se por unha vez o Goberno deixa de preocuparse dos seus evidentiísimos e gravísimos problemas xudiciais e quere mirar polo benestar dos galegos, sempre encontrará a Xunta de Galicia, tamén en vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Mire, o que pasou o pasado 6 de marzo, ¿sabe o que foi? Que desa reunión saíron outras comunidades autónomas dicindo que se ían someter a ese Plan



de vivenda. Foron varias comunidades: Cataluña, Castela-A Mancha, Asturias e Canarias; esas dixeron que ían recibir 1.500 millóns. Esa é información que sae o día 6 deste mes de xuño. Vostede saíu dicindo que non había ningún acordo e pedindo eleccións anticipadas. Sigo dicindo o mesmo que dixen na miña primeira intervención: vostede desprezou o acordo. ¿Por que? Porque levaba unha consigna do seu xefe, de Alberto Núñez Feijóo, de torpedear esa Conferencia de Presidentes. E despois revirou porque, efectivamente, ¿como non ía aceptar un plan tan ambicioso pensado tamén para Galicia? ¡Home, claro! ¿Quen ten a competencia en materia de vivenda?, ¿o Estado? Tena a Xunta de Galicia, aquí, no noso país; e aínda encima que duplica o investimento o Estado, a vostede parécelle mal que se lle pida unha contraprestación a quen ten a competencia exclusiva. *(Aplausos.)*

Mire, o que se fixo coa Lei de medidas é un parche, e vostede sábeo. Non cobre a totalidade dos investimentos de diñeiro público para manter permanentemente a condición de público, e a condición de público é que se garantan as mesmas condicións de accesibilidade pasado o tempo, hoxe, mañá e dentro de trinta anos, e que a Xunta asuma o papel de tutelar esas transmisións que se poidan producir para garantir a accesibilidade dos prezos e loitar contra a especulación. Se vostede di que todo o traballo o ten feito, eu digo que non; pero, en todo caso, cando presentemos a proposición, non haberá ningún inconveniente en votar a favor. Se xa está feito —e nós imos confirmar unha medida tendente a iso—, non haberá ningún problema en que vote a favor; verémolo, e veremos aí, nese momento, cal é o seu compromiso co investimento público en manter permanentemente público iso. Ten que separar os problemas partidarios dos intereses de Galicia, porque moitas veces non coinciden, e neste caso non coincide o interese de Alberto Núñez Feijóo en derrotar un goberno por malas mañas que poña en práctica. O que si ten que facer é defender os intereses dos galegos e das galegas, ¿en materia de vivenda? Tamén en materia de vivenda. ¿Por que? Porque é o principal problema que teñen os galegos e galegas hoxe en día. Esa é a súa misión, e non formar parte dun show, que, por certo, xa empeza a aburrir, con varios capítulos. Levántanse das mesas de condonación da débeda, levántanse das mesas cando se fala de emigración e de axuda humanitaria...; levántanse de todas as mesas. Xa empeza a ser un capítulo constante dunha serie que aburre e, sobre todo, que é pouco rendible para o noso país.

Por tanto, senten na mesa e pechen ese acordo rápido para que eses 400 millóns se poidan poñer en práctica en Galicia con vivenda pública para solucionar o principal problema que teñen os galegos e galegas, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ou sexa que o noso show, a nosa serie, empeza a aburrilo, pois a súa está do máis entretida, *(Risos.)* je moito máis que se vai poñer! *(Aplausos.)*

Agora resulta que coincidir co líder é un problema. Pois, entón, vostede ten un enorme problema *(Risos.)* —un enorme problema— e vaine ter moito máis aínda. Xa hai socialistas va-



lentes que están empezando a dicir o que pensan a maioría dos españois. Eu non lle pido que vostede sexa como o señor Page ou como o señor Lambán, porque hai unha diferenza: eles teñen apoio electoral e a vostede iso non lle dá ningún valor. Xa hai alcaldes, ademais, do Partido Socialista aquí, en Galicia, aos que tamén lles preocupa o resultado electoral. Vostede, como cre que o seu resultado electoral é difícil de empeorar, pois, entón, iso non lle preocupa moito e non ten por que ser valente e dicir as verdades. Pero xa verá como o seu resultado electoral de hai un ano incluso é susceptible de empeorar, sobre todo dicindo cousas como as que lle acabo de escoitar dicir. Agora resulta que o Goberno central nos fai un favor en temas de vivenda, que non ten competencias: hai unha ministra de Vivenda, pero non tiña por que habela; hai unha Lei estatal de vivenda, pero non tiña por que habela —por certo, recorrida pola Xunta de Galicia—; hai un Plan nacional de vivenda, pero non tiña por que habelo... Non, non, o Estado, en materia de vivenda, dá tabaco, e hai unha gran retención de fondos europeos que podíamos estar executando nós e executáos o Goberno, pero resulta que non, que non ten competencias; estanos facendo un favor a todos os españois e a todos os galegos. Iso é o que acaba vostede de dicir.

E, por certo, traizóao o subconsciente. Efectivamente, supoño que houbo un toque e que aínda lle fan algún caso —nesas cousas polo menos—. Da reunión —que non foi o 6 de marzo, por certo— dixo que houbo comunidades autónomas que se someteron —«someteron» dixo— ao Plan de vivenda. Efectivamente, Galicia non se vai someter. Eu falei coa ministra de Vivenda. Que lle conten esas cousas. É que despois chega aquí con moita desinformación e, claro, queda como queda, pero é que os seus deberían contarlle as cousas. Eu tiven unha conversa alí, e despois chamoulle o presidente do Goberno para pedirlle explicacións da miña conversa alí, diante de todo o mundo, e de que estaba falando cunha comunidade do PP. E eu o que lle dixen á ministra é que con condicións que fagan posible, executable e beneficioso para Galicia o Plan de vivenda, Galicia non ten ningún problema, señor Besteiro. Aquí miramos polo interese xeral e, polo tanto, se hai un cofinanciamento xusto, prazos de execución razoables, requisitos que se poidan cumprir, non teremos absolutamente ningún problema. *(Aplausos.)*

Mire, señor Besteiro, eu alégrome moito de que en Galicia haxa un goberno que atenda as entidades dos galegos. Vostedes teñen un goberno en Madrid que atende as necesidades cada vez máis inconfesables, cada vez máis bochornosas, cada vez máis impresentables do presidente do Goberno. Isto é o que está pasando. Polo tanto, nós seguiremos traballando. Mire, este goberno que eu presido aprobou máis orzamentos en tres anos que Pedro Sánchez en case oito; e iso todo é un síntoma.

E vostede pregúntame por ser efectivo no cumprimento das tarefas de goberno. Iso si que é ser efectivo. Ter un orzamento permite ter as cifras en educación, en emprego, en rebaixas fiscais, en vivenda e en política social que este goberno pode ofrecer, simplemente como mostra de que cumpre —cumprimos— coas nosas obrigas: en sanidade, máis hospitais, máis centros de saúde, máis xente atendida, máis orzamento que nunca. Hai preocupación por cousas como os enfermos de ELA —por certo, o sábado a asociación galega terá unha Medalla Castelao—. Supoño que, se vostede está aí, terá que explicarlles, en nome do seu goberno, por que aprobaron unha lei sen financiamento, ao contrario do que fixemos aquí. E tamén está a atención que facemos aos pacientes de hemofilia B. E, mire —máis cousas—, anún-



ciolle que en moi pouco tempo —nun par de consellos como moito— imos aprobar unha Estratexia galega contra as enfermidades raras. ¿Para que? Para facer unha detección temperá e atender os pacientes como merecen e para que Galicia siga sendo pioneira en materia de sanidade. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

Remato xa, señor presidente.

Mire, se a Xunta funcionase como está gobernando agora mesmo o Goberno de España, cun presidente escondido da prensa, escondido da xente, escondido do Parlamento, isto sería un desastre; afortunadamente, non o é. Mire, aquí o «sentidiño» —que tanto lles fastidia esa palabra—, o valor da palabra para cumprir no Goberno, a estabilidade institucional e a seguridade van ser valores importantes, ¿sabe para que —entre outras cousas—? Para intentar separar a Galicia dos prexuízos da decadencia na que está agora mesmo o Goberno central. Vostede, señor Besteiro, se me permite un consello, apártese canto antes, como están facendo moitos socialistas honrados e sabios. A enorme diferenza entre nós e o Partido Socialista de Galicia actual é que nós levamos cinco veces consultando os galegos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e dannos a súa confianza abrumadora. Vostedes, cada vez, van a menos. Vostede cre que xa non vale a pena preocuparse polo seu resultado electoral porque non vai baixar; pero, si, vostede pode ser o líder do partido increiblemente mingunte; e, se non, o tempo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de contundencia do Goberno galego ante o problema da violencia machista

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día, presidente.

Quero saudar tamén os veciños e veciñas de Lugo e tamén a Asociación de Pacientes con Enfermidade Renal.

E, se me permiten, vou empezar condenando o asasinato machista dunha muller e do seu fillo de 3 anos en Valencia. É realmente terrorífico.

Señor Rueda, estamos asistindo a unha escalada da violencia contra as mulleres que é insuportable. O 15 de xuño, Maritza foi asasinada brutalmente a puñaladas na Coruña. Poucos días antes, Marisol apareceu calcinada no seu coche en Campo Lameiro; foi asasinada polo



seu home. E o Goberno do Partido Popular de Moraña decretou tres días de loito tanto para a vítima como para o seu verdugo, unha equiparación inmoral! Pero vostede cala e mira para outro lado. *(Aplausos.)* ¿Que pasa, señor Rueda?, *(Aplausos.)* ¿non lle queda un pouco de decencia e de humanidade? *(Aplausos.)* Josefa foi asasinada tamén a coiteladas polo seu home no Bolo. Soraya foi tiroteada polo seu exmarido en Verín. E Angy caeu desde un cuarto piso despois de vivir unha agresión na súa casa por parte da súa parella no Barco de Valdeorras.

Non podemos normalizar, como fai o Goberno do Partido Popular, que en apenas dous meses haxa estes intentos de asasinato e tres mulleres brutalmente asasinadas, porque isto, señor Rueda, non é normal, é aterrador; e aínda máis cando vemos a pasividade do seu goberno.

Desde o BNG pedimos a convocatoria dun comité de crise, pero vostede dixo que non. Dixo que non, e tampouco tomou nin unha soa medida extraordinaria ante unha situación, señor Rueda, que é gravísima. É unha falta de actuación que contrasta coa dilixencia coa que vostede encubriu e amparou o seu conselleiro e amigo; un presunto agresor sexual ao que mantivo durante meses no seu goberno e ao que despois despediu, entre abrazos, eloxios e loas. Aínda hoxe non houbo nin unha soa palabra de respecto e empatía pola vítima; ao contrario, onte mesmo veu a este Parlamento votar en contra de trasladarlle esa solidariedade e segue cuestionando a veracidade da denuncia ao máis puro estilo negacionista da extrema dereita. *(Aplausos.)*

A conclusión é evidente, señor Rueda: o seu goberno non garante no día de hoxe nin a protección nin a defensa das mulleres fronte á violencia. No día de hoxe o único que demostra é que, cando ten que escoller entre un amigo que é un presunto agresor sexual e a vítima, se pon do lado do presunto agresor. No día de hoxe, o único que nos demostra é que está máis cerca dese discurso negacionista da extrema dereita machista que da defensa da loita contra a violencia de xénero. Señor Rueda, rectifique, porque a súa obriga é traballar por unha Galicia libre de violencia machista. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, máis do mesmo; ¡máis do mesmo!

Di que normalizamos a violencia machista e queda vostede tan ancha dicindo esas cousas. Mire, exactamente a súa pregunta é se o Goberno —o meu Goberno— está actuando con contundencia ante a violencia machista. Pois, mire, dígolle que si; con contundencia e con convencemento, e coa mesma contundencia e co mesmo convencemento lle digo que vostede só utiliza este tema con fins electorais, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Só con fins electorais! *(Aplausos.)* A vostede impórtalle moito máis vostede mesma que as vítimas, señora Pontón; dígollo absolutamente convencido. Todo é unha boa ocasión para arañar votos, incluso nun asunto tan serio como este.



Mire, xa lle dixen na sesión de control anterior —e é moi evidente neste ano e medio— que na súa frustración evidente polo resultado electoral vostede primeiro montou esa entelequia de que era presidenta dun goberno na sombra e, cando xa se aburriu dese pensamento surrealista, decidiu ser xuíza. Pero, claro, unha xuíza que non ten en conta a presunción de inocencia, unha xuíza que non cre na separación de poderes, unha xuíza que non cre no Estado de dereito... E, ao final, fai honor a todos eses convencementos. E vostede —e moitos como vostede no seu partido— fan o de sempre, ditan sentenzas —¡sentenzas!— onde, como sempre, a culpa é do PP e dos do PP. Iso é o seu resumo, señora Pontón. Mire, deixe de mentir, deixe de difamar, deixe de intentar tirar sempre rédito electoral dun asunto tan serio.

Vostede é a mesma Pontón que bramaba dicindo que unha denuncia é o mesmo que unha sentenza de culpabilidade, e séguelo dicindo agora. O malo é que é a mesma Pontón que hai dúas semanas. Cando empezamos a coñecer todos os manexos dos seus socios de Goberno con prostitutas —que pagamos entre todos— e todos os seus saqueos estaba disimulando e dicindo que había que ver un pouquiño máis antes de dicir nada, porque hai moito xuíz facha, moito pseudomedio e que hai que ser prudente para pronunciarse. Si, si, iso díxoo vostede en primeira instancia, señora Pontón.

Vostede, tan brava aquí, que pide a miña dimisión sen dubidalo en absoluto, e despois, como sempre, tan mansa en Madrid para pedir eleccións, para pedir que se acabe o Goberno que trafica coas mulleres, e todo o consente. (*Aplausos.*) Señora Pontón, aí non é capaz de dicir nada. (*Aplausos.*) Cre simplemente que con dicir que non saen na foto non os asocian, pero, non, non, asóciannos absolutamente. Vostede é moi covarde neste tema, señora Pontón, díggollo á cara: moi covarde. E, mire, xa que non é valente, polo menos non falte á verdade e sexa sincera coa mesma verdade. Respete a verdade, respete as vítimas e, de paso, mire, rebaixe ese supremacismo tan nacionalista, tan sectario, que a leva a non respectarnos en absoluto a todos nós e a non respectar especialmente as mulleres do PP; que lle vou dicir unha cousa: non son menos mulleres ca vostede e son, como mínimo —¡como mínimo!— igual de respectables.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vimos aquí falar de que en quince días en Galiza asasinaron a dúas mulleres por violencia machista e a súa resposta é dicirme que eu son unha frustrada, que son unha covarde e que bramo. Eu o único que lle digo é que a súa resposta é unha indecencia non contra min, senón contra as mulleres que estamos sufrindo violencia machista. (*Aplausos.*) ¡Unha indecencia, señor Rueda! (*Aplausos.*) ¡Unha indecencia! (*Aplausos.*)

E hai que ter cara de cemento armado para ser do Partido Popular e pretender vir aquí darnos leccións ao BNG de loita contra a corrupción; o Partido Popular, que é o único partido durante a democracia e o único partido en Europa condenado por corrupción. Pero xa lle digo que non lle vou permitir que hoxe non falemos da violencia machista, porque estamos falando da vida das mulleres. E a súa frivolidade, señor Rueda, paréceme gravísima, si, un síntoma que denunciarnos, (*Aplausos.*) que vostedes normalizan a situación de violencia. (*Aplausos.*)



E por riba vén aquí mentir e manipular; mentir e manipular as miñas palabras. En canto coñecemos eses datos repugnantes do informe da UCO, dixémolo: é repugnante. Si, si, xusto ao contrario de vostede, que estivo durante meses encubriendo un conselleiro e amigo que tiña unha denuncia por agresión sexual. Si, señorías do Partido Popular, *(Aplausos.)* tamén niso somos diferentes. Si, si, tamén nisto somos diferentes. Cando hai unha denuncia, nós, coa vítima e vostedes amparando un presunto agresor sexual.

E, mire, vexo que nin lle preocupa nin lle molesta que neste país se estean producindo asasinatos machistas gravísimos. Non nos anunciou nin unha soa medida, señor Rueda, ¡nin unha soa medida! E dinnos que si, que o están facendo todo moi ben.

Permítame darlle un dato. Segundo o último informe do Ministerio de Igualdade, en 2024, Galiza é a segunda comunidade do Estado español coa taxa máis alta de violencia machista, de asasinatos machistas; a segunda máis alta, señor Rueda, case duplicamos a media estatal. E vostede vén aquí dicirnos que todo está ben e que o Goberno galego o está facendo moi ben.

Neste mes asasinaron dúas mulleres no noso país. *(Murmurios.)* ¿Non é verdade, señora Prado? ¿Non as asasinaron? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non asasinaron dúas mulleres por violencia machista neste país? ¡É que o negacionismo da extrema dereita está nas filas do Partido Popular! *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¡Señor Rueda, por favor! ¡Señor Rueda! ¡É que é insoportable o que temos que aguantar neste Parlamento! *(Aplausos.)* Tres asasinatos machistas nos últimos dous meses, dous deles en quince días. Se fosen futbolistas en vez de mulleres, ¿non solicitarían un comité de crise? *(Murmurios.)* *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Si, si, claro...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Claro que reclamarían un comité de crise.

Señor Rueda, rectifique.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pídolle que convoque ese comité de crise onde estean todas as administracións con dous obxectivos: o primeiro, revisar que está fallando na protección das mulleres que denuncian violencia machista; e, en segundo lugar, tomar medidas extraordinarias, porque estamos entrando nos meses de verán, que todas as estatísticas e todos os expertos nos din que son meses críticos.

Reforcen a protección...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: ...da vida das mulleres. ¡É que estamos falando da vida das mulleres, señor Rueda...!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: É moi grave.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: Non frivolicie e tome decisións. *(Aplausos.)*

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora Pontón.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

Déanlle voz ao escano do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si.

«Non frivolicie», di a señora Pontón. Non frivolicie... Mire, señora Pontón, xa que non respecta a ninguén desta bancada, nin aos que nos dan a súa confianza; xa que non respecta —e non vou ir a casos que xa foron falados respecto da súa covardía para condenar críticas machistas de xente do seu partido— as mulleres do meu partido, polo menos, respéctese a si mesma.

Ou sexa que —e esta frase vaina perseguir durante moito tempo— se tivesen asasinado dous futbolistas, teríamos feito un comité de crise. Iso non é frivolar, iso é poñerse en ridículo, ¡en ridículo, señora Pontón!, ¡en ridículo! *(Aplausos.)*

Mire, para que eu me enfadase coas cousas, cos disparates que lle acabo de escoitar dicir, tería que tomala, por desgraza, máis en serio do que a tomo, sobre todo cando fala destes temas.

É moi duro escoitalle dicir que a nós nos dan igual e que normalizamos todo isto; que non nos preocupa que haxa asasinatos machistas. Todo iso díxoo vostede. Mire, se non o cre, non hai dereito a que o diga; e, se o cre, non hai dereito a que estea aí sentada, señora Pontón, sinceramente. *(Aplausos.)* Mire, eu prefiro... Xa sabemos que vostede é unha catedrática para dar leccións de todo, e nisto, por algunha estraña razón, crese investida dunha especial autoridade para darnos leccións a nós sobre este tema.

Mire, no ano 2003, Manuel Fraga, do que vostedes dixeron todos os disparates que está no dicionario, xa aprobou —un dos seus gobernos— a primeira Lei de igualdade, porque tamén ten iso que ver, xa que iso está na raíz moitas veces de condutas machistas. E, dende entón, avanzamos moito. Dende o 2013 a Xunta persónase en todos os procesos penais cando hai un asasinato machista; dende o 2014 teñen o Observatorio contra a Violencia Machista, hai un centro de recuperación integral funcionando aquí, en Santiago; dende o 2016 hai programas de inserción laboral para vítimas de violencia machista; e dende o 2019 axudas ao alugueiro



para estas vítimas e para as súas familias. Dende hai moitos anos —e iso foi, é certo, na época do Goberno bipartito, pero sempre o recoñecemos, e despois mantivémolo, e somos a única comunidade autónoma que o fai— damos axudas periódicas ás vítimas de violencia machista.

Están funcionando dende hai uns meses cinco centros 24 horas; cinco centros de crise contra a violencia machista. Multiplicamos por catro os fondos que vostedes adicaban. Non é só cuestión de recursos, pero tamén de recursos e, se o é, aí o ten, multiplicados por catro os fondos que vostedes adicaban. Polo tanto, señora Pontón, leccións, ningunha.

¿Quere falar de cifras? 1.450 delincuentes sexuais beneficiados pola Lei do «só si é si», que vostede aplaude coas orellas sempre que ten ocasión, señora Pontón, ¡sempre que ten ocasión! (Aplausos.) 126 na rúa.

Así que, señora Pontón, con todos os respectos ¿vostede de que vai? Non lle aceptamos este sectarismo, non lle aceptamos estes disparates e esta falta de respecto nin o meu grupo, nin eu mesmo, nin tantos e tantos centos de miles de galegos que nos dan a súa confianza.

¿Sabe no que hai unha enorme diferenza —remato xa, señor presidente— entre vostede e eu, entre moitos dos que os apoian e moitos dos que nos apoian a nós? Mire, eu teño claro que ese inmenso caudal de confianza que me deron os galegos ten unha serie de encomendas principais, e das que tomo máis en serio, unha delas, se non é a que máis, é acabar coa violencia machista; é chegar ao soño de que algunha vez poidamos dicir que xa non vai haber máis asasinatos, que non vai haber condutas machistas. Iso téño clarísimo. ¿Sabe cal é a enorme diferenza? Que vostede, pase o que pase, diga o que diga, solte os disparates que solte, vai seguir sempre apoiando un goberno que, con diñeiro público, se repartía mulleres como se fosen mercancía. Iso é o que vostedes apoian.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, e quero tamén saudar os membros da Asociación de Enfermidades Renais, que hoxe visita o Parlamento, e que asisten a esta declaración institucional, que di:

«A enfermidade renal crónica é un problema de saúde pública de crecente importancia en Galicia, en España e no mundo, pois afecta un número cada vez maior de cidadáns e cidadás. Estímase que aproximadamente unha persoa de cada sete galegas e galegos padece algún grao de enfermidade renal crónica, e son máis de catro mil os que requiren tratamento renal substitutivo como a diálise ou o transplante na nosa comunidade.

A natureza silenciosa e progresiva da enfermidade renal crónica fai que a detección temperá desta doenza sexa crucial para previr as comorbilidades asociadas á enfermidade renal e á progresión desta a estadios máis graves, resultando tamén unha mellora da calidade de vida.



Consciente da importancia da saúde renal e do impacto da enfermidade renal crónica na poboación, o Parlamento de Galicia declara:

1. Compromiso coa prevención. Promover campañas anuais de concienciación e educación sobre a saúde renal dirixidas á poboación xeral e aos grupos de risco. Para tal efecto, o Día Mundial do Ril, en marzo de cada ano, podería ser o eixo central de cada campaña.
2. Prevención e detección temperá. A saúde renal non só impacta na progresión da enfermidade renal, senón tamén na saúde doutros órganos do sistema cardiovascular. De aí que sexa importante e crucial o seu tratamento precoz para previr estas complicacións e para retardar a progresión da enfermidade.
3. Apoio social e acceso a tratamentos de modo individual. O apoio psicosocial e laboral ás persoas con enfermidade renal crónica e ás terapias renais substitutivas, como diálise, hemodiálise domiciliar e diálise peritoneal e transplante renal, incluíndo a doazón de vivo, son imprescindibles para os doentes con enfermidade renal crónica para que poidan manter un proxecto de vida de calidade.
4. Colaboración institucional. Promover a colaboración entre as institucións sanitarias, as asociacións de persoas con enfermidade renal crónica, os profesionais da saúde e a sociedade en xeral para abordar de maneira integral a enfermidade renal crónica en Galicia. O apoio ás asociacións de persoas con enfermidade renal crónica, mediante acordos de colaboración, é unha ferramenta que promoverá unha mellor saúde renal en Galicia.
5. Investigación e innovación. Apoio á investigación e á innovación no campo da nefroloxía, co obxectivo de desenvolver novas terapias e de mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade renal crónica. O Plan de atención integral á persoa con enfermidade renal crónica é unha ferramenta aínda por desenvolver en Galicia.
6. Reforzar a presenza da nefroloxía. Fomentar a visibilidade e o protagonismo da nefroloxía na asistencia sanitaria e na sociedade en xeral como eixo central para acadar estes obxectivos.

O Parlamento de Galicia fai un chamamento á cidadanía, aos profesionais da saúde e do social, ás institucións públicas e ás entidades privadas para que se unan aos esforzos na prevención, a detección e o tratamento da enfermidade renal crónica, co obxectivo de mellorar a saúde e a calidade de vida das galegas e dos galegos.

«Coida os teus riles, coida a túa vida» é un lema que nos lembra a importancia da saúde renal e a necesidade de actuarmos de maneira proactiva para previr e combater a enfermidade renal crónica.

O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso con esta causa e convida toda a sociedade a se sumar a este esforzo colectivo.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2025. *(Apróbase por asentimento.)*



Moitas grazas. (Aplausos.)

Continuamos coa orde do día.

Retomamos o punto 5º, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e Dª María Cristina Fernández Davila, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGTBI nos centros de ensino

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1º- Seguir avanzando no desenvolvemento do Plan integral contra o acoso e o ciberacoso co obxectivo de mellorar as ferramentas de detección e actuación contra calquera conduta contraria á convivencia no centro, incluídas ás persoas LGTBI.

2º- Mellorar as ferramentas que permitan coñecer a situación das persoas LGTBI nos centros educativos no marco da Enquisa de Convivencia que se presentará no curso 2025/26 mediante a implementación de ferramentas cun enfoque específico.

3º- Continuar formando ao profesorado en cuestións sobre a mellora da convivencia e a coeducación, mediante o Plan Anual de Formación do Profesorado; e ofrecer formación nestes aspectos ás familias a través das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS).

4º-Favorecer o desenvolvemento de programas e proxectos centrados na igualdade das persoas dentro centros educativos, tendo en conta que os currículos educativos xa contemplan de xeito transversal a inclusión da realidade LGTBI, o que permite normalizar e visibilizar a diversidade afectivo sexual en todas as etapas educativas.

5º- Dar cumprimento ao recollido na lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI».)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Bo día.



Grazas, presidente.

Quero saudar a Asociación de Pacientes con Enfermidade Renal, as veciñas da Piringalla e as demais asistentes a este pleno.

Imos seguir falando de igualdade despois da indecencia, da indignidade e do noxo absoluto da resposta que o presidente da Xunta ten despois de dous feminicidios e de tres intentos de asasinato nas últimas semanas (*Aplausos.*) e despois de acubillar un colega denunciado por violencia sexual durante meses. É que é absoluto noxo o que desprende a súa resposta e, sobre todo, o coro que ás veces o acompaña. (*Aplausos.*)

Van dous anos desde a publicación do traballo *Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza*, do Foro de Identidades e Diversidades Sexuais do Consello da Cultura Galega; dous anos desde que se fixeron públicos datos tan graves como que as organizacións LGBT galegas consideran de xeito case unánime que os centros de ensino non son espazos seguros para as persoas LGBT. Hai un ano que Agareso fixo público o estudo que desenvolveu Estrella Ramil Paz tamén sobre a situación das persoas LGBT no ensino galego e ten esa mesma conclusión: que as aulas non son espazos seguros. O 81 por cento do alumnado LGBT que respondeu a enquisa sufriu nalgún momento unha agresión. O 69 por cento do profesorado presentou algunha agresión contra persoas LGBT. No caso de presenciaren unha agresión e detectala como tal —que non sempre sucede—, só o 46 por cento do alumnado interviría para defender as súas compañeiras, pero un 5 por cento recoñece que se uniría a esas agresións verbais.

Mais, ¿cal é o contexto no que estamos? Ilga-Europe fixo público hai un mes o *Rainbow map*, que desglosa a situación a nivel europeo ao longo deste pasado ano 2024. Cito textualmente a súa análise: «A prohibición húngara dos elementos do orgullo e a criminalización de quen participe, a Sentenza do Tribunal Supremo do Reino Unido que restrinxen o recoñecemento legal das persoas trans e a prohibición xeneralizada de Xeorxia de toda forma de representación e reunión LGBT non son incidentes illados, son só os exemplos máis contundentes dunha tendencia máis ampla na que os dereitos humanos, e os dereitos LGTB en consecuencia, se están a desmantelar sistematicamente co pretexto de preservar a orde pública. En realidade, estas medidas facilitan o camiño para restricións radicais das liberdades fundamentais, incluídos os dereitos á protesta e á disidencia política». É dicir, o que organizacións de todo tipo veñen denunciando desde hai tempo: que a LGBTfobia e que a transfobia son só a primeira peza dun dominó que busca o retroceso da sociedade a todos os niveis. A Federación Estatal de persoas LGBT alerta no seu informe do *Estado del odio de 2025* do incremento de episodios de agresións físicas e verbais e da discriminación. No último ano, un 20 por cento das persoas LGBT sufriu acoso, un 25,5 por cento, discriminación e un 16,25 por cento, unha agresión física ou verbal. É alarmante, precisamente, o incremento destas agresións físicas e verbais, pois desde o ano anterior incrementábase nun 9,45 por cento. E alerta esta Federación estatal precisamente de que o 16,92 por cento das agresións físicas ou verbais teñen lugar nos centros de ensino, só superadas polas que acontecen na rúa.

Todo isto, ademais, nun contexto no que sabemos que existen moitas máis agresións das que se denuncian e que as taxas de infradenuncia son algo sobre o que veñen alertando todo



tipo de órganos, desde a Axencia Europea para os Dereitos Humanos ata o Ministerio do Interior. É dicir, partiamos dunha situación que era preocupante, tamén nos centros de ensino, pero é que vemos como cada vez imos a peor. Precisamente a enquisa desenvolvida polo Concello de Pontevedra, dentro do programa Pinto e Maragota, constata isto. Esta é unha enquisa que desenvolve o Concello de Pontevedra ante a falta dunha análise maior por parte do Goberno galego. E aínda que non ten un valor demoscópico, porque é unha mostra moi reducida, si que permite extraer algunha conclusión sobre o que está a acontecer nos centros de ensino. Son enquisas que se realizaron no ano 2019, que se volveron repetir no ano 2024 —é dicir, cinco anos máis tarde— e que conclúen o mesmo: que máis da metade das persoas non considera que as aulas sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Mais non só iso, senón que amosa as tendencias. Aínda que a resposta maioritaria continúa a ser que non, a porcentaxe de persoas que responden que ser trans si que é unha enfermidade duplicouse nestes cinco anos. E unha porcentaxe que tamén variou foi a de persoas que responden a respecto de se a homosexualidade se pode tratar cunha terapia axeitada.

Este estudo, ademais, permitiulles ás persoas enquisadas deixarles algún comentario ou valoración, e tráíolles unha pequena mostra do que alí se dixo: «*Tienen que tener algún problema mental o deficiencia, porque, si nacimos para procrear, no tiene sentido que de repente digan: no, yo soy gay y todo ese percal. Dios hizo a la mujer para el hombre y al hombre para la mujer. Si necesitas un aparato reproductor masculino eres hombre y viceversa. Quien piense lo contrario necesita ayuda profesional. ¿Cómo un hombre con polla va a sentir que tiene una vagina? Todo aquello que no es normal es una enfermedad mental, porque es fomentar que una enfermedad mental o deficiencia genética sigue en auge en vez de ser tratada como debería ser. Es totalmente irrelevante a las materias impartidas. En los centros se debe impartir conocimiento, no doctrina o agenda. Dichos temas pertenecen al individuo, no al centro, y mucho menos al resto del alumnado. No asistimos a clases para que nos inculquen agendas políticas que pretenden hacer parecer una minoría como un grupo lo suficientemente notorio como para tener que modificar nuestras formas por ellos*». Están lidos en castelán porque foi así como estas persoas o deixaron nas enquisas. E é curioso porque este último comentario tamén ten certas semellanzas con algún outro artigo publicado por parte do subdirector xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo. ¿Será logo que esta é a neutralidade ideolóxica da Consellería de Educación? (Aplausos.) ¿Será neutralidade ideolóxica considerar que a igualdade é unha doutrina ou unha axenda política?

Desde o BNG consideramos que a situación xa é suficientemente alarmante como para actuar de xeito decidido. Por iso traemos esta iniciativa, que o que pretende é que as aulas deixen de ser espazos que non son seguros para as persoas LGBT, sexan parte do alumnado ou sexan persoal traballador. Demandamos, en primeiro lugar, que a Xunta de Galiza faga un estudo amplo e serio da situación dos centros de ensino, ao igual que está a facer o Concello de Pontevedra, pero en todo o país. E formación para o alumnado, para o profesorado e para o persoal non docente; formación para termos persoas libres e persoas en igualdade. Tamén demandamos a creación da figura de responsable da diversidade sexual e de xénero e o desenvolvemento dunha guía para actuar ante a LGBTfobia nos centros de ensino. E un último punto, que non debería ser preciso incluír: que a Xunta de Galiza dea cumprimento inmediato —coa ironía que poida ter «de inmediato»— á Lei de 2014. Van once anos desde que se aprobou esta lei e aínda está sen acabar de desenvolver.



Cuestións todas estas que non son un mero capricho do BNG. Son, precisamente, demandas dos colectivos e recomendacións recollidas polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais. Agardamos polo posicionamento dos demais grupos para ver se por fin podemos avanzar en igualdade ou se este goberno vai seguir ancorado mentres que a LGTfobia avanza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Pois ben, unha vez máis, o BNG chega a este Parlamento para tentar darnos leccións sobre igualdade, diversidade e educación, pero, claro, como tantas veces, esquecen a realidade e prefiren vivir no relato; un relato manipulado, interesado e cada vez máis afastado do que acontece nos centros educativos de Galicia.

Veñen falar dunha escola intolerante, dunha Xunta que non actúa e dun profesorado alleo á diversidade. E fano non porque sexa verdade, senón porque necesitan crear un conflito permanente. ¿Por que? Para manter o seu discurso político, porque se algo define a súa estratexia é a imposición ideolóxica, a polarización e, como estamos a ver, mesmo o sinalamento de persoas por razón das súas ideas. (*Aplausos.*)

Quero deixar clara unha cousa: a educación en Galicia non é nin será nunca un espazo de adoutramento. Galicia cre na pluralidade, na liberdade e no respecto, e por iso defendemos como principio básico do ensino a neutralidade ideolóxica. ¿Un valor educativo? Si, pero tamén é un valor democrático. Esquecen que Galicia foi pioneira en aprobar unha lei contra a discriminación das persoas LGTBI no ano 2014, cun goberno do Partido Popular; si, co Goberno do Partido Popular de Galicia. Non lles gusta recoñecelo, pero Galicia é hoxe un referente en políticas de igualdade, grazas a medidas serias, traballadas e aplicadas tanto dende a Consellería de Educación como dende a de Igualdade. Contamos cun sistema educativo que aposta pola inclusión, o respecto e a convivencia, e así o reflicte o Informe de diagnose da convivencia 2023, baseado en 43 millóns de datos de 172.000 persoas, que conclúe que máis do 90 por cento do alumnado considera que os seus centros son espazos inclusivos —repito, que máis do 90 por cento do alumnado considera que os seus centros son espazos inclusivos—, pero vostedes prefiren negar a realidade porque non encaixa coa súa estratexia.

E voules falar de medidas concretas como a formación curricular, con contidos específicos sobre diversidade sexual en todas as etapas; con servizos como Quérote máis, que chega a máis de 22.000 persoas no 2024; e con 544 obradoiros, formación ao profesorado, ás familias e aos mozos. E coñezo ben este servizo e os seus excelentes profesionais, cos que tiveron a oportunidade de traballar man a man hai algúns anos. Tamén se creou a figura de coordinadores de benestar e convivencia en todos os centros, así como equipos de actuación contra o acoso escolar. E tamén a formación continua do profesorado, con máis de 3.000 actividades dende 2009, e con 8.000 docentes participantes por curso.



E seguimos avanzando, avanzando con novas ferramentas de detección, cun plan de igualdade transversal, coa Estratexia galega de inclusión educativa e coa execución do Plan Mega. E non, señorías, Galicia non adoutrina, Galicia educa, Galicia forma e Galicia guía. E si, tamén deixamos claro que a liberdade de cátedra non pode ser escusa para converter a aula nun púlpito ideolóxico. A liberdade de cátedra é compatible coa neutralidade, coa responsabilidade e coa coordinación académica. Porque non se trata de calar o profesorado, senón de asegurar que ninguén impón o seu marco ideolóxico por riba dos dereitos do alumnado. Formamos cidadáns libres, críticos, informados e responsables, non formamos militantes.

A nosa proposta, a proposta do Grupo Popular, é clara: pensamento crítico fronte a pensamento único; pluralismo social fronte a imposición; valores universais fronte a postulados de parte. E por iso tamén denunciámos con contundencia o sinalamento que está facendo o nacionalismo; o sinalamento dun funcionario de Inspección por artigos publicados no seu blog persoal hai un lote de anos; un funcionario de carreira con vinte e cinco anos de servizo... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* —estou falando eu; digo que estou falando eu neste momento—. Continúo: ...un funcionario de carreira con vinte e cinco anos de servizo e con praza obtida por dobre oposición. E repito: son artigos publicados no seu blog persoal. Acúsano non polo seu traballo, senón pola súa opinión. E isto é gravísimo, pero moi grave, gravísimo. *(Aplausos.)* Iso díe e faino a mesma forza política que di defender a diversidade e a liberdade; a que hoxe pretende destituír persoas por pensar distinto. E iso si que revela o que entenden vostedes por igualdade: igualdade só para os que pensan coma vostedes. *(Aplausos.)* Pero nós defendemos a liberdade tamén para os que discrepan, para os que discrepan co noso grupo. Por iso non aceptamos leccións por parte de quen promove, censura e é control ideolóxico do ensino.

E despois, se falamos de incoherencias, o que está a facer o PSOE no Goberno de España é o maior esperpento e a maior vergoña da nosa democracia. Temos o presidente acorralado por casos de corrupción, que ademais tamén insulta as súas ministras. Por exemplo, vou ensinar algo que saíu nun medio de comunicación o pasado 4 de marzo de 2025. *(A señora Vázquez Suárez mostra un documento.)* Isto é do que se poden sentir orgullosos e orgullosas no Partido Socialista. ¿E que fai o PSdeG? Aplaudirlle, recibir o ditado e tratar de arrinconar tamén os xuíces. Vou citar textualmente as declaracións dunha xuíza, a xuíza De Lara, que di: «*Afirmar que la señora Candia actuó en connivencia con una juez no sólo es extremadamente grave, pues supone imputar un delito de prevaricación, sino que resulta sumamente temerario*». ¿E quen lle dá apoio? O BNG; ese mesmo BNG que di loitar pola ética e a dignidade e despois cala e di que «*poco a poco ya iremos viendo lo que hacemos*».

Pois ben, nós pensamos que xa é hora de escoller: ou están coa educación plural, libre e neutral ou están co sectarismo; ou están coa ética ou están coa corrupción; ou están co benestar da sociedade galega ou están co espectáculo permanente. Nós témolo claro: defendemos unha escola galega referente, defendemos a neutralidade ideolóxica, defendemos o dereito de cada neno e nena a formarse sen doutrinas e sen dogmas e, por suposto, sen medo. E, señorías, ningún paso atrás na diversidade sexual, na liberdade educativa, na neutralidade das aulas e na democracia, porque para nós educar é formar para decidir, non para obedecer.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (Pausa.) (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Bos días.

Grazas, presidente.

Señora Pérez, mire, por se non queda claro despois cando fale do meu tema... ¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non escoito.... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah, vale! Por se non lle queda claro e por se despois teño que falar aquí deste tema: nós ratificamos que a señora Candia estivo implicada en emporcar o señor Gómez Besteiro, fíxoo. E volto dicirlle outra cuestión: o señor Feijóo era amigo dun narco, que era Marcial Dorado, aínda que, como di un amigo meu, creo que estamos sendo inxustos con esta afirmación, porque, ata onde sabemos, o señor Marcial Dorado quere rehabilitarse e o señor Feijóo segue aínda sen pedir perdón por esas cuestións. (Aplausos.) (Murmurios.) ¡É así! ¡É así! O señor Marcial Dorado creo que se quere rehabilitar e o fillo tamén, que era o amigo do señor Feijóo.

Dito isto, se me permiten, como aquí vimos falar, precisamente, tal e como se comentou aquí, de cuestións graves que se están a cometer contra o colectivo LGTBI, eu quero facer aquí —aínda que pareza que non ten moito que ver, pero si que vai ter que ver— mención e facer unhas lecturas e despois continuamos con esta cuestión. A lectura é a seguinte: «La ley fue votada y aprobada. A partir de aquel momento comprendimos que nuestra victoria ya no era nuestra, sino de toda la sociedad. Ganaba la valentía frente al miedo, la responsabilidad frente a la crispación y la imaginación frente a la intolerancia. Era, sin duda, el mejor de los triunfos posibles. La ley no iba contra nadie, por eso no habrá ni vencedores ni derrotados; todas y todos seremos más libres e iguales». Isto escribiuno Pedro Zerolo nun artigo publicado no número de xullo-agosto do ano 2005 na revista *El Socialista*.

Aí comezaba o camiño, aínda que o camiño comezou o 30 de xuño de 2005 cando o presidente José Luis Rodríguez Zapatero subiu ao estrado do Congreso para defender algo que desde o Partido Popular non aceptaban e desde a igrexa, por suposto, non aceptaban; saíron os bispos, saíron vostedes, como fan sempre... E dicía o presidente Zapatero: «Esta ley no engendrará ningún mal. Su única consecuencia será el ahorro de sufrimiento inútil de seres humanos, y una sociedad que ahorra sufrimiento inútil a sus miembros es una sociedad mejor». Esta foi a lei —do ano 2005— do matrimonio igualitario. Vostedes recorrérona... —bueno, vostedes votaron en contra, excepto a súa compañeira Celia Villalobos, que sempre foi un verso libre dentro do seu partido—... Vostedes recorreron a lei, levárona ao Constitucional, fixeron manifestacións —aqueles que teñan un pouco de anos ou un pouco de memoria acordaranse— e finalmente, no ano 2012, o Constitucional deuna por boa, e tiveron a sorte de que o seu compañeiro, o señor Maroto, casara co seu marido, no ano 2015, en setembro de 2015 —vai facer dez anos—. En setembro, recorden felicitar o señor Maroto porque xa levará dez anos casado. Iso quere dicir que cando este país, de



mandos socialistas, simplemente permitiu unha serie de valores e unha serie de obxectivos que fixesen a vida dos seres humanos máis fácil, máis libre, máis igualitaria e máis útil, vostedes estiveron en contra.

É verdade que despois se botan para atrás. Creo recordar unha frase do seu compañeiro Mariano Rajoy, que dicía que lle parecía imposible que dous homes puidesen educar un neno. Claro, visto agora, un empeza a pensar como é posible que ás veces teñamos este tipo de dirixentes, pero é así. Quero dicir que vostedes en varios momentos da súa vida, da súa vida política, votaron en contra e foron en contra dese tipo de leis que nos fan, como digo sempre, máis iguais e máis libres. É verdade que despois imos evolucionando. Pero vostedes traen aquí ao Parlamento —e apróbase aquí— unha lei absolutamente descafeinada, sobre todo o tratamento LGTBI, e, é verdade —cousa que xa se dixo aquí, porque isto é un clásico popular—, aquí vimos ano tras ano, nestas datas, a reivindicar o que supostamente non temos que reivindicar porque está recollido nunha lei, pero vostedes descafeinan esta lei e veñen aquí ano tras ano a reivindicar algo moi sinxelo. Por favor, non permitan que nas escolas os nenos sigan sufrindo *bullying*, non permitan que os nenos LGTBI —ou non LGTBI, dáme igual a súa orientación sexual— sigan sufrindo *bullying*. Por favor, formen o profesorado, porque esta cuestión é voluntaria na súa formación. Invistan diñeiro neste tipo de cuestións, porque simplemente é facer unha mellor educación, e non estamos falando xa de algo no que teñan que ir votar en contra. Xa o aprobaron, xa o recorreron...; é máis, xa o desfrutaron. Entón, fagan agora que a vida dos que veñen e teñen ese camiño por facer sexa mellor.

Mire, a escravitude nos Estados Unidos aboliuse eu creo que foi no ano 1863. Vexan as consecuencias dunha escravitude. É dicir, hai unha lei que prohibía a escravitude. Ben, todos sabemos o que pasou coa xente de color durante moitísimos anos e segue a acontecer, pero todos sabemos tamén como foi realmente a implantación desa lei. Pois isto é exactamente igual. É verdade que aquí hai estudos, como ese do que falabamos agora —que o levou a miña compañeira Paloma Castro—, no Concello de Pontevedra, Pinto e Maragota, nos que se fala, precisamente, de estudar eses casos. Naquel caso foron máis de mil casos os que foron estudados para determinar os comportamentos de *bullying* neste tipo de campañas en contra das persoas LGTBI na educación. É algo tan sinxelo que puido abordalo un concello, o de Pontevedra. ¿Como non vai poder abordalo a Xunta de Galicia?, ¿como non imos poder implantar, dentro da educación pública, un estudo que nos avalíe —xa que non se fían vostedes deste tipo de enquisas que se traen aquí— nos colexios públicos o que está a acontecer e que todos sabemos que está a acontecer? Pero non é só no colexio público, é na rúa. Non fai falta ser un lince para darse conta de comentarios deste tipo que acotío están a acontecer.

Entón, hai que ter fe no que se aproba, incluso no que non se aproba. Ben, volto repetir: feliciten o seu compañeiro, a Maroto, no mes de setembro, que levará dez anos casado. Entón, hai que ter fe en practicamente todo o que nos traen as leis, o que pasa é que aquí temos o feo costume de poñer no papel cousas que despois deixamos aí ao *albur de los dioses*.

Tamén é verdade que hai outra cuestión: fagan vostedes honor a esta Cámara, porque a aprobaron aquí. Entón, tamén pode dicirse que o traballo que vimos facer aquí non vale nada máis que para ternos entretidos, como diría Chomsky, que é unha estratexia de dispersión e, sobre todo, de manipulación.



Nós apoiaremos, evidentemente, a moción do Bloque Nacionalista, e eu espero que vostedes, nalgún momento das súas vidas políticas —quédannos aínda case tres anos de aquí a que sexan as próximas eleccións—, polo menos o ano que vén, non teñamos que estar aquí outra vez repetindo esta cuestión, que non é máis que outra cousa: facer mellor a vida das persoas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da proposición non de lei, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Señora Vázquez, eu non veño aquí darlle leccións a vostede, nin a vostede nin a ningún dos deputados do Partido Popular, non é o meu traballo. Eu ao que veño aquí é a defender medidas para mellorar a realidade da sociedade galega, e, no concreto desta iniciativa, das persoas LGBT. Vostede, cando preparou esta iniciativa, ¿tivo un momento para ler algún dos estudos que nomeei —que foron varios— ou para preocuparse e falar con algunha organización LGBT, ou incluso con persoas LGBT que están no ensino? ¿Tivo algún momento, en todo ese maremágnum de cousas que dixo, desde a educación aos centros Quérote, á corrupción do PSOE ou á invención do universo, para preocuparse de cal é a realidade do colectivo LGBT nos centros de ensino galegos, de como está o colectivo LGBT nos centros de ensino galegos? (*Aplausos.*)

Para comezar, simplemente unha cuestión. Eu non lle vou dar leccións a vostede; agora ben, tampouco vou aturar leccións dun grupo que ten deputados que veñen a esta mesma tribuna a facer bromas e chistes co número 5 e coas rima que ten, porque isto pasou neste Parlamento. Tampouco vou aturar leccións de quen considera —non, non, non, non se dean por aludidos, iso é cousa pasada— que falar da igualdade das persoas LGBT é adoutrinado, porque iso a retrata máis a vostede ca a min.

Vén vostede aquí presumir de que somos referentes. ¿Referentes de que?, ¿dunha Lei do 2014 que xa daquela nacía cativa e que no día de hoxe está desactualizada?, ¿dunha lei que vostedes non cumpren? De feito, chamoume a atención que na súa emenda, á parte de desvirtuar completamente o contido da parte propositiva, lle molestalle no último punto a palabra «inmediato: «que se dea cumprimento inmediato á Lei de 2014». ¿Fai falta tempo?, ¿máis tempo aínda para cumprir unha lei que se aprobou hai once anos? (*Aplausos.*) ¿De que somos referentes?, ¿do veto do Partido Popular á Lei galega de identidade de xénero no 2017?, ¿do desmantelamento que o Partido Popular fixo dos centros Quérote tan pronto volveu ao Goberno da Xunta? ¿De que somos referentes?, ¿do protocolo de identidade de xénero que a Consellería de Educación ten paralizado desde hai tempo? ¿De que ferramentas me fala vostede?, ¿das que se queixa o profesorado que non ten para combater a LGTBfobia no ensino? ¿Diso é do que temos que presumir? ¿Iso é do que somos referentes?

Fala vostede de censura, de control ideolóxico, ¿precisamente como sucede nos centros de ensino cada vez que o alumnado se manifesta e se posiciona sobre algo que a vostedes non



lles gusta? ¿Ou como ese control que existe nos centros de ensino cando o alumnado di que non lle gusta Altri, ou como cando o ano pasado se intentou censurar a actividade dun docente a respecto do Día contra a LGBTfobia? ¿Esa é a censura que non lles gusta ou é a que promoven? ¿Cal é a neutralidade ideolóxica do seu grupo, señora Vázquez? (Aplausos.) Porque eu quedo con Desmond Tutu: quen escolle a neutralidade nunha situación de xustiza posiciónase do lado do agresor, e iso é o que están facendo vostedes de xeito continuado e reiterado.

E remato xa. Para nós rematar coa violencia machista, coa LGTBfobia, nin é un sono nin é un soño; para nós é un obxectivo claro e decidido.

Non imos aceptar, por suposto, esta emenda, que ao único que vén é a botarse flores sobre algo que debería darlles vergoña. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona Noelia Pérez.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin as do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de residencia e de traballo para migrantes...

(A señora Rodríguez Dacosta pide a palabra.)

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben. En todo caso, o que se aproba é a proposición cunha autoemenda realizada polo Partido Popular na que se exclúen os permisos de residencia, e iso ten que constar na votación.

O señor PRESIDENTE: Non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora Castro Rey: Claro, ten que pronunciarse; se non, o sentido varía.)

Non, pero, realmente, ¿que é o que me pregunta?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Non, non pregunto. Eu, neste momento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Un momento, por favor.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...se me queren..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Un momento.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Señora Paula Prado, non sei por que se pon tan nerviosa.

O señor PRESIDENTE: Con tranquilidade. Imos pórnos tranquilos.

Vostede pide a palabra por un artigo do Regulamento, que é para clarificar que é o que se vai votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Señor presidente, cando deu lectura ao primeiro punto, no que di que «se somete á aprobación a iniciativa», a proposición non de lei do Partido Popular, para a aprobación da transferencia de permisos de traballo e de residencia...

O señor PRESIDENTE: Si, é como está redactada.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, pois iso non está ben porque o Partido Popular presentou... *(Protestas.)* ¡Pero me queren escoitar! *(Murmurios.)* Presidente, ¿pode pór...? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Eu xa sei a onde quere chegar vostede.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben.

O señor PRESIDENTE: Iso é fácil, porque vostede o que está preguntando é que, se hai unha autoemenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular...,

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Exactamente.

O señor PRESIDENTE: ...que é o que realmente se vai votar...

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: É o que queremos votar.

O señor PRESIDENTE: ¡Home!, se hai unha autoemenda, e emendouse o grupo, vaise votar a autoemenda.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, pero, entón, non ten que dicir —entendo eu— que aprobamos os permisos de residencia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Eu xa dixen que non se aceptaban as súas emendas, pero a emenda, que foi anunciada no seu día, de substitución, é a do propio Grupo Parlamentario Popular, que dou por feito que a acepta, por iso a presenta. Entón, o que se vota é... *(Murmurios.)* Correcto. *(Murmurios.)*



Entón, ¿votaremos? (*Murmurios.*) (*Algúns deputados e deputadas: Si.*) ¿E votou todo o mundo, non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por unanimidade? (*Murmurios.*)

¡Ah!, repetimos ¡Non hai problema ningún! (*Murmurios.*) Repetimos a votación. Tranquilos. Eu vira que votara todo o mundo, por unanimidade.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reclame a transferencia das competencias en materia de residencia e de traballo para migrantes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Elena Espinosa.

E aquí vou explicar que hai tamén unha autoemenda de substitución. Foi solicitada a votación por puntos do Grupo Parlamentario Popular, e vótalle a favor un e o outro non lle vota a favor, que é o que inclúe a emenda de substitución. É así. Entón, isto é o que imos votar. Pois adiante, votemos. (*Murmurios.*)

(*Un señor deputado: ¿Que votamos?*)

Votamos o que separou ela, o punto primeiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa o dixeran: votación por puntos, son dous puntos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental... (Murmurios.)

Alguén non votou. Hai que repetir a votación, faltou moita xente por votar. (*Pausa.*) Un momento. Bueno, a ver, repetimos. Punto primeiro.

Votamos.

Votación do punto 1º do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto primeiro por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o segundo punto.

Votamos.

Votación do punto 2º do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Elena Espinosa Mangana e Dª Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este segundo punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, a través da súa deputada dona Lara Méndez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da recuperación da Área Sanitaria da Mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Julio García Comesaña.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista nin as do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Julio García Comesaña e trece deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno de España en relación coa protección ambiental e posta en valor do río Miño no seu treito internacional.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Taibo.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que pida desculpas pola organización dunha recepción ao representante da Embaixada de Israel, tendo en conta a situación en Palestina.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Cristina Fernández Davila, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de avanzar na igualdade de trato do colectivo LGBT nos centros de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E continuamos co punto sexto da orde do día, interpelacións.



Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día tamén e benvida, conselleira de Política Social e Igualdade.

Eu, se me permiten, vou facer unha reflexión previa a respecto do que vivimos hoxe pola mañá na sesión de control e que ten a ver moito tamén co tema que imos falar hoxe, porque matan dúas mulleres en quince días neste país e vén aquí o presidente da Xunta ao Parlamento facerse a vítima el —já unha cousa bastante surrealista!— e, ademais, queixarse de que o Bloque Nacionalista Galego pregunte sobre violencia machista no marco dese recruecemento da violencia que sufrimos as mulleres, coma se lle molestase que viñésemos falar aquí do que estamos sufrindo polo simple feito de sermos mulleres, pola violación máis básica dos nosos dereitos humanos. E eu digo: é que se non preguntase o Bloque Nacionalista Galego sobre esta cuestión aquí, nin sequera o Pleno do Parlamento de Galiza falaría de que mataron tres mulleres en dous meses, (*Aplausos.*) e estamos vendo cada día intentos de asasinato que deixan a mulleres mutiladas no noso país. (*Aplausos.*)

Eu preguntolle tamén, conselleira —a vostede, que é a responsable de Igualdade do Goberno da Xunta de Galiza—, se o que está acontecendo no contexto do recruecemento da violencia machista e do machismo non a convidan nin sequera a solicitar, por exemplo, comparecer *motu proprio* —a iniciativa propia— nesta Cámara para que abordemos, para que falemos e para que reflexionemos os grupos sobre o que está acontecendo neste país. Non sei se a pasividade que levou ao Partido Popular a tapar durante catro meses unha denuncia por agresión sexual contra un conselleiro é a mesma pasividade que vai operar agora sobre todas estas cuestións, ou se é esa neutralidade ideolóxica da que saca peito o Partido Popular o que vai é impoñer o silencio máis absoluto sobre a violencia machista neste país.

Teñen a obriga de actuar, non é unha decisión ou unha opinión; teñen a obriga legal de actuar e de defender os dereitos máis básicos das mulleres galegas, adoptando medidas extraordinarias sobre unha violencia que é insoportable, ¡insoportable!, e que non podemos normalizar nunca, como ben denunciou a portavoz nacional do BNG hoxe pola mañá.

E nesa infame resposta na sesión de control, o presidente da Xunta dixo algo que tamén nos vale —e moito— para abrir esta interpelación sobre o Servizo de Axuda no Fogar, que atende a moitísimas mulleres e sobre todo emprega a multitude de mulleres no noso país: «o valor da palabra para cumprir nun goberno» —dixo Rueda—. E hai un ano —doce meses, exactamente— el mesmo anunciaba —que é o que nos trae hoxe aquí—, o señor Rueda anunciaba, que a Xunta de Galiza ía incrementar a aportación que fai ao sistema de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar. Pasaron nove meses desde este anuncio até que vostede se reuniu co presidente da Fegamp para supostamente empezar a negociar ese



financiamento novo, ese incremento do financiamento do SAF por parte da Xunta, e un ano máis tarde vemos que os anuncios de Rueda e do Goberno do Partido Popular seguen sendo iso, anuncios. Desde o Goberno da Xunta levan meses enredando os concellos, a través da Fegamp, e non hai nin un só euro máis a día de hoxe para financiar o Servizo de Axuda no Fogar por parte da Xunta, e a situación está —como o leva denunciando o Bloque Nacionalista Galego tanto tempo— volvéndose insostible, por iso traemos esta interpelación hoxe aquí a debate.

As preguntas son sinxelas: ¿vai incrementar a Xunta de Galiza o financiamento que fai ao Servizo de Axuda no Fogar, si ou non? E se o vai facer, ¿como?, ¿de que maneira?, ¿cando? e ¿con que cantidade?

Porque miren, señorías, e señora García, nos últimos catro anos a prestación do servizo en-careceuse case 8 euros a hora de media —case 8 euros en catro anos—; pasou de media de 16 euros en 2016 a 23 nos contratos que se están licitando agora no 2025. Todo ese diñeiro teñen que poñelo os concellos dos seus orzamentos, dunhas contas absolutamente pírricas e insuficientes para soste r competencias e servizos que lles corresponden e que teñen tamén que estender para asumir outros que nin lles son propios. Eu quero lembrar que a Lei de dependencia é moi clara, e todos os servizos adscritos a ela teñen que estar financiados a partes iguais pola Xunta de Galiza e polo Goberno do Estado: o 50 por cento da Xunta e o 50 por cento do Estado tamén para soste r o SAF.

Desde o BNG levamos anos advertindo de que a situación actual é insostible e de que o servizo está en risco de quebrar, igual que o levan denunciando os propios concellos de todas as cores políticas; concellos que están absolutamente asfixiados e que asumen un esforzo económico no financiamento do SAF que non lles corresponde, e precisamente por falta de recursos suficientes está volvéndose cada vez máis precaria a súa prestación. ¿Quen paga as consecuencias desa precariedade, señorías? Pois non é o Goberno A ou o Goberno B; quen paga as consecuencias é a xente: en primeira instancia, as usuarias e usuarios do SAF; e, en segunda, as traballadoras do propio servizo, tanto as dos servizos sociais comunitarios como as propias traballadoras auxiliares do SAF. Hai listas de espera inadmisibles porque os concellos son incapaces, non teñen recursos nin económicos nin humanos suficientes para atender máis persoas usuarias; e están quedando fóra do SAF persoas que teñen recoñecido por lei o dereito a el. Póñolles un exemplo concreto de hai uns días: o caso da cidade de Ferrol —que lles soará, porque o alcalde é militante do Partido Popular e casualmente foi o antecesor da señora García no cargo da Consellería de Política Social—. Decía Rey Varela en rolda de prensa —eu traio os datos que el expuxo publicamente, non outros— que no novo contrato que acababan de licitar no mes de febreiro de 2025 ían poder atender 95 persoas máis: 27 millóns de euros, 95 persoas máis. Sabe cantas hai en lista de espera en Ferrol —sábeo perfectamente, vostede ten os datos—: 561 persoas esperando, que son persoas valoradas, persoas con dependencia recoñecida e cun papel que lles di que teñen que darlles unha hora de SAF no concello de Ferrol que non teñen. En 2021, cando vostede asinou un acordo —o Goberno da Xunta, o Goberno do Partido Popular, pero do seu puño e letra é a rúbrica— en outubro de 2021 coa Fegamp, a respecto dunha mellora no financiamento do SAF, de medidas para garantir a sostibilidade do servizo, comprometéronse a reducir esas listas de espera. Eu volvo ao caso de Ferrol: hai máis xente esperando que atendida no propio Servizo de



Axuda no Fogar, incluíndo as 95 persoas que se supón que a partir de agora van ser incorporadas a ese servizo. ¿Ese é o compromiso do Partido Popular?

Mais non só as usuarias e os usuarios sofren as consecuencias da situación na que se atopa o Servizo de Axuda no Fogar en Galiza, tamén as traballadoras, que asumen unhas condicións precarias, o que fai que moita xente nin sequera queira traballar no SAF. Esa é unha das grandes denuncias que trasladan os concellos: que non hai traballadoras, especialmente para cubrir as baixas e para cubrir as vacacións. Polo tanto, iso fai imposible —¡imposible!— poder prestar máis horas.

Hai catro anos, en 2021, vostede tamén asinaba do seu puño e letra, e o Goberno do Partido Popular tamén aseguraba, que ían adoptar medidas para abordar ese problema: o desaprovisionamento real de novas horas que ofrece a Xunta sen que haxa posibilidade de asumilas por parte dos concellos, porque non teñen —insisto— nin persoal, nin cartos, nin moitas veces contratos que permitan facer posible esa nova prestación. ¿Que fixo a Xunta ao longo destes catro anos? Botarlles unha man aos concellos, pero ao pescozo. En vez de axudalos con máis recursos económicos e con máis recursos humanos, o que fixo foi sancionalos por ter horas sen prestar e xente agardando polo novo servizo. Un caso concreto é o doutra compañeira súa, a do Concello do Courel, multada con máis de 5.000 euros pola Consellería de Política Social —pola Xunta de Galiza— por ser incapaz de prestar o servizo porque non ten recursos para facelo.

No BNG temos claro que os coidados —e así o levamos defendendo moitos anos— teñen que ser garantidos como dereito que son das persoas, como dereito a unha vida digna, independentemente das circunstancias nas que nos atopemos. Ese dereito debe ser garantido a través dunha rede de servizos públicos forte e da máxima calidade, á altura do que merecen as galegas e os galegos, pero o Partido Popular está levando este país no sentido contrario. Vendo os datos —e vostede tamén os viu— do último informe que transmite a Xunta de Galiza, do último informe de dependencia do Imserso, o que vemos é que, lonxe de ser o obxectivo da Xunta —parece— fortalecer o Servizo de Axuda no Fogar e que a xente poida quedar cos apoios públicos que necesita no seu domicilio, está optando por outras prestacións que van no sentido contrario ao que é o dereito a unha vellez digna como política pública. Van no sentido de devolver o coidado ao ámbito privado, sostido sobre a precariedade asistencial de mulleres que sexan familiares de persoas dependentes ou con discapacidade.

Cos datos de maio do Imserso —e con isto remato— o Servizo de Axuda no Fogar, que foi a xoia da coroa da atención á dependencia en Galiza practicamente desde sempre e que foi o servizo máis prestado e con maior número de usuarias e de usuarios, xa está relegado por detrás das prestacións por coidado na contorna familiar. Por catrocentos euros que fan —como vimos nun acto de propaganda do Partido Popular na Xunta—, queren que haxa mulleres que deixen a súa carreira profesional para coidar un familiar, por menos do que custa unha Risga. ¿Este é o modelo de coidados que defende o Partido Popular?

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moi bos días.

Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados.

Señora Rodil, antes de comezar hoxe a miña intervención, quero amosar a miña máxima repulsa e a miña máxima condena ás palabras da señora Pontón no día de hoxe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son unha nova mostra da súa irresponsabilidade e da súa demagogia. Acaba de empregar hoxe esta sede de todos os galegos e galegas, o Parlamento de Galicia —¡acaba de empregar o Parlamento de Galicia!—, para acusar a Xunta e para acusar o Partido Popular de normalizar —e pouco menos que de amparar— a violencia de xénero, e non o vou consentir. ¡Non o vou consentir! (*Aplausos.*) Non o vou consentir nin como conselleira de Igualdade nin como votante do Partido Popular de Galicia, nin o vou consentir como muller. ¡Que vergoña! Non poden caer máis baixo. ¡Non poden caer máis baixo!... (*Aplausos.*)

Con respecto ás persoas dependentes, dende a Xunta de Galicia levamos moitos anos impulsando servizos que permiten a todas as persoas maiores vivir no seu lugar de sempre e estar ben atendidos. A Xunta de Galicia sabe moi ben da importancia que teñen os coidados de proximidade, que permiten dúas cuestións fundamentais. En primeiro lugar, que as persoas maiores poidan continuar vivindo no seu lugar de sempre, no seu fogar; é dicir, rodeados dos seus recordos, da súa familia e dos seus veciños. Permiten que conserven a súa autonomía, fortalezan a súa autoestima e contribúan a seguir sendo partícipes da comunidade á que pertencen. En segundo lugar, estes coidados tamén son fundamentais para previr a soidade e para previr o illamento, xa que manteñen a persoa na súa contorna habitual, e estamos promovendo, ao mesmo tempo, un acompañamento activo que achega seguridade e tranquilidade ás persoas maiores.

Por suposto, non só estou falando de coidados básicos, senón que estou falando dunha atención integral e dunha atención personalizada, garantindo que cada persoa maior poida recibir a axuda que necesita para continuar gozando dunha vida plena. Falar de coidados de proximidade en Galicia é falar, necesariamente, do Servizo de Axuda no Fogar. Como saben, Galicia é unha referencia a nivel nacional neste servizo. Superamos nestes momentos os 25.000 usuarios na nosa comunidade e levamos moitos anos facendo unha grande aposta por este servizo para garantir sempre o seu financiamento que, como ben saben, é de competencia municipal. Sabemos que este é un dos servizos máis valorados e é o servizo que mellor responde ás necesidades de todas as persoas maiores, pero tamén das súas familias.

Ben sabemos que na actualidade os concellos teñen que facer un enorme esforzo económico co Servizo de Axuda no Fogar, que, como vostede ben dicía, se encareceu nos últimos anos, principalmente polas peculiaridades do noso territorio. Por iso, entendemos e por iso com-



partimos a necesidade de aumentar a achega aos concellos, que son os encargados de prestar este servizo. Por esta mesma razón, e para contribuír a aliviar as arcas municipais, apostamos por acadar un novo acordo coa Fegamp para a actual lexislatura. Xa o fixemos na lexislatura anterior, acadando en 2021 un acordo coa Xunta de Galicia, que, ademais, cumpriu de xeito rigoroso. É un acordo polo que pasamos dos 9,7 euros a hora aos 12 euros a hora, que é o que estamos financiando na actualidade. Estámolo facendo agora, que estamos inmersos nun proceso de negociación no que xa mantivemos dúas reunións co presidente da Fegamp.

Foron dúas reunións nas que se volveu mostrar o noso compromiso de seguir incrementando o financiamento do servizo con máis usuarios en Galicia. Foron dúas reunións nas que se volveu mostrar tamén o noso compromiso por acadar un novo acordo que sexa beneficioso para os concellos, pero tamén para todas as persoas usuarias deste servizo. Por iso, quero aproveitar este punto para agradecerlle a boa disposición do presidente da Fegamp en toda a negociación, que nestes momentos temos aberta e coa que confiamos en chegar a un novo acordo o antes posible. Esta negociación é un exemplo de que o diálogo e a cooperación son o mellor camiño para poder achegar solucións a todos os galegos e a todas as galegas, vivan onde vivan.

Señora Rodil, no caso do Servizo de Axuda no Fogar é o Goberno central o que está afogando os concellos. O Goberno central, que vostedes apoian, está afogando os concellos porque ano tras ano está reducindo o financiamento da dependencia. Pasamos dun financiamento do 40 por cento no ano 2023 a un financiamento do 34,9 por cento no ano 2024. Ao mesmo tempo, ese Goberno central do que vostedes se senten tan orgullosos está incrementando, progresivamente, todas as obrigas ás que teñen que facer fronte os concellos galegos. Estalles incrementando as obrigas introducindo cada vez máis prestacións, como é o acompañamento da persoa dependente fóra do domicilio, e tamén incrementando, antes das últimas eleccións xerais, a intensidade horaria de todas as persoas dependentes.

Pola contra, dende a Xunta de Galicia non paramos de incrementar, en ningún momento —fácémolo en cada orzamento, ano tras ano—, os fondos que achegamos aos concellos para axudalos a sufragar os gastos que supón o Servizo de Axuda no Fogar. De feito, aumentamos este ano estes fondos ata chegar aos 140 millóns de euros, que é un 8 por cento máis que o ano anterior, e iniciamos as negociacións, como lle dicía, co presidente da Fegamp para seguir incrementando esta achega —ese é o compromiso da Xunta de Galicia—, pero tamén é urxente —compartirano comigo os señores e as señoras do Bloque Nacionalista Galego— que o Goberno central cambie a súa actitude e pase a financiar o 50 por cento dos custos da dependencia, como está obrigado por lei. É unha obriga legal que o Bloque Nacionalista Galego coñece moi ben, señora Rodil. Coñécena moi ben, pero ao mellor non se acordan, por iso lles vou axudar hoxe a facer memoria.

Corría o ano 2020 cando o Bloque Nacionalista Galego asinaba o primeiro acordo co Partido Socialista para a investidura do señor Pedro Sánchez. O acordo de investidura recollía no punto 2 o compromiso do Goberno —e leo textualmente— «de aportar o 50 por cento estable que corresponde á Administración xeral do Estado para o financiamento da Lei da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, coas especificidades que lle corresponden a Galicia». Pese ao incumprimento flagrante deste acordo, no ano 2023



volveron firmar un novo pacto para investir o señor Pedro Sánchez, no que tamén subscribiron no punto 13: «O Goberno adquire o compromiso de achegar o 50 por cento que corresponde á Administración xeral do Estado para o financiamento das actuacións da Lei da dependencia». O peor é que a semana pasada, cinco anos despois do primeiro acordo, o Bloque Nacionalista Galego presentábase no Congreso dos Deputados para reclamar o que vostedes mesmos pactaron cos seus socios, co que sempre riron na súa cara e que nunca cumpriron. Foi un teatrillo no que intentan xustificar, señora Rodil, o inxustificable: o seu apoio incondicional ao Goberno central pese aos casos de corrupción e de machismo que o asolaron. *(Aplausos.)* Foi un teatro o da semana pasada, no que tamén participou o novo ministro Bustinduy. El mesmo lle pide, como ministro, ao Goberno de España que cumpra a Lei de dependencia, que saltan un día si e outro día tamén.

En síntese, señora Rodil, a Xunta de Galicia comprométese e a Xunta de Galicia actúa; o Goberno central invita e o Goberno central non paga. Aínda llo digo hoxe máis sintético: tómanlle o pelo ao BNG e o BNG di que chove. *(Aplausos.)*

Señora Rodil, dende a Xunta de Galicia o que pedimos son menos imposicións, máis coordinación e máis financiamento para a dependencia; ou o que é o mesmo, o que lle deberían pedir vostedes ao Goberno de España: que cumpra a lei e que cumpra ese pacto co Bloque Nacionalista Galego para que Galicia e os galegos non sexan tratados nunca como cidadáns de segunda e que non teñamos nunca que andar mendigando o que, por lei, lexitimamente nos corresponde.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Na rolda de réplica, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Grazas, señora García.

¿Matan dúas mulleres en Galiza en quince días e a responsable da Xunta de Galiza en materia de igualdade vén aquí amosar repulsa e condenar á líder da oposición, que fai o seu traballo? *(Aplausos.)* ¡Que fai o seu traballo, señora García, que é denunciar o que nos está pasando! ¡Que nos están ma-tan-do! ¡No silencio cómplice! ¡Nunha indolencia social que é caldo de cultivo para o machismo!

Hai unha frase que se lle atribúe falsamente a un líder político, deostado historicamente, pero que a dixo realmente un xornalista berlinés que cubría a I Guerra Mundial. Decía que unha persoa asasinada é unha traxedia e que miles son unha estatística. Ese é o problema, probablemente, que estamos vendo na sociedade, ademais do abrazo que o Partido Popular lle está dando á extrema dereita, branqueando e normalizando discursos misóxinos, ma-



chistas e negacionistas da violencia contra as mulleres. ¿Que fai a líder da oposición? ¿Que fai a portavoz nacional do BNG? Dicir «temos que reaccionar» e vostedes, como Goberno, teñen, polo menos —¡polo menos!—, que reunirse para ver como é que poden asasinar mulleres que teñen ordes de protección e medidas xudiciais en vigor. ¿Vén vostede aquí e o único que ten que dicir, despois de calar durante catro meses unha denuncia dun señor que sentaba ao seu lado no Consello da Xunta, señora García, é que condena e amosa repulsa á portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego? ¿En mans de quen estamos? (*Aplausos.*) É a pregunta que me levo facendo tantos días —¡tantos días!— neste país.

No BNG imos seguir. Imos seguir falando e denunciando a violencia machista. Imos seguir falando, falando e falando da violencia que sufrimos as mulleres polo simple feito de sermos mulleres, porque o peor que nos pode pasar é volver caer no ostracismo e no silencio. Custou décadas de loita feminista traer isto ao primeiro plano do debate público e non imos dar nin un mínimo paso atrás nesta cuestión.

Fálame do acordo coa Fegamp. ¡Si, si! Eu levo doce meses lendo o que me acaba de dicir. Volvo facerlle a pregunta que facía ao comezo: ¿van incrementar a aportación da Xunta de Galiza ao sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar? ¿En que medida o van facer? ¿Como o van facer? Sobre todo, teño unha pregunta, porque estamos no mes de xuño de 2025, hai moitos pregos de licitación, a maior parte do servizo de axuda no fogar está externalizado ou privatizado no noso país, os pregos están licitados e moitos xa están sendo adxudicados. A pregunta que fan os concellos do PP, do Bloque, do Partido Socialista e tamén dos independentes, o conxunto da Fegamp, é se esa subida vai ser con carácter retroactivo e se se vai aplicar con cargo a 1 de xaneiro de 2025. Ten o último turno de palabra a señora García para aclarar e para responder sobre o que traía aquí o BNG sobre esta cuestión que poñía encima da mesa, tan importante para as galegas e os galegos.

Coma sempre, eu tamén lle agradezo que non saian o máis mínimo do guión. É máis fácil traballar así. Se a Xunta dedícase a metade do esforzo que dedica a atacar o Bloque Nacionalista Galego e o proxectase a intentar defender os intereses deste país alá onde se toman decisións que nos afectan, eu xa me daba cun canto nos dentes, señora García. Pero non. A Xunta do Partido Popular gasta máis tempo, máis esforzo e máis enerxía en atacar o BNG cando vai a Madrid facer o que o Partido Popular non fai. Agora moléstalles moitísimo que o Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado que ten en Madrid, Néstor Rego —debe ser a persoa de fóra desta Cámara da que máis se fala aquí dentro, é unha cousa moi curiosa—, vaíamos a Madrid defender os dereitos das dependentes e dos dependentes galegos e que vaíamos exixirlle á outra pata responsable —dicíao na miña primeira intervención— de poñer o cincuenta por cento do que custa prestar o SAF.

Eu convido a todo o mundo —á señora Fabiola García tamén, a primeira— que vaian á páxina web do Congreso e vexan a que se dedican as deputadas e os deputados do Partido Popular electos por Galiza nas Cortes. Vexan cantas veces preguntaron as deputadas e os deputados do Partido Popular en Galiza, en pleno ou en comisión —escollan a que queiran—, pola dependencia e polo sistema de financiamento da dependencia. (*Aplausos.*) Apúrolles xa eu a resposta e axilízolles o traballo: nada. ¡Nada, *ni una pregunta!* ¿Que é o que lle molesta ao Partido Popular e á Xunta, señora García? ¿Que o BNG defenda os intereses das



galegas e dos galegos, das persoas dependentes, en Madrid e aquí? ¿Iso é o que lles parece mal? Grazas a ese acordo de investidura do que falaba —e eu agradézolles que o traian sempre ao debate—, asinado polo BNG entre 2022 e 2023, o financiamento do Estado á dependencia aumentou o 138 por cento, señora García. Tanto é así que —eu collo os datos dos orzamentos da Xunta, da lei que está publicada no DOG— *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* en 2022 e en 2023, grazas a ese traballo que fixo o Bloque Nacionalista Galego en Madrid, pagou máis o Estado que o Goberno galego para o sostemento do SAF. Poden velo vostedes mesmos. ¿É insuficiente? Totalmente. ¿Incumpre o que di a lei de dependencia? Absolutamente. ¿Que lle parece mal? ¿Que sigamos defendendo os intereses de Galiza reclamando o que lle corresponde pagar a Madrid ás dependentes galegas e aos dependentes galegos?

A min o que me resulta curioso —para ter algo de credibilidade cando un sube aquí a resgar as vestiduras— é que, cando están os seus sentados na Moncloa, non defendan coa mesma intensidade e belixerancia o mesmo. Porque, cando gobernaba o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—e con isto remato, presidenta—, o PP estaba moi caladiño. ¿Sabe canto pagaba o Goberno de Rajoy o ano que máis puxo —eu collín a cifra que máis oes beneficiaba— para soste o SAF? Dezaseis pírricos millóns de euros. ¿Sabe canto custaba prestar o servizo? Sesenta e sete millóns. ¿De que se acusa o BNG, exactamente? ¿De reclamar o que é xusto para as galegas e os galegos, governe quen governe, señora García? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señorías, a pesar dos reiterados incumprimentos do Goberno central con Galicia, dende a Xunta de Galicia non imos parar. Non imos deixar de continuar facendo grandes esforzos por mellorar sempre a atención ás persoas dependentes e a todos os maiores de Galicia. Este esforzo da Xunta de Galicia podemos velo, por exemplo, nesa suba da achega do financiamento do servizo de axuda no fogar aos concellos, na que lle recordo que na última lexislatura incrementamos os fondos un 24 por cento. O que pretendemos é blindar unha prestación que entendemos que é fundamental e que é a prestación que máis nos piden —o servizo que máis nos piden— as persoas maiores en Galicia para poder continuar vivindo onde queren, que é na súa propia casa. Para poder blindar este novo acordo e para poder blindar este servizo, gustaríanos moito poder contar cos fondos necesarios, cos fondos estatais —que nos deben máis de 2.500 millóns de euros—, para continuar incrementando este apoio a un servizo que, como digo, é imprescindible, como é o servizo de axuda no fogar.

Gustaríanos, señora Rodil, ser tratados coma o País Vasco. Gustaríanos que o Goberno central cumprise co financiamento do 50 por cento da lei da dependencia, e mentres o señor Pedro



Sánchez e o partido e o Goberno que vostedes apoian non cumpren, o Bloque Nacionalista Galego o que fai é calar e consentir este atropelo constante a Galicia. Iso é o que fai o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señora Rodil, ¿se a Xunta de Galicia vai incrementar os fondos para subir o financiamento do servizo de axuda no fogar? ¡Xa lle dixen que si! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa lle dixen que si, pero o que pasa é que as negociacións son coa Fegamp e co presidente da Fegamp. As negociacións non son coa señora Rodil, deputada do Bloque Nacionalista Galego. Eu espero e conto con chegar a este acordo co presidente da Fegamp o antes posible.

Vostede hoxe tamén viña aquí e falaba dalgúns concellos de Galicia. Hoxe viña aquí e falaba, casualmente, do concello de Ferrol e tamén do concello de Folgoso do Courel, pero vostede tamén pode vir aquí e falar, por exemplo, —digo, eh— do concello de Pontevedra. O concello de Pontevedra ten unha lista de espera no servizo de axuda no fogar de máis de catrocentas oitenta persoas dependentes nas súas casas sen recibir ese servizo que necesitan e que merecen. Son catrocentas oitenta persoas dependentes nas súas casas cos brazos cruzados esperando que o señor alcalde nacionalista lles preste este servizo de axuda no fogar. *(Aplausos.)* Iso é o que pasa nos concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego.

Podemos continuar falando do concello de Pontevedra, no que vostedes gobernan. No *ranking* a nivel nacional dos servizos sociais municipais de todos os concellos de España, o concello de Pontevedra é un dos concellos con peores servizos sociais municipais, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego. ¡Que orgullosos se senten dos seus alcaldes, señora Rodil!

Tamén aproveito —agora que me acordo— para dicir que supoño que vostede non virá máis a esta tribuna acusar nin a Xunta de Galicia nin o Partido Popular, nin os alcaldes do Partido Popular de privatizar ou externalizar nada. De verdade, hoxe doulles a en hora boa a todos os do Bloque Nacionalista Galego. ¡Vaia papelón na Deputación de Lugo! Votaron a favor da xestión privada da residencia de Becerreá. *(Aplausos.)* Supoño que non virán máis aquí falar de privatización, señora Rodil. Supoño que non virán máis...

Mentres vostedes continúan coa súa demagogia e coas súas teimas, dende a Xunta de Galicia o que imos facer é continuar incrementando e continuar mellorando sempre os servizos de atención á dependencia que se prestan en toda Galicia. Imos chegar a ese acordo coa Fegamp e imos incrementar os fondos para que os concellos dispoñan de máis cartos para financiar este servizo de axuda no fogar e para que máis de vinte e cinco mil persoas dependentes poidan continuar beneficiándose deste servizo que necesitan e que queren nas súas propias casas.

Imos atender as persoas maiores pero, ao mesmo tempo, imos seguir reclamándolle ao Goberno que vostedes apoian —ao Goberno do señor Pedro Sánchez— que cumpra con Galicia. Galicia non vai ser nunca menos que o País Vasco.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Imos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día, señor conselleiro.

Eu creo que non fai falta dicirlles —porque vostede sábeo, aínda que logo o nega— que tanto os galegos e as galegas en xeral como os profesionais da sanidade pública do noso país teñen acendido o botón vermello do pánico diante da situación sanitaria, da saúde pública do noso país, que non fai máis que empeorar.

Diante diso, o que se constata é a falta de planificación constante e absoluta por parte do Partido Popular. Un claro exemplo é que no BNG levamos tempo demandando que nos digan cal é a planificación e cal é o plan de continxencias para este verán e houbo que agardar a este luns, xa iniciado o verán —23 de xuño—, para que tivesen a ben de facer público o que vostedes chaman un «plan». Digo «o que vostedes chaman un plan» porque basicamente consiste —e á parte, vostede, con toda a fachenda o dixo— en «imos facer o mesmo». É dicir, todos estes anos e todos estes veráns verificouse a falta de atención da poboación, xa sen ser na época estival, e resulta que vostede saca peito dicindo que van facer o mesmo. Cos resultados catastróficos dos anos anteriores, vostedes presumen de que van repetir. Eu a primeira pregunta que lle teño que facer, señor conselleiro, é: ¿vostede realmente cre que facendo o mesmo, repetindo o mesmo que tivo os resultados catastróficos en anos anteriores, é minimamente intelixente pensar que vai ter resultados distintos? ¿Ou é que a vostede non lle importan os resultados da atención dos galegos e das galegas durante o verán? (Aplausos.) ¡Non lle importan! Non, non lle importan.

O que vostedes —o Partido Popular en xeral— parece que non queren ver é que son miles os galegos e as galegas que se están a mobilizar exixindo a resposta á desatención sanitaria, desde A Mariña á Cañiza, á Barbanza, ao Salnés, a Santiago... ¿Que cre, que o fan por deporte? Son profesionais que se están mobilizando. Un exemplo clarísimo —do que falará logo o meu compañeiro Dani Castro— é A Mariña, onde xa non son capaces de tapar a desfeita desa área sanitaria, pero podíamos seguir coa desfeita do hospital do Salnés e podíamos falar dos outros hospitais comarcais.

A fotografía da situación é que vostedes, nun contexto onde hai practicamente trescentas sesenta mil persoas en lista de espera hospitalaria estrutural —todos os datos apuntan a que entre o vinte e o trinta por cento están en listas non estruturais, neses buzóns e neses caixóns—, permítense o luxo, por exemplo, de pechar 750 camas. Porque a cama non é necesaria... Logo virán co tema de que a ocupación media durante estes anos foi do 70 ou do 80 por cento. Se as teñen pechadas, se baixan a actividade, se pechan quirófanos ou se baixan



consultas, danlles uns datos, claro, de que hai menos actividade. Porque vostedes pechan a actividade só para que lles dean as estatísticas. Bueno, pois, nese contexto, vostedes permítense pechar 750 camas; nun contexto onde a última enquisa do Instituto de Estatística, feita con respecto ao ano 2023, di que o 31,8 por cento dos galegos e das galegas declara sufrir demoras excesivas ou non recibir atención sanitaria na sanidade pública —jo 31,8 por cento!—. ¿E sabe cal é o drama? Que no anterior informe do INE, feito no 2017, esa cifra en Galiza era do 9,8 por cento. ¿E sabe cal segue sendo o drama? Que no Estado, no 2017, era do 15,4 por cento e agora pasou ao 18,3 por cento; é dicir, subiu menos de 3 puntos, e en Galiza pasou do 9,8 por cento ao 31,8 por cento. ¿E vostedes son capaces de seguir dicindo que hai unha magnífica atención sanitaria no noso país e que o que vimos dicir aquí, o que di a poboación e o que din os profesionais é alarmismo? Pois váianlle preguntar a toda esta xente que se sente desatendida, que di que non recibiron asistencia sanitaria, porque non a están recibindo. Señor conselleiro, non negue coa cabeza esta realidade reflectida nun enquisa dun organismo oficial, que non é unha enquisa do BNG.

Bueno, pois é unha realidade de persoas en lista de espera. Podemos falar de esperar un ano para unha ecografía, de que no Hospital do Salnés non se fan ecografías e de que hai que derivar os pacientes a Pontevedra. Podemos falar de que os da Mariña, para cuestións básicas, teñen que ir ao HULA, a Lugo. Podemos falar de pacientes de Neuroloxía, que están agardando máis dun ano, de Dixestivo, que levan máis dun ano, de Otorrino, que levan once meses... Podemos falar do Hospital de Cee, que só ten un psiquiatra. Podemos falar da Unidade de Saúde Mental de Ponteareas, que teñen lista de espera de máis dun ano para unha consulta. Podemos falar de que en Catoira soamente hai medio profesional con listas de espera de practicamente un mes para ter unha consulta en atención primaria. Podemos falar de Viveiro, 20 días; podemos falar da Cañiza, sen pediatría; podemos falar de Valdeorras, sen a atención pediátrica en todo o distrito, que non teñen nin sequera unha unidade de atención á silicose. Podemos falar de que para facer unha mamografía teñen que ir a Ourense —unha sinxela mamografía, señor conselleiro—. Podemos falar do Centro de Saúde de Salvaterra, que ten un médico de cinco. Podemos falar do Servizo de Urxencias dos Hospitais, empezando polo de aquí, do CHUS, que está colapsado permanentemente. E, se non, se quere, ensínolle unha fotografía de cales son os corredores do Servizo de Urxencias do CHUS; e todos os días, non é unha excepción, ¡todos os días!

Esta é a radiografía; unha radiografía consecuencia de que o Partido Popular deixou de investir máis de 2.000 millóns de euros en atención primaria desde que volveu ao Goberno, que estamos á cola do Estado en investimento en atención primaria —só está Madrid por detrás— e que estamos á cola en profesionais de enfermería —soamente está Murcia por detrás—.

Eses datos non son casualidade, son consecuencia das políticas do Partido Popular. E neste contexto pois resulta que o Partido Popular —que nin sequera o anunciou vostede, conselleiro, anunciouno onte o conselleiro de Presidencia— anuncia un plan. ¿Baseado en que? En que menos profesionais fagan máis traballo. Ese segue sendo o plan do Partido Popular: menos profesionais facendo máis traballo. Porque teñen unha bolsa de voluntarios para cubrir as gardas nos PAC, á que se suma persoal do 061. ¿Que significa iso, señor conselleiro? Significa que profesionais que xa fan o seu cupo, logo, a maiores, fan gardas nos PAC. ¿E



que significa iso? Que ao día seguinte libran; co cal, o seu cupo queda desatendido e, co cal, máis persoas non reciben asistencia sanitaria.

Ese é o plan magnífico do Partido Popular: menos profesionais atendendo máis poboación, porque en Galiza no verán a poboación multiplícase. E vostedes, ¿que teñen diante desa realidade? Non só non reforzan... ¿Que foi daqueles reforzos de costa, señor conselleiro —eu son dunha zona de costa—? Había reforzo para atender a poboación que viña de fóra. Agora non soamente non hai reforzo, senón que pretenden que os mesmos profesionais atendan máis poboación.

E logo teñen outra medida magnífica: mobilidade temporal a outros centros de saúde. Gustaríame que explicase —porque é o que eu interpreto, e outros moitos profesionais tamén— por que vostedes van desprazar profesionais de centros de saúde onde teñen as súas prazas e o seu traballo a outros centros de saúde que consideran que son máis necesarios. ¿Parécelle que iso é unha medida?, ¿desvestir un santo para vestir outro?, ¿deixar desatendida unha parte da poboación para atender outra?

Son medidas do Partido Popular. Acaban de mandarme, acaban de decidir que a ambulancia medicalizada con base no Hospital do Salnés, que atende a comarca do Salnés, de máis de 100.000 habitantes, e que se multiplica no verán, a trasladan a Sanxenxo. Deixan desatendida unha parte importante da comarca, empezando pola súa cabeceira, Vilagarcía, con máis de 40.000 habitantes, pero tamén os outros concellos: Caldas, Catoira, Vilanova, A Illa, Cambados...

Ou sexa que, en vez de aumentar recursos porque hai un aumento exponencial da poboación, a decisión que toma vostede como máximo responsable e conselleiro é que esa ambulancia pase para Sanxenxo. Para o Partido Popular, en vez de reforzar Sanxenxo e O Grove con outra ambulancia, se teñen que priorizar, priorizan os visitantes diante da poboación. (*Aplausos.*) Si. ¿E sabe o gravísimo? O gravísimo, o sangrante e o inaceptable é que esta decisión que vostedes levan repetindo ano tras ano ten consecuencias letais para a poboación. Hai persoas que diante dun infarto, dun ictus, dun accidente, non teñen ambulancia medicalizada para ser atendidos, porque tardan 40 minutos, ou xa non a activan, porque dende Sanxenxo a Vilagarcía tarda entre 30 e 35 minutos, cando, se está no Hospital do Salnés, tarda 5. E non digamos dende Catoira, nin digamos dende Caldas. Esas son as medidas do Partido Popular.

Ou tamén contratar os MIR, que aínda non remataron a súa formación, sen especificar como vai ser, como van seguir... ¡Claro!, é que non teñen a súa titulación, non remataron a súa formación, conselleiro.

Estas son as medidas estrela do Partido Popular. Non hai absolutamente nada que vaia ao fondo do problema, absolutamente nada que solucione os problemas estruturais; absolutamente nada, simplemente menos profesionais traballando máis.

Realmente, conselleiro, ¿considera que con este non plan...? Porque eu teño que dicirlle unha cousa, conselleiro: vostedes non teñen un plan para garantir a asistencia sanitaria no verán, vostedes só teñen un plan co que deciden que atenden e que deixan de atender. Non é un



plan para atender a todo o mundo, é un plan para escoller o que atenden, e iso é gravísimo, señor conselleiro...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É gravísimo, señor conselleiro. Porque, ¿que vai pasar coa cronicidade? ¿Que vai pasar cos nosos maiores, que no verán non van ter profesionais que lles fagan ese seguimento? ¿Que vai pasar con toda esa poboación? ¿Que vai pasar coas nosas crianzas, que están desatendidas todo o ano, porque hai máis de 10.000 que non teñen pediatra asignado —e vanse multiplicar no verán—?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado.

¿Que vai pasar con toda esa poboación? Que o Partido Popular os condena ano tras ano á desatención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señorías.

Señora Prado, parece mentira que teime vostede unha e outra vez en presentar unha imaxe totalmente distorsionada da sanidade pública galega, porque nunca como ata agora tivemos tantos recursos dedicados á sanidade pública —con 5.458 millóns neste ano—, nunca houbo tantos profesionais contratados —con máis de 43.000 persoas que conforman agora mesmo o Servizo Galego de Saúde— e nunca antes na historia de Galicia se ten acometido unha renovación tan ambiciosa das infraestruturas hospitalarias e dos centros de atención primaria. E todo isto, señoría, co obxectivo último de ofrecerlle as mellores prestacións sanitarias á cidadanía.

Feita esta primeira aclaración —necesaria—, entro en materia e paso a explicar en detalle o Plan de cobertura de atención primaria do verán deste ano.

Mire, na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde anticipámonos e planificamos os recursos de maneira coordinada en todas as áreas sanitarias, en función da demanda asistencial, das previsións de crecemento nas distintas tempadas e do dereito ao descanso dos profesionais do sistema sanitario, algo que creo que non ten vostede en conta.

O caso concreto da tempada estival non ía ser menos, e, como cada ano, preparamos un plan específico de reforzo para garantir a máxima calidade asistencial no verán. Señora Prado, aínda que vostede se empeñe en falar de colapsos en anos precedentes —colapsos, por suposto, inexistentes—, a realidade é ben distinta. Nunca, absolutamente nunca, a sanidade pública galega



sufriu un colapso na atención sanitaria, nin na ordinaria nin na urxente. ¡Nunca! Fíxese que nin nos peores anos da pandemia o Servizo Galego de Saúde estivo colapsado. E o curioso de todo isto é que ano tras ano a súa dinámica é a mesma: chega o verán e o BNG vaticina o colapso e a apocalipse da sanidade pública. Remata o verán e non houbo ningunha incidencia destacable; entón, dende o BNG fanse os tolos e pasan a outra teima, porque o seu tan aclamado colapso non chegou nin foi tal. E así ano tras ano, señora Prado. O BNG —e vostede especialmente— están inmersos nun discurso catastrofista que nada ten que ver co que de verdade acontece; unha realidade que é ben distinta e coa que chocan constantemente.

Nós, a diferenza de vostedes, traballamos a diario para prestar a mellor asistencia sanitaria a todos os galegos, adaptando os recursos ás necesidades e adoptando as medidas precisas. Facemos unha aposta estratéxica para desenvolver políticas enfocadas ao fortalecemento do sistema público de saúde. Levados a cabo os compromisos e acordos institucionais acadados e atallamos os desafíos estruturais e estacionais do sistema sanitario. E isto pese á escasa axuda por parte do Goberno central, que segue sen dignarse a achegar solucións eficaces para paliar o déficit de facultativos especialistas, o principal problema actual de todo o Sistema nacional de saúde. *(Aplausos.)*

Por iso, este mesmo luns aprobamos no Consello da Xunta o Plan de cobertura da atención primaria para o verán de 2025; un plan dotado de máis de 12 millóns de euros que nos permitirá brindar unha cobertura sanitaria adecuada neste período estival. Esta planificación, ao igual que o ano pasado, artéllase mediante dous programas de medidas: un ordinario e outro extraordinario.

Para a xestión ordinaria da asistencia sanitaria destinamos 8,8 millóns de euros, un importe que dedicaremos á contratación de substitucións e reforzos nas zonas que así o precisen. Pero a reordenación asistencial non se limitará unicamente ás medidas ordinarias de atención primaria. Seguindo os bos resultados do anterior plan, esta organización recollerá catro medidas extraordinarias similares —si, señora Prado— ás do ano pasado, que demostraron a súa efectividade.

Traballamos nunha planificación que abarca varias medidas organizativas, que suporán un investimento de 3,2 millóns de euros, e que pivotarán en catro eixos principais:

Un. Programa de dispoñibilidade de médicos de familia nos PAC. Con esta medida buscamos establecer listaxes abertas e específicas de persoal voluntario, señora Prado —persoal voluntario, dispoñible—, en réxime de localización, para a cobertura de postos de médicos de familia nos puntos de atención continuada. As persoas incluídas en cada listaxe estarán dispoñibles de forma rotatoria, e serán chamadas para atender, durante un período máximo de sete días ao mes, as coberturas que sexan necesarias en horario de PAC. Neste caso, a Xerencia da área será quen determine para cada mes o número concreto de profesionais que estará dispoñible, atendendo á previsión das necesidades. O custo desta medida concreta estímase en torno aos 2 millóns de euros.

Señorías, a este programa de bolsa de voluntarios —bolsa de voluntarios— xa se sumaron máis de 140 profesionais.



Dous. Programa especial de apoio á atención primaria por parte do 061. Tamén habilitamos a posibilidade de que persoal médico da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061 poida participar voluntariamente no programa extraordinario para a cobertura das necesidades nos PAC. Polo momento, xa contamos con 20 profesionais sanitarios anotados nesta bolsa específica.

Tres. Oferta de mobilidade temporal de profesionais cara a centros con necesidades prioritarias. Neste caso, ofertamos ao persoal sanitario a opción de prestar servizos temporalmente nun centro de saúde distinto ao do seu destino. O motivo desta oferta é a obriga do centro de saúde de ter un reforzo prioritario ou de ter especiais necesidades de cobertura. Esta medida vai especialmente destinada aos centros de saúde dos concellos turísticos, que ven incrementada de xeito significativo a súa poboación no verán.

Esta oferta tamén estará dispoñible para o persoal doutras comunidades autónomas que acepten prestar servizos nos ditos centros.

Catro. Encomenda de funcións a persoal residente de cuarto ano. Despois da súa boa acollida, volvemos pór en marcha a Encomenda de funcións ao persoal en formación do último ano que se atope nos derradeiros catro meses de formación. Buscamos que estes profesionais desempeñen funcións que son desenvolvidas ordinariamente por persoal especialista e que sexan adicionais respecto ás funcións propias do seu plan de formación. A encomenda, con carácter voluntario e baixo supervisión, terá por obxecto realizar unha ou varias das seguintes funcións: a atención da consulta ordinaria nun cupo dun centro de saúde, a prolongación de xornada para a cobertura de ausencias e a realización de gardas nos PAC ou nas urgencias hospitalarias. No día de hoxe, 95 residentes xa aceptaron participar neste programa e non descartamos que a cifra poida verse incrementada nas vindeiras semanas. O novidoso desta medida é que por primeira vez despois da covid os MIR de cuarto ano finalizan a súa formación a finais de xullo, polo que se poderán incorporar aos contratos ordinarios do Servizo Galego de Saúde.

Señoría, este plan de cobertura da atención primaria no verán supón a adopción dun conxunto de medidas de xestión que, garantindo sempre a calidade e seguridade na asistencia sanitaria, preserva a eficiencia da sanidade pública galega.

No que respecta aos recursos hospitalarios —como xa explicamos publicamente—, o cen por cento das camas estarán dispoñibles para ser usadas, como sempre acontece. Durante o período estival está documentada unha importante diminución tanto da prevalencia como da morbilidade de numerosas patoloxías. Isto fai que haxa un menor número de pacientes susceptibles de atención sanitaria, o que provoca que poidamos axustar o número de camas activas nos hospitais, acadando case o 92 por cento das totais. Insisto, señora Prado, durante o verán estarán activas case o 92 por cento das camas, pero dispoñibles o cen por cento, se é necesario. Isto supón unha porcentaxe superior á do ano pasado, cando mantivemos activas o 38,6 por cento das camas. Pero é que, ademais, este cálculo da estimación de ocupación de camas no período estival faise tendo en conta os datos de ocupación real correspondentes ao período acumulado de xuño e setembro de anos anteriores; e, aínda así, por ter un plus de garantía, sempre engadimos unha marxe de seguridade dentro do 10 ao 12 por cento por



riba da ocupación real. Insisto, señora Prado, en que as camas non van a ningún lado, están todas dispoñibles para ser empregadas no momento en que fagan falta. Dicar outra cousa é descoñecer totalmente o funcionamento do sistema sanitario.

Afortunadamente, e como pasa todos os anos, nunca foi preciso habilitar máis camas das programadas en época estival, pese a que os minuciosos cálculos do BNG levan predicindo verán tras verán colapsos estivais. E eu contéstolles por se o descoñecen. Miren, coa pandemia da covid a ocupación de camas no verán nunca superou o 74,5 por cento. Polo tanto, señora Prado, non sei o que farían vostedes cando gobernaban, o que lle podo dicir é que esta Xunta planifica e organiza os recursos para garantirles sempre a mellor atención sanitaria aos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Bueno, é unha evidencia que o Partido Popular leva anos baseando a súa política en xeral, e a sanidade en particular, na mentira, na falsidade, na ocultación e no escurantismo. E pretende agachar isto en fuxidas cara a adiante e en intentar, sobre todo, dar unha imaxe de normalidade que para nada se corresponde co que viven os galegos e as galegas. Igual se corresponde coa realidade dalgunha xente, que sempre cre que vai ter a porta de atrás ou vai ter un teléfono á man para chamar a alguén para que lle solucione os problemas; pero a maioría dos galegos e galegas non teñen esas vías —e sei do que falo, señor conselleiro—, nin teñen a dispoñibilidade orzamentaria para poder acudir a centros sanitarios privados onde os atendan diante da desatención da sanidade pública polas políticas do Partido Popular.

Eu teño que volver dicirlle que o Partido Popular non ten planificación para mellorar a sanidade pública da maioría. A única planificación do Partido Popular é o negocio e o lucro —si—; escolle a propaganda en vez de coidar as persoas. E voulle dicir por que vostedes escollen o lucro. Diante desta situación que lle acabo de describir, ¿que fai o Partido Popular? O Partido Popular o que fai é destinar máis recursos á sanidade privada, e resulta que nos presenta uns orzamentos onde logo non se comparece para nada a execución que fan deles. Presentan uns orzamentos onde xa hai un aumento continuo dos cartos destinados á sanidade privada, pero é que logo, pola porta de atrás, fan continuamente modificacións de crédito, o que significa que non hai planificación. Porque, se vostedes tivesen planificación, o que farían sería non ter que facer continuamente esas modificacións. ¿E cal é unha das modificacións que fan ano tras ano? Pois facer modificacións de crédito, nunha parte importante, detraídas da atención primaria, para a prestación sanitaria con medios alleos, que é para a sanidade privada. Exemplo, señor conselleiro —documentación da Xunta, digo— *(A señora Prado Cores mostra un documento.)*: 20 millóns de euros en modificacións de crédito para concertos con entidades privadas; ata o mes de maio, e queda o resto do ano. Esa é a realidade do Partido Popular, que deteriora a sanidade pública para



logo destinar recursos continuamente á sanidade privada, (*Aplausos.*) para crearlle nicho de negocio á sanidade privada. (*Aplausos.*) Esa é a auténtica realidade. (*Aplausos.*)

O único plan da Xunta de Galiza é decidir que priorizan, que atenden, e deixar o resto sen atender. É un auténtico drama que vostede veña aquí presentar como único plan que os profesionais traballen máis e atendan... Si, que menos profesionais atendan máis xente. E vén aquí dicir con toda claridade que lles vai ofertar a profesionais que teñen a súa praza nun centro de saúde que poidan ir a outros onde hai máis demanda. ¿E que pasa coa poboación destes centros de saúde de orixe, señor conselleiro? ¿Que pasa con esa poboación? ¡Vostede queda tan ancho! Oe, resulta que en Sanxenxo, no Grove, en Cambados e en Vilagarcía, como hai máis persoas no verán, deixas o Centro de Saúde do Saviñao, por exemplo, ou de non sei que outro sitio e ofrecémosche que poidas ir a outro lado; é voluntario. Pero, ¿parécelle que iso é unha medida? ¿Realmente esa é unha medida seria?, ¿ofertarlle a profesionais doutras comunidades autónomas que veñan pasar as vacacións ás zonas de costa e que pasen consulta? ¿Pero realmente son medidas serias dun goberno que quere atender as necesidades sanitarias da súa poboación? Está ben para botar unhas risas, pero non para solucionar os problemas, señor conselleiro.

E vén aquí e segue insistindo o Partido Popular —na súa boca, señor conselleiro— en que hai máis profesionais que nunca. ¿Cal é a realidade das modificacións de crédito? Que vos- tedes aprobaron unha modificación de crédito por 30 millóns de euros para sacar de produ- tividade fixa —é dicir, de complementos do persoal estable— para a produtividade variable. Son 30 millóns que cambian de produtividade fixa a variable. Iso, ¿que significa? Significa que prazas que están orzadas e que terían que ter persoal non o teñen, porque, se non, vos- tede non lle podería quitar esa produtividade fixa e pasala para variable, porque a variable é para pagar todos estes aumentos de xornada dos outros profesionais. Con isto o que están demostrando é que hai un montón de prazas estruturais sen cubrir, (*Aplausos.*) porque non creo que lle poidan sacar estes cartos a persoal que está en activo —digo eu, ¿verdade?—. (*Aplausos.*) Entón, 30 millóns de euros en produtividade fixa significa moitas prazas sen cu- brir, señor conselleiro. E vostede vén aquí dicir que nunca houbo máis profesionais, cando sabe que é mentira, que están no papel, pero non están na realidade. E unha proba é que: se hai máis profesionais, ¿como hai tanta desatención?...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¿Como hai tanta desatención, señor conselleiro?

Polo tanto, eu o que lle pido é que rectifique, que rectifiquen, que se poñan a deseñar me- didas estruturais, que atendan a poboación, que solucionen os problemas e que non poñan simples parches. Pídlle que rectifique e que reforce Sanxenxo e O Grove cunha ambulancia diferente, e que manteña a que ten a base no Hospital do Salnés.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Pídlle que rectifique e que deixe de permitirlle á empresa Eliance —a concesionaria do servizo de helicópteros do 061— que dea prestacións catro horas en



Santiago e catro en Ourense, como lle está permitindo neste momento. Rectifique e deixe de traballar para as empresas privadas e pónase a traballar para os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Prado, eu nunca traballei para empresas privadas, eu traballei sempre na sanidade pública, durante moitos anos, con máis de 8.000 pacientes con cancro tratados... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, nunca traballei para a empresa privada, iso que lle quede claro; sempre traballei na pública. Puiden facelo na privada, fóra de Galicia, e non o fixen; polo tanto, non veña co rolo patateiro da sanidade privada, de tal e de que non sei que e non sei canto. ¡Así de claro, señora Prado! ¡Así de claro! (*Aplausos.*) É moi fácil estar detrás dunha pancarta, pero outra cousa é estar na realidade da sanidade pública todos os días, como estiven eu durante moitos anos, que lle quede claro.

A vostede as explicacións, ademais, sobre a planificación de recursos non lle importan para nada, non lle interesan; vén aquí sempre co mesmo discurso. Independentemente do que diga, vén sempre criticar e dicir o de sempre. E despois fala de que mentimos. Non sei quen mente máis aquí.

Mire, na Xunta traballamos por reforzar a sanidade pública galega, poñendo especial énfase na atención primaria, que é a porta de entrada do cidadán á sanidade pública. Traballamos de forma constante en diversas medidas de retención de profesionais, tanto de atención primaria como hospitalaria, para atender as vindeiras xubilacións e o envellecemento do cadro de persoal. Levamos anos desenvolvendo diferentes liñas estratéxicas de actuación que nos permitiron reforzar a atención primaria, medidas como os acordos acadados coas organizacións sindicais ou as medidas retributivas e de mellora para o persoal, ou medidas como a nova oferta pública de emprego que acabamos de aprobar nesta mesma semana no Consello da Xunta; unha oferta pública que neste ano acadará as 3.460 prazas tras aplicar con carácter excepcional a taxa adicional de reposición específica prevista na lexislación, coa que ampliamos 2.000 prazas ás inicialmente previstas. E todo, señora Prado, para favorecer a estabilidade do persoal estatutario e reducir a temporalidade; á vez, buscamos captar e reter profesionais para facer fronte aos novos retos sanitarios.

Pero, como sabe, e como ben poderá comprender, hai tempadas no ano en que as necesidades asistenciais se ven condicionadas polo aumento da poboación en diferentes zonas; unha circunstancia que hai que casar coas vacacións e co merecido descanso do persoal do Servizo Galego de Saúde. Por iso, para anticiparnos, para planificar o verán, poñemos en marcha este plan polo que vostede me pregunta hoxe, porque nós actuamos e reorganizamos os recursos dos que dispoñemos segundo as circunstancias e as necesidades asistenciais. Anticipámonos, planificamos e actuamos; non imos por toda Galicia alarmando a poboación, que é ao que se dedica



vostede. E vostede pode dicir o que queira, pero non acusarnos de inacción. Ano tras ano, fronte a unha escaseza xeral de profesionais ante a que o Goberno do señor Sánchez parece non querer actuar, fomos quen de pór en marcha plans específicos para as tempadas máis críticas, e este verán repetimos o modelo que tan bos resultados nos brindou o pasado ano, establecendo un programa de dispoñibilidade de médicos de familia no PAC, poñendo en marcha un programa especial de apoio á atención primaria por parte do 061, ofertando a mobilidade temporal de profesionais cara aos centros con necesidades prioritarias —esa medida que tan pouco lle gusta— e autorizando a Encomenda de funcións ao persoal residente de cuarto ano.

Señora Prado, no día de hoxe xa contamos con 264 voluntarios —jvo-lun-ta-rios!— para axudar no verán, grazas ás medidas activadas pola Xunta. Estes voluntarios non van deixar de facer un traballo para facer outro —que lle quede claro— porque o plan que presenteí nesta Cámara garante a eficiencia nos servizos de atención primaria e nos puntos de atención continuada, á vez que deixa patente o esforzo orzamentario que realizamos desde a Xunta para cubrir a tempada estival.

Mentres nós traballamos, o único que saben vostedes é poñer o grito no ceo e alarmar a poboación. Sen ir máis lonxe, onte mesmo dicían que os veciños de Becerreá no ían ter pediatra en todo o verán. Non é así, señoría. A praza de Pediatría do Centro de Saúde de Becerreá está cuberta cun profesional que se incorporará a partir da segunda quincena de xullo, unha vez remate o seu período vacacional. Esa é unha mostra máis de que na Xunta adoptamos as medidas necesarias para garantir que todos os galegos teñan a prestación sanitaria garantida en todo momento.

Señora Prado, o plan de cobertura de atención primaria para o verán é un exemplo dos feitos e da planificación da Xunta de Galicia; unha planificación levada a cabo con criterio e baseándose na demanda asistencial real, non en exercicios de adiviñación nin de augurios que nunca se cumpren.

Antes de rematar, quero aproveitar a miña intervención para agradecer nesta Cámara, que representa os galegos, o labor de todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, un persoal comprometido, dedicado e que está ao máis alto nivel; especialmente a aqueles que este verán, e unha vez máis, botarán unha man para reforzar a atención sanitaria, demostrando novamente que a maior fortaleza do Servizo Galego de Saúde é o seu persoal.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Longueira.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

Tócanos agora falar da crise demográfica que está a sufrir Galicia, non tanto porque meremos a poboación, que si que a imos mantendo aí, senón porque hai uns transvases poboacionais que si que nos van empezar a falar desa crise demográfica e, sobre todo, da ordenación da poboación no territorio.

Galicia rexistrou un total de 3.163 nacementos no primeiro trimestre de 2025. Isto supón case un 5 por cento menos que no mesmo período do 2024, e tamén supón a maior caída relativa do país. Datos do INE. O descenso é superior ao 3,8 por cento de baixada que se anotan Cantabria ou Navarra, por exemplo, por citar comunidades autónomas en sentido paralelo. O descenso da media española é do 0,5 por cento, cun total de 78.000 nacementos. España non supera os 30.000 nacementos mensuais desde outubro do 2021.

Por idades das nais, en marzo, o maior grupo é dos 35 aos 39 anos, seguido do de 30 a 34 anos, que é o grupo que menos alumbramentos ten ao respecto.

Isto supón, sobre todo, un novo aviso —como dicía, sen dúbida— de máxima urxencia do que está a acontecer en Galicia e dos nulos efectos desta política demográfica, que entendo que o Partido Popular puxo en marcha coa mellor das intencións, pero que non dá o resultado que se esperaba que tivese. É dicir, estamos unicamente salvando esta situación polo censo migratorio, que está paliando as consecuencias do envellecemento. Pero —insisto— é simplemente pola consecuencia do transvase migratorio.

Dicía que vostedes teñen unha cousa que lles gusta moito dicir, que é que fixeron unha lei pioneira. Isto escoitámolo continuamente. A cultura inclusiva tamén era pioneira, a Lei de impulso demográfico é pioneira... Ben, no ano 2021, decidiron, desde unha perspectiva transversal, tocar todas as cuestións: apoio ás familias, a conciliación, a calidade e a reprodución asistida. Xa lles dixeron —eu non o dixen porque non estaba aquí, pero si os compañeiros dixéronllo— que aquilo era unha lei que aparecía sesgada. Por certo, tamén crearon o Observatorio galego de dinamización demográfica, que é un órgano de seguimento, asesoramento e coordinación para o reto demográfico, e a verdade é que non nos trae nada máis que malas novas ao respecto.

Despois de dezaseis anos de Goberno e cinco anos da aprobación da lei, as novas seguen a ser as que lle dicíamos antes, tan demoledoras como as que enunciabamos ao principio. Seguimos cunha baixa natalidade e, sobre todo, seguimos a exportar os mozos galegos. Non somos capaces de fixar aqueles investimentos que facemos nos mozos do noso país, non somos capaces de fixalos ao territorio, de que desenvolvan aquí o seu futuro.

Sen dúbida, un dos motivos é que esta lei —insisto— pioneira, segundo vostedes, en Galicia, está, desde o noso punto de vista, chea de vaguidades, tal e como xa ditaminou tamén o Consello Económico e Social —non o dixemos nós; nós dixémolo aquí, pero o Consello apoiouno—, que xa dixo que requiriría de máis concreción e que basicamente estaba falta



de obxectivos firmes e prazos concretos. E iso, evidentemente, é o que fai eficaz, á parte de dotalo economicamente, un regulamento ou unha lei: uns prazos e uns obxectivos concretos que non aparecen aí citados. Isto o que fai é que constantemente poidamos dicir que estamos apoiando a demografía en Galicia, que poidamos dicir que no ano 2025 subimos os orzamentos con respecto a asuntos sociais e que isto é unha cuestión transversal, pero a realidade é que non hai nin prazos, nin obxectivos, nin planificación ao respecto. E iso, a todas luces, despois de cinco anos, fai que nos atopemos cunha cuestión —como dicía antes— chea de vaguidades e que non nos dá o impulso que supostamente debería.

Eu, a respecto disto da planificación, traio aquí un exemplo que tamén afecta a cuestión demográfica. Hai catro días, nunha comisión, na Comisión 4ª, nós preguntábaslle á súa secretaria xeral de Dependencia, precisamente, que se pensaba facer a respecto do envellecemento da poboación e como iamos dar resposta a ese envellecemento no futuro, que é parte tamén dunha estratexia demográfica. Ben, a súa secretaria xeral, cando eu lle poño o dato, coñecido por todos, de que temos 700.000 persoas maiores de 65 anos no país, pois fixo unha mofa dicindo: ben, muller con 65 e con 66 está a xubilación, e con 70 incluso a xente está traballando. Si, si, pero a realidade —díxenlle— é que hai encima da mesa 700.000 persoas maiores de 65, e, evidentemente, para mellor non imos ir. Quero dicir que estamos nese último tramo da vida, que esperemos que sexa longo e frutífero e cheo de vida, pero evidentemente ten que pensar que, para ese tramo de poboación, un ten que planificar. Ben, pois ela non entendeu o que lle estaba a comentar. E é precisamente iso: ¿que facemos con eses tránsitos migratorios? ¿Que facemos con esas poboacións tanto de mozos como, neste caso que lle poño de exemplo, de xente maior de 65? ¿Como planificamos ese futuro? É basicamente o que vimos pedir aquí.

Onte mesmo vostedes recoñecían aquí nunha intervención —non sei quen foi— a desertización de Galicia. E, ao tempo que se falaba desa desertización, pedíanse tamén —creo que foi a súa compañeira Noelia Pérez, a quen lle aprobamos esta proposición— unhas transferencias en competencias de traballo para persoas migrantes, que é evidente que son unha forma de paliar ese reto demográfico, pero non son a solución. Teñen este tipo de políticas de pedir as transferencias para os permisos de traballo de migrantes, pero cando falamos de acoller menores non acompañados, moitos deles próximos á maioría de idade e que posiblemente poderían ser tamén non só estudantes, senón persoas que despois dunha FP poderían estar dando aquí o mellor de si nunha etapa de traballo, vostedes en Madrid levántanse da mesa. O primeiro que fan é ver que van facer en Madrid, e, cando Madrid di que non, levántanse das mesas, e estamos nesta tesitura de non atopar unha solución para estes menores.

Diciamos que era unha lei que estaba desprovista de planificación e que proxecta unha visión —entendemos— conservadora do concepto de familia, que é natalista —como dixemos ao principio—. Pero, sendo natalista, por outro lado, deixan sen pediatras os concellos pequenos. E eu entendo que é difícil encaixar, porque é unha cuestión que ten que vir de todas as consellerías, pero é que non hai pediatras, e tampouco hai resposta a esa falta de pediatras, o cal lanza o campo, o rural e todo o que ten que ver coa demografía no campo, contra as cordas; é dicir, déixannos sen ningún tipo de solución.

Por outro lado, pechan escolas rurais; cousa, a todas luces, que nós non entendemos como é posible, cando poderían ter aí un modelo que compatibilice diferentes condicións.



Por outra banda, falan marabillas das casas niño, cando saben perfectamente que as persoas contratadas —como xa se dixo aquí estes días tamén falando de escolas infantís— non poden ter a mala sorte dunha doenza, porque non poden nin sequera darse de baixa e teñen que atender o seu traballo.

É dicir, é unha lei que non digo que non teña boas intencións, pero que, a todas luces, o que si que non ten é resolución para aquelas cuestións que poden presentar problemas e, sobre todo, que fai que a vida no rural, que é basicamente o que nos afecta nesta proposta, nesta iniciativa, sexa cada vez máis difícil e a desertización sexa cada vez máis ampla.

Voulle poñer exemplos de pequenas vilas e de cabeceiras de comarca ou de vilas que poidan estar dando servizo a esas pequenas vilas do rural e que teñen serias dificultades, sobre todo, para fixar a poboación. E, noutros casos, con poboación fixada, teñen serios problemas para dar o servizo.

Concello de Irixoa, 1.400 habitantes. Non teñen autobús público desde hai anos. Dependenden dun taxi ou da amabilidade dos estraños para acudir ao PAC de Betanzos, que está a dez quilómetros. Cando acodes ao centro de saúde de Irixoa, hai, moi posiblemente todas as semanas, un par de días onde non hai médico, porque non hai forma de substituílo se non pode estar ou se ten algún problema. A poboación, evidentemente, está envellecida. Acaban de abrir agora unha casa do maior con cinco prazas.

Concello de Paderne, 2.387 habitantes. Un fogar do maior sustentado polo Concello, o que supón para o Concello esa eiva. Ningunha casa do maior nin residencia pública.

Concello de Frades, 2.100 habitantes. Cando o médico ten outras encomendas fóra, quedan sen atención sanitaria varios días. Entendemos que, pola súa proximidade a Santiago, podería ser unha vila que acollese persoas que escapan dalgún xeito da cidade e podería ser unha vila tanto de segunda residencia como de crecemento, dada a proximidade de Santiago.

Concello de Betanzos, 13.225 habitantes; unha cabeceira de comarca que dá servizo ao eido rural. É o máis poboado da súa comarca e crece en poboación migrante. O PAC que atende a comarca non conta nunca con pediatra, porque xa non o hai, en horario de tarde. Dous dos colexios de maior poboación adolescente, que acollen ademais non soamente poboación de Betanzos, senón de toda a comarca, necesitan con urxencia unha reforma estrutural. Non hai residencia pública que atenda a comarca nin centro de día públicos.

Concello de Miño, outro que crece; 7.108 habitantes. Tamén dá servizo a toda a comarca e ao rural. É o concello que máis crece da provincia da Coruña por noveno ano consecutivo. Levan anos pedindo unha reforma no colexio Castro Baxoi, que está a rebentar —literalmente, está a rebentar— de nenas e nenos que, evidentemente, pola crecida da poboación, non teñen espazo nin visos de que o teñan, porque o levamos pedindo xa hai moitos anos. Por certo, serios problemas de transporte para comunicarse con Ferrol ou Coruña, dado que Miño é unha pequena vila que non só dá servizo ao rural, senón que acolle poboación da cidade da Coruña e tamén de Ferrol.



Estes son, como lle dicía, exemplos diferentes —por non falar por exemplo de Calvos de Randín, en Ourense— que amosan o interese e a aplicación da lei pioneira por impulso demográfico. Aos que lles falta crecer, pois tampouco se lles axuda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...se lles aporta. E aos que o fan, aos que crecen, quítaselles o folgo para que teñan unha habitabilidade, evidentemente, coa mesma dignidade que pode ter unha vila grande. E aí nos debatemos, porque non somos capaces de axudar nin pola dereita nin pola esquerda e, nin sequera, polas boas ou polas malas. E iso é basicamente o que nos preocupa e o que traemos hoxe aquí con esta interpelación: como e cando se van resolver estas eivas. Eu —insisto— non dubidamos de que tivesen unha boa intención cunha lei pioneira —espero que non sexa referente, só pioneira, porque xa dixeran que era un oxímoro—, pero...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...non vemos —agora acabo— ningún resultado por outra parte.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Longueira, moi bos días.

Pese á crise demográfica que vive toda Europa e ao saldo vexetativo negativo da maioría das comunidades, Galicia conseguiu nestes momentos frear calquera tipo de previsión, logrando gañar poboación ata superar hoxe os 2,7 millóns de habitantes. Voulle dar hoxe, señora deputada, dous datos que son moi claros:

En primeiro lugar, no último ano, Galicia aumentou a súa poboación en máis de 10.700 persoas e, dende a aprobación da Lei de impulso demográfico, que foi no ano 2021, como vostede ben sabe, Galicia gañou 22.700 habitantes.

Vostede falaba hoxe moito de que é unha lei pioneira. Si, é unha lei pioneira, porque foi a primeira a nivel nacional en poñerse en marcha e en aprobarse.



O certo é que en Galicia cada vez vive máis xente e a poboación cada vez vive máis tempo. De feito, a esperanza de vida está nestes momentos en máximos históricos, o que demostra que en Galicia cada vez vive máis xente e cada vez vivimos mellor. Concretamente, a esperanza de vida ao nacer xa está en 83,95 anos, a cifra máis alta da nosa historia e unha das máis altas en todo o mundo. Os datos tamén demostran que o comportamento demográfico de Galicia está a ser moitísimo mellor que a catástrofe que prognosticaban os organismos estatísticos oficiais. Hai unha década, en 2014, o IGE estimaba que en 2025 vivirían en Galicia 2,5 millóns de persoas. A realidade é que hoxe viven en Galicia 2,7 millóns de persoas; é dicir, melloramos en máis de 120.000 habitantes as proxeccións de hai unha década.

Señora Longueira, a vostede sempre lle gusta tocar de oído e dicir que os xoves marchan, pero vostede nunca di —ou obvia dicir— os xoves que entran en Galicia. Eu voulle dar os datos do IGE do ano 2023: saíron de Galicia 17.700 xoves e entraron en Galicia 31.866 xoves, co cal viñeron a Galicia 14.156 xoves máis dos que saíron. Galicia nestes momentos é un lugar atractivo para vivir e para formar unha familia e, por iso, cada ano, milleiros de persoas retornan á nosa comunidade e deciden instalarse aquí. Dende a Xunta de Galicia temos unha estratexia moi potente, a estratexia Retorna e, de feito, grazas a ela, no período 2018–2023, voltaron 41.560 galegos do exterior.

Pero somos conscientes dende o Goberno de que hai que seguir mellorando as cifras, e para iso é fundamental —ou entendemos que é fundamental— ofrecerlles cada vez máis solucións, máis opcións ou máis axudas ás distintas familias de Galicia. Por iso mesmo, imos seguir intensificando, dende a Xunta de Galicia, todas as medidas que serven para atraer poboación e tamén apoiar as familias de forma incondicional.

Estámolo facendo nestes momentos a través dunha medida que vostede tamén coñece, que é única, que é pioneira a nivel nacional: somos a primeira comunidade en implantar a gratuidade das escolas infantís —tanto nas públicas, como nas privadas, como nas de iniciativa social— para todos os nenos; e facémolo durante once meses ao ano e oito horas ao día. Nestes momentos xa son máis de 32.000 as familias que poden beneficiarse cada curso. Isto é grazas, señora deputada, a un investimento de máis de 65 millóns de euros de fondos propios de todos os galegos e as galegas, cunha aportación de cero euros do Goberno central.

Facémolo nestes momentos tamén a través da tarxeta Benvida, con máis de 11.000 galegos beneficiados, ou tamén a través da posta en marcha de novas casas niño e de novas casas do maior. Temos 100 casas niño abertas en pleno funcionamento e 140 casas do maior, que —como vostede sabe tamén— é un servizo elaborado para o rural, para darlles cada vez máis oportunidades ás familias, ás persoas maiores; e, ademais, é un servizo totalmente gratuíto.

Tamén o facemos con outras medidas de conciliación, como pode ser o bono Concilia Familia, con máis de 15.000 familias beneficiadas cada ano. Facémolo co incentivo á natalidade, con beneficios para as familias numerosas, con deducións fiscais, con descontos nas taxas educativas ou nos campamentos da Xunta de Galicia... Ademais, somos a comunidade pioneira en equiparar fiscalmente o IRPF das familias con dous fillos co das familias numerosas, pero, ao mesmo tempo, tamén melloramos o tratamento fiscal a todas as familias. Imos continuar sempre atendendo as familias monoparentais, ofrecéndolles ese certificado e van-



taxes como a prioridade no acceso ás axudas, aos centros educativos e tamén aos descontos en comedores ou en campamentos de verán.

Señora Longueira, o reto demográfico non figuraba no programa de ningún partido político. Non figuraba na axenda de ningunha administración e nin tan sequera estaba no debate público. Pero Galicia levaba xa moitos anos traballando e poñendo o foco na necesidade de impulsar cada vez máis medidas que freasen a perda de poboación e axudasen todo o asentamento das familias no noso rural galego.

Grazas a este empeño, conseguimos converternos, no ano 2021, na primeira comunidade en aprobar unha lei de impulso demográfico a nivel nacional; unha lei que nos axuda nestes momentos a blindar todas as medidas en materia demográfica que temos en marcha dende a Xunta de Galicia, que lle dá seguridade a todas as familias e que nos volveu situar como un referente a nivel nacional. Meses máis tarde, foron outros gobernos, como o de Castela-A Mancha ou Estremadura —ambos os dous do Partido Socialista—, e máis recentemente Asturias, os que aprobaron os seus textos. A única diferenza é que eles recibiron o apoio unánime dos seus parlamentos autonómicos.

Miren, aínda que non lles guste, Galicia é a referencia a nivel nacional. Galicia é a que leva a dianteira en materia demográfica e é a primeira que impulsa medidas que logo son imitadas polo resto das comunidades autónomas de distinto signo político, especialmente polo Partido Socialista. A lei de impulso demográfico é un exemplo moi claro. Coa súa aprobación, Galicia puxo á disposición das familias medidas efectivas que abordaron esta cuestión e que o fixeron dende a transversalidade. Esta lei permitiunos seguir creando servizos no rural para fomentar a igualdade de oportunidades. Esta lei permitiunos afondar no retorno de todos os galegos na diáspora para que volvan a Galicia a formarse e para que volvan a Galicia a emprender e formar unha familia. Esta lei permitiunos dar a todas as persoas maiores cada vez máis liberdade para poder vivir no seu lugar de sempre —o lugar no que eles queren vivir—, ao mesmo tempo que están ben coidados e ben atendidos. Esta lei permitiunos dar á mocidade novas oportunidades de emprego e de formación, así como garantir que todas as familias galegas non teñan que decidir se coidar ou traballar.

Ante todo estes avances, ¿que foi o que fixeron vostedes, señora deputada? Pois xa llo digo eu: votar en contra dunha lei que é útil. Agora vostedes exixen que se cumpra todo aquilo respecto do que no seu día votaron en contra, todo aquilo que no seu día rexeitaron. Polo tanto, pídolle, señora deputada, que se aclaren dunha vez.

Os datos demográficos hai que avalialos sempre —como vostedes ben saben— con prudencia, e tamén hai que avalialos con contexto. A emerxencia demográfica de marzo que vostede trae á sede parlamentaria convértese —mire vostede por onde—, ao mes seguinte, nun incremento —pequeno, pero é un incremento— no número de nacementos, polo que, señora deputada, actualice os datos. Aínda que se os actualiza, temo que xa non lle vai cadrar tan ben a súa mensaxe catastrofista. En maio, Galicia rexistrou 1.187 nacementos, o que supón case un 17 por cento máis con respecto mesmo mes do período 2024.



Señora Longueira, o reto demográfico é algo moitísimo máis complexo que coller o exemplo dos datos dun mes no que baixan os nacementos. O reto demográfico é algo máis complexo que botarlle a culpa de todo á Xunta de Galicia —como estamos acostumados—; é unha cuestión moi importante que debe continuar situándose sempre no centro da axenda política de calquera goberno e é unha cuestión transversal que nos debería comprometer a todos. Nós, dende a Xunta de Galicia, por suposto que estamos comprometidos —así o demostran e así o avalan os datos que hai nestes momentos—, pero o Partido Socialista, unha vez máis, demostra a súa falta de compromiso votando, como sempre, en contra de todo. Polo que, señora Longueira, nesta materia, igual que noutras moitas, leccións do Partido Socialista —especialmente nestes momentos—, ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Señora conselleira... É o que ten de bo e de malo estar nun posto de xestión: ten quen lle faga os textos, pero despois... Eu non lle dixen o que vostede me está dicindo —estas cousas de que se perdía poboación—. Empecei a miña intervención dicindo... (*Pronunciase palabras que non se perciben.*) ¡Non! Díxenlle que perdíamos nacementos e que Galicia estaba gañando poboación, pero o que lle dicía é que... —¡señora conselleira!—...hai un tránsito e que hai un problema de desertización, recoñecido pola súa compañeira Noelia, aquí (*A señora Longueira Castro sinala a bancada da oposición.*) onte cando falabamos dos permisos de traballadores de emigrantes. Temos unha desertización do rural, temos unha fuxida de xoves que custa cada ano 209 millóns de euros, e iso é palpable; é a realidade. Hai máis de 8.000 xoves que se van todos os anos de Galicia e custan 209 millóns de euros: a súa formación e todo o que pasaron aquí durante esa etapa de formación na súa xuventude. ¡E isto é así!

Despois, permítanme outra cuestión: ser pioneiro e ser o primeiro en chegar á meta ten, ás veces, unhas eivas. Mire, a primeira lei de desenvolvemento sostible do medio rural, que facía fincapé na cuestión demográfica, aprobouna no 13 de decembro de 2007 precisamente unha compañeira miña que está hoxe aquí, (*A señora Longueira Castro sinala a bancada da oposición.*) a señora Elena, cando era ministra; e o señor Feijóo meteuna nun caixón, porque tiña que ser unha lei que se compartise entre as comunidades autónomas e o Goberno, e iso ao señor Feijóo non lle interesou.

Despois —eu xa sei que vostede se asesora moito cos seus compañeiros da fila de atrás—, eu xa lle dixen que sei que as casas niño están abrindo —¡por suposto!—, pero o que lle estou dicindo é que as profesionais das casas niño son unhas falsas autónomas que vostedes teñen alí polo caldo. Son xente que ten que facer a súa vida no rural e que vostedes teñen alí mal pagada e sen poder permitirse a mala noticia de estar enfermas. ¡E non o digo eu! Colla un periódico e verá de forma continuada como está a reflectir esa realidade; isto é o que está acontecendo.

Ademais, eu non veño aquí dar leccións de nada. Iso vostede, que senta aí e saca un discurso feito á medida. Eu o que lle veño aquí dicir é que hai uns problemas de desertización demo-



gráfica e que non están mirando cara a aí. Temos unha poboación cada vez máis envellecida e non están mirando cara a aí. Todo isto sálvase pola cuestión da inmigración; é polo único que vostedes están salvando esta situación. Se quere, algún día falamos tamén do Plan Retorna; deberíamos falar sobre todo das trampas que fan vostedes aos migrantes retornados coa formación. ¡É o que están a facer: trampas na formación! Algún día teremos que falar aquí sobre esta cuestión.

Como dicía, entre os 25 e os 34 anos quedamos sen xente; Galicia está envellecida. Vostede ten unha lei na man, que aprobaron aquí e da que dixemos, xa no seu día, que tiña moi pouca solvencia que ofrecer. Pero vostede ten a solución na man: faga un plan. Estime a partir deses fondos que vostedes din que ao principio do ano van destinar. Evidentemente, son fondos que parten dunha reconversión transversal con todas as consellerías: fale vostede cos de temas de transporte, fale vostede cos de temas de sanidade, e fale vostede, ademais, cos de temas de educación.

¡Agora di que solventan esta cuestión e dáse golpes no peito dicindo que fan un esforzo —palabra tremenda en política, facer o esforzo— de 65 millóns de euros para construír escolas infantís! O que fan é traballar, porque é o que teñen que facer: traballar. Pero é que parece ser que, cando lle ofrecemos desde Madrid 23 millóns de euros, non se adaptaba ao modelo. ¡Si, non me poña esa cara! Tiñan encima da mesa 23 millóns de euros para construír escolas infantís e saíron dicindo que non se adaptaba ao modelo. E agora vén aquí dicindo que ten que facer o esforzo con 65 millóns. Ben, pois vostede verá se quere facer un esforzo, pero eu creo que é traballo, non esforzo, e que lle puxeron encima da mesa 23 millóns que rexeitou.

Dito isto, señora conselleira, ten vostede —como se adoita dicir nos grupos de autoaxuda— unha oportunidade de mellora con esta lei que —volvo dicir— está desprovista de prazos e de obxectivos. Aquí si que imos tocando de oído. Temos a boa e mala sorte de que a xente ten que emigrar dos seus países de orixe. Veñen a Galicia, como van a outros sitios de España, onde, por certo, tamén subiu á poboación debido ao tránsito migratorio. A partir de aí, se vostede cre que esta é a única solución, eu creo que estamos no camiño equivocado, porque hoxe nos está custando 209 millóns de euros cada ano esta xente nova que formamos e que se vai.

E, despois, temos outro reto: un rural que afogan ou ao que non lle dan ningún tipo de servizo para que poida seguir crescendo.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da interpelación, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señorías.



Se o reto demográfico fose unha cuestión fácil, unha cuestión doada de solucionar, eu penso que xa tería nestes momento desaparecido das axendas políticas e das axendas das distintas administracións públicas hai ben tempo, tanto a nivel autonómico, como a nivel nacional e tamén a nivel europeo.

Pero miren, con todo, a baixa natalidade e o despoboamento é unha situación moi complexa, como vostedes ben saben. É unha situación plural nas súas causas, tamén plural nas súas consecuencias, e que eu penso que hai que analizar sempre con perspectiva. Pero, en Galicia, gústelles ou non, estamos liderando a acción fronte ao reto demográfico, e estámolo facendo con medidas pioneiras. Porque, nestes momentos, nos están preguntando outras moitas comunidades autónomas, e nos están a copiar as medidas que estamos poñendo en marcha en Galicia.

Mire, señora Longueira, vostede di que a Xunta de Galicia non fai nada. ¿E que fai o seu Goberno, que fai o Goberno central? Fala vostede de moitos concellos, fala da desertización do rural. Pero mire, ¿como non vai haber desertización no rural se o seu Goberno de España, do que tan orgullosa se sente vostede, elimina paradas do AVE? O Concello da Gudiña. ¿Como non se vai ir a xente da Gudiña se o AVE xa non para na Gudiña? A min non me produce ningún tipo de risa como a vostedes. As concesións nacionais dos autobuses. ¿Que fai o Goberno de España coas concesións nacionais dos autobuses? Eliminar trinta paradas no rural de Galicia. ¡Como contribúen vostedes á desertización, señora deputada! Eu non sei como non lles cae a cara de vergoña. (*Aplausos.*)

Fala vostede dos fondos do Goberno para a creación de escolas infantís. Rectifico: fondos europeos para crear escolas infantís. Fondos europeos que a Xunta de Galicia puxo á disposición dos concellos. E, ¿que dixeron os do Partido Socialista? Non os queremos, devólveos. Ese é o compromiso que teñen os concellos e os alcaldes do Partido Socialista coa creación de máis prazas públicas en escolas infantís.

Despois tamén lle comentou a súa compañeira —vostede tamén consulta cos que ten aí, non me estraña—. Mire, na lei da señora Espinosa, da que vostede —señora Espinosa— seguro que, se sente moi orgullosa, ¿vostede sabe, señora Longueira, cantas veces aparece a palabra demografía? Vostedes si que o sabe, o recorda: cero veces. ¡Non aparece en toda a lei a palabra demografía! É unha lei que seguramente contribúa moitísimo ao reto demográfico, señores e señoras do Partido Socialista.

Miren, señorías, dende a Xunta de Galicia non imos deixar en ningún momento de demostrar o noso compromiso fronte ao reto demográfico. Ímolo continuar facendo a nivel normativo, con esa lei propia, con esa lei transversal, con esa lei que dá resultados nestes momentos; ímolo continuar facendo tamén a nivel orzamentario incrementando cada ano os fondos destinados á familia e ao apoio a toda a infancia, e ímolo facer tamén a nivel estratéxico, implicando todos os departamentos da Xunta de Galicia e de todo o Goberno para dar unha resposta conxunta ante unha situación que é moi complexa. Por iso, imos continuar poñendo sempre á disposición de todas as familias máis axudas e máis medidas de conciliación para que ningunha nai nin ningún pai dubide de ter un fillo e conte sempre con ese apoio da Xunta de Galicia.



Pero, insisto, señora Longueira: ter un fillo é unha decisión moi persoal; unha decisión na que ningún goberno, por moito que lles diga ás familias que hai que ter fillos, as mulleres imos tomar a decisión de telos. Eu voulle dar tamén unhas estatísticas. Mire, o 36,6 por cento das galegas non queren ser nais; o 17,8 por cento se consideran moi novas para ter nenos; o 12 por cento asegura non ter nestes momentos unha parella axeitada para ter fillos, e o 6 por cento di: eu quero seguir estudando, paso por agora de ser nai.

Polo que ve, señora Longueira as causas son moi variadas, e, dende a Xunta de Galicia, o que si imos facer é darlle sempre o maior número de apoios e de facilidades a todas as familias para que ninguén teña que escoller se coidar ou se traballar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 8 da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a supresión de frecuencias nos servizos ferroviarios da estación da Gudiña-Porta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Imos seguir falando entón de reto demográfico, pero xa aplicando a cuestión a un caso moi concreto do que xa se ten falado, pero sobre o que, non por iso, imos deixar de falar ata que, na medida do posible, se solucione o problema.

Como vostedes todos saben e, sobre todo, o señor conselleiro, as decisións de Renfe e do Ministerio de Transportes implicaron a supresión de varias frecuencias de tren na estación da Gudiña-Porta de Galicia. Esta é unha cuestión que quero deixar clara: é unha competencia do Ministerio de Transportes e de Renfe. Esperemos que tamén lles pase factura esta clase de decisións, pero pretendemos tamén saber se, ademais da mobilización cidadá que está tendo lugar con determinadas plataformas —ás que xa se uniron tamén recentemente asociacións empresariais e outras asociacións culturais—, a Xunta de Galicia ten tamén pensado aportar o seu grao de area, que estimamos que pode ser bastante forte presionando a Madrid, para ver se intenta e consegue reverter esta situación.

A vulnerabilidade do transporte público en áreas rurais sabemos que limita a mobilidade, prexudica a actividade económica e contribúe ao despoboamento; todos os aspectos dos que xa temos falado cando se despoboa unha ampla zona e as consecuencias que ten. Entón, é urxente para nós coñecer se o Goberno da Xunta ten pensado adoptar medidas para evitar a consolidación desta situación, e, na medida do posible, que se poida reverter.

Por iso, a pregunta que lle facemos é: ¿que medidas urxentes —teñen que ser urxentes, porque cada día que pasa con esta situación, parece como se se lle quixese dar carta de natu-



reza— ten previsto adoptar a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias para evitar que se consolide a supresión de frecuencias de tren na Gudiña, o cal afecta unha ampla zona tamén de Valdeorras, do norte de Portugal e mesmo de zonas de Zamora; para volver garantir conexións matinais e vespertinas que permitan os desprazamentos diúrnos desde esa estación a Ourense, a Madrid e a outras zonas, e para promover un plan de recuperación e fortalecemento do transporte público nesa parte do rural ourensán?

Non nos cansaremos de dicir que consideramos intolerable que esa decisión fose, segundo todos os indicios, tomada por un capricho —podíamos chamar— dun alcalde do PSOE, concretamente do de Vigo, aproveitando a influencia que ten no Goberno de Madrid. Esas decisións teñen que ser motivadas con base no interese público, e non nos intereses concretos dunha cidade concreta.

Espero que o señor conselleiro manifeste a vontade do seu Goberno para facer toda a forza posible no Goberno de Madrid e en Renfe para reverter a situación.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

O que pensamos facer é o que vimos facendo dende que tivemos coñecemento desa decisión, e é traballar defendendo os intereses de todos os galegos. Opuxémonos dende o primeiro momento a que se eliminase esa frecuencia que lle daba lugar á xente que utilizaba a parada da Gudiña a poder chegar a Madrid o mesmo día, e imos seguir demandando o servizo que merecemos en toda Galicia.

Nósamosamos o noso rexeitamento —como lle dicía— a través de todas as vías. Dixémosllo persoalmente ao secretario de Estado; enviamos misivas, tanto ao secretario de Estado como ao propio Ministerio, e creo que tamén a Renfe e Adif, e trasladamos —como lle digo— ese rexeitamento ás medidas unilaterais que sempre adopta o Goberno de Pedro Sánchez sen ter en conta absolutamente ningún outro criterio, máis que—como di vostede— algunha petición.

Nós non estamos en contra de que haxa servizos directos dende algunha cidade, ¡faltaría máis! Pero o que non queremos é que haxa partes da poboación, sobre todo da parte interior —sobre todo das provincias de Ourense e, neste caso, tamén pode afectar os que veñen de Lugo—, que queden sen ningún tipo de servizos. Se hai que poñer unha nova frecuencia que saía de Ourense antes, en horario matinal, para que a xente do interior de Ourense poida coller un tren e voltar no mesmo día á casa, claro que si.



Iso vai en contra totalmente do que estabamos escoitando hai un momento. Aducía unha voceira do Partido Socialista que se estaba deixando o rural abandonado. A maneira de deixar o rural abandonado é intentar poñer trabas á xente que vive no rural. Podes poñer unha escola infantil, podes poñer unha casa niño, unha casa do maior, pero, se non te podes mover dende o rural ás grandes cidades, entón tes un problema. E, con estas decisións do Goberno de Pedro Sánchez de eliminar algunhas paradas no traxecto do AVE, o que fai é que esa xente se vexa abocada, loxicamente, ou incentivada, a non vivir no rural. E iso tamén pasou, como dicía a conselleira de Política Social, coas concesións nacionais de transporte por estrada, que se eliminaron trinta paradas no rural de Galicia. Esa é a mellor maneira de non contribuír e non facilitar o asentamento no rural.

Con esta medida, elimináronse dezaseis trens semanais. Teñen na Gudiña o mesmo número de trens con conexión a Madrid que tiñan antes da chegada do AVE. Fíxese vostede en de que lle serviu á Gudiña que o AVE chegue a Galicia: de nada. Porque seguen tendo o mesmo número de paradas. E, ademais, eliminouse unha frecuencia que era a que máis demanda tiña, porque a primeira hora da mañá, loxicamente, facilita poder facer xestións en Madrid.

E, como lle dicía, esta é a maneira en que entende o Goberno de Sánchez a vertebración territorial; como entende, ou como se fai a súa loita contra o despoboamento, ou como se pode chegar a conciliar a vida laboral e persoal.

E, repito, non se trata de que se eliminen paradas ou de que un AVE teña que parar en todas as paradas, se non de que haxa os servizos que ten que haber.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno.

Réplica, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Hai un vello refrán castelán que di: *Santa Rita, lo que se da no se quita*. Dende logo, non parece moi axeitado que unha vez que se tiña o servizo, e que moita xente desa zona... Porque non soamente é a Gudiña; na Gudiña é onde está a estación, pero dá un servizo moi amplo a unha zona como digo de varias comarcas: Valdeorras, Conso, Monterrei, norte de Portugal, zona occidental de Zamora. E claro, unha cousa é dar servizos —que hai que dalos— e outra cousa é quitar un que hai, porque hai que pensar que moita xente tiña a súa vida configurada con base nese servizo dende os ámbitos máis diversos: estudos, laborais, sanitarios... E, dende logo, esa clase de servizo o único que pode facer é incrementar o asentamento da poboación no rural, tan necesaria por cincuenta mil motivos dos que levamos falado, pero tamén, sobre todo, por nomear un aspecto concreto, por facer rendibles os servizos públicos, que —como saben—, cando non hai poboación, son un verdadeiro lastre.



Moito nos tememos que esa perda de frecuencias sexa o anticipo dun cerre da estación —ou iso é o que está temendo moita xente— e incluso que chegue a afectar os servizos que dá a propia estación de Ourense; esperemos que non sexa así.

Nós o que queremos é instar a Xunta de Galicia, ao Goberno da Xunta, para que faga toda a presión posible, facendo sinerxía cos movementos sociais e empresariais, que xa están tendo lugar en defensa da recuperación deses servizos. É un servizo que se está dando a moita xente, a miles de persoas. Precisamente por iso, ao mellor, pois influíu un pouquiño, uns minutos, no retraso en chegar a Vigo. Pero, claro, loxicamente se non houbera servizo, xa non se producía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Está entendida a cuestión.

Peche da pregunta, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Pois o que lle dicía era casualmente iso. Aquí non se trata de que un AVE teña que parar en todas as paradas na súa traxectoria, pero, loxicamente, o que ten que haber é determinadas paradas nas que un AVE ten que parar. E, se se determina que unha frecuencia determinada non vai parar en todas, o que hai que facer é poñer unha frecuencia máis, porque hoxe seguimos tendo as mesmas frecuencias que tiñamos antes, agás ese reforzo que existe no verán. E iso ímosllo seguir pedindo a Renfe, e imos seguir mantendo ese conflito, loxicamente, co Ministerio e co Goberno.

É verdade que lle escribimos todo tipo de misivas e nos puxemos en contacto co Ministerio para expresar que non compartiamos esa decisión que tomou o Ministerio unilateralmente. Pero —tamén lle auguro— sabe vostede que temos pouca receptividade nos escritos ou peticións que lle facemos ao Goberno, e, sobre todo, no que ten que ver coa mobilidade. Hoxe mesmo, ás dez e media mañá, fíxese o que acaba de facer Adif e o Ministerio: resulta que hai unha estación intermodal en Santiago no cofinanciamento da cal participan tres administracións, pero o Ministerio decidiu unilateralmente, sen avisar unha das partes que está implicada, facer a inauguración hoxe pola mañá, o mércores; e, ademais, ás dez e media, á hora que sabe que o Goberno está contestando os grupos da oposición neste Parlamento. Esta é a lealdade institucional que nos queda esperar do Goberno de Pedro Sánchez; esta é, non hai máis. Por certo, non somos os únicos que non estamos de acordo con esta situación. Hai outros alcaldes e exalcaldes de Santiago que tamén amosaban a súa sorpresa por ser invitados así, desa maneira, desas formas. Pero, en fin, é o que temos.

Non obstante, nós imos seguir protestando por esta situación, non imos calar. Estamos apoiando todo tipo de plataformas que existen nas súas reivindicacións cando consideramos que son xustas, e esta é unha desas reclamacións que consideramos que é xusta. Ademais, tamén lle pode dicir que, como partido político que sustenta este Goberno e como responsable tamén do partido



político ou nunha parte do mesmo, pois loxicamente tamén nos amosamos partidarios desas reivindicacións e participamos desas plataformas. Agora ben, ¿sabe cal é a verdadeira esperanza que temos de que haxa unha nova frecuencia que pase pola Gudiña pola mañá? Que haxa un cambio de Goberno. E, visto o visto, estamos máis cerca que nunca de conseguilo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a decisión unilateral do Reitorado da Universidade da Coruña de crear un novo grao en Medicina e romper o acordo de 2015 respecto do modelo de formación médica na nosa comunidade

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Julio García Comesaña, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Moi bo día, conselleiro.

A pregunta que hoxe formulamos non é unha cuestión menor. O que está en xogo é un modelo de formación médica que foi constituído dende o consenso, e a participación das tres universidades e a Xunta de Galicia, e que agora se ve ameazado por unha decisión unilateral da Universidade da Coruña. Un anuncio que racha con ese acordo do ano 2015; un acordo pioneiro que permitiu un modelo de grao único de medicina descentralizado, neste caso con base en Santiago, pero que integraba —ou integra— toda a rede sanitaria hospitalaria universitaria de Galicia. Unha decisión que daquela e agora ten todo o sentido se pensamos, sobre todo, na necesidade que teñen as facultades de Medicina de dispoñer de profesores acreditados ante a ANECA, que non é algo doado. Por poñer un dato, agora mesmo, dos cincuenta acreditados que hai na Universidade de Santiago, na Facultade de Medicina, unha porcentaxe moi alta deles —trinta— vanse xubilar nos vindeiros anos.

Señorías, non se trata pois dunha decisión illada e sen consecuencias; é unha decisión que rompe con esa unidade do sistema universitario galego e que compromete a eficiencia do sistema sanitario, que consume recursos e dilúe talento. E, todo isto —como digo—, sen contar coa Xunta. Algo terá que dicir o Sergas. ¿Ou acaso o Hospital da Coruña é da Universidade da Coruña? E tamén, por suposto, sen contar coas outras universidades nin contar por suposto con ningunha planificación.

Ademais, queredamos aclarar un par de cifras. España é un dos países do mundo que ten máis graos por habitante, onde hai máis facultades de Medicina; primeiro, públicas, e agora, tamén privadas. Un dato significativo é que, no último MIR, sobre 9.000 prazas para médicos ofertadas, presentáronse 15.000. É dicir, en España hai 6.000 médicos que non poden acceder á formación sanitaria especializada porque non hai prazas suficientes. Ese é o verdadeiro



problema da falta de especialistas, e non a falta de médicos, aínda que algúns se empeñan en dicir o contrario. Creo que máis facultades non solucionan este problema. Evidentemente, aquí quen ten que solucionar o problema é o Ministerio, creando máis prazas acreditadas de formación sanitaria especializada e que se poidan formar máis MIR; que eses 6.000 que hoxe quedan un ano esperando o seguinte MIR poidan acceder á formación.

Ademais —como digo—, ter máis facultades só agrava o problema, porque non precisamos máis títulos, só precisamos máis prazas MIR. En Galicia, ademais, hai un problema engadido, e é que a nota media dá PAU agora —da ABAU antes— é máis baixa, e isto provoca que máis da metade das prazas desta Facultade de Medicina que temos en Santiago —a máis grande do Estado, con 403 prazas— son ocupadas por estudantes de Medicina doutras comunidades autónomas que teñen unha nota da ABAU máis baixa. Aí o Partido Popular está traballando para ter uns criterios homoxéneos de corrección e de posta do exame para mitigar ese efecto. Polo tanto, como digo, non é un problema de falta de médicos, e non é un problema de que os galegos teñan que irse fóra por iso, senón polo que acabo de contar.

Polo tanto, é moi importante manter ese modelo. E o que lle preguntamos é: ¿que pensa o conselleiro desta decisión unilateral da Universidade da Coruña?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.

Ben, a demanda dun novo grao de Medicina na Universidade da Coruña non é algo absolutamente novidoso. Tense demandado en máis ocasións, é unha especie de *déjà vu* que xorde cada certo tempo. Aquí hai unha novidade. Xorde cunha proposta feita de xeito unilateral, sen ningún tipo de diálogo coa Administración autonómica, coa Xunta de Galicia —nin con Educación nin con Sanidade—, e sen ningún tipo de diálogo, e absolutamente por sorpresa, coas outras dúas universidades do sistema universitario galego. A verdade é que xerou, en xeral, un gran rexeitamento por parte dos actores que conforman o sistema universitario galego: polas outras dúas universidades; tamén, pola forma e polo fondo, pola Xunta de Galicia, e —tamén hai que dicilo—, neste caso, polos departamentos competentes neste ámbito, que son Educación e Sanidade.

Eu quixera, antes de comezar a responder en concreto, tamén agradecer a posición dos partidos políticos presentes nesta Cámara —dos tres partidos políticos presentes nesta Cámara—, que, fronte a rachar un modelo que funciona, as súas declaracións públicas foron de que era necesario profundar na cooperación, profundar na colaboración e avanzar cara a un modelo máis descentralizado que integre o conxunto dos recursos que existen no sistema sanitario e educativo de Galicia no ámbito sanitario. E incluso tamén declaracións de exrei-



tores da Universidade da Coruña —aquí está un presente— aos que tamén lles pareceu que non tiña ningún fundamento esta proposta e que apostaban máis polo que acabo de dicir: pola cooperación, a colaboración e por traballar conxuntamente neste ámbito.

Isto sempre foi así, sempre foi así. Os grandes acordos vertebrais do sistema universitario galego fixéronse sempre por consenso. Con discusión, pero por consenso. Podemos falar do Plan de financiamento, podemos falar do mapa de titulacións; e nós apostamos por sumar en vez de dividir. Realmente, se sumamos, se somos capaces de integrar todos os recursos que existen no sistema a nivel persoal, de recursos humanos, a nivel tecnolóxico e a nivel de infraestruturas, pois gañamos. Se rachamos, se fragmentamos, se dividimos, obviamente perdemos. E é certo que no acordo do 2015, que xerou unha gran estabilidade, temos que profundar, temos que avanzar, temos que facer que se desenvolva máis rápido. Tamén é certo que se desenvolveu en función do nivel que plantexaron as propias universidades, pero non é menos certo que esta ruptura, rachar de xeito unilateral con este gran acordo, pois é un enorme problema.

Creo que vostede xa dixo que algúns dos argumentos postos encima da mesa carecen absolutamente de fundamento, e, ao final, temos dúas posibilidades: ou manter unha única facultade forte, ou tres facultades en Galicia. E creo que ese é un modelo que deberíamos ter aprendido doutras cuestións vertebrais para o país que realmente teñen un pésimo percorrido e, ao final, só xeran problemas. Co cal, eu aposto sempre por sumar en vez de por rachar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro.

Se algo quedou claro na resposta é que Galicia conta cun modelo de formación médica que funciona, que aposta pola excelencia e pola cooperación entre o sistema universitario e o sistema sanitario e que, lonxe de conformarse, busca mellorar. Por iso, celebramos a creación dese grupo de traballo específico, co obxectivo de analizar e reforzar ese acordo asinado en 2015. Un grupo presidido, curiosamente, polo reitor da Universidade de Vigo e no que participan representantes das tres universidades e tamén, por suposto, da Xunta de Galicia.

O noso grupo parlamentario apoia decididamente este enfoque, porque ese é o camiño: o da planificación compartida; o da descentralización ben estruturada, e o da integración dos hospitais, non só dos da Coruña e de Vigo, senón dos de toda a rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde e, por suposto, de todos os profesionais do ámbito sanitario na docencia clínica do Grao de Medicina. Por iso mesmo, seguramente por ese mesmo espírito, hai agora mesmo unha única escola de Arquitectura na Coruña, e non hai tres. Coa mesma filosofía.



Hai que dicilo con claridade: non se trata só de formar máis médicos —como dicíamos, a Facultade de Santiago é a máis grande que hai en todo o Estado e, por certo, incrementouse un 15 por cento hai dous anos—, senón de formar eses mellores médicos. E iso conséguese cun modelo moderno, realista e ben coordinado que aproveite todos os recursos dispoñibles.

Falaba vostede da Universidade da Coruña. Efectivamente, o reitor da Universidade da Coruña, en virtude deste acordo, puido convocar unha praza de Neuroloxía hai un ano, e, grazas a ese acordo, a praza está aí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pódese facer. Polo tanto, ese é o modelo que hai que seguir.

Sabemos que este grupo de traballo xa está a definir o programa de actuacións, por suposto, e que unha das prioridades será implantar a docencia clínica no quinto curso en todos os hospitais no curso 2026–2027. Parécenos unha liña de traballo correcta —como dicía—, que ten que avanzar con axilidade, con rigor, con ambición, pero sen improvisación.

Para concretar cales serán os próximos pasos, señor conselleiro, pídolle que, se pode, no segundo turno nos diga exactamente cales son os obxectivos que se marcou o grupo de traballo, cal é o cronograma e que se espera conseguir nese avance da docencia clínica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta. Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu volvo ao que dixo o señor deputado; é dicir, ter máis facultades non implica ter máis prazas para formar máis médicos. Xa se están formando os médicos que demandan os profesionais sanitarios. Todas as voces autorizadas dinnos que é necesario formar entre 300 médicos, como rango menor, e 400, como rango superior, hoxe en día, para que poidan desenvolverse aproximadamente dentro de dez anos no eido sanitario. Iso xa se está facendo en Galicia. E, obviamente, rachar esta situación significaría, primeiro, ter profesores que non existen. Vostede deu o dato: trinta profesores vanse xubilar moi pronto. Só existen sete profesores acreditados para titular que puidesen dar clase nestas pretendidas ou hipotéticas novas facultades, co cal, é obvio que a calidade do sistema caería dentro do conxunto dos hospitais de Galicia. E, obviamente, aquí o que queremos é formar os mellores médicos para que poidan dar a mellor atención sanitaria aos galegos.

E creo que, nesta liña de cooperación que se plantexa, neste espírito de cooperación xeral, excepto dunha parte, creo que a creación deste grupo de traballo é unha boa nova. Presidido polo reitor de Vigo e formado por nove profesionais, teñen que deseñar un novo modelo cun perfil, cun carácter, cada vez máis descentralizado e máis participativo, que integre todos os recursos que hai no sistema e que posibilite que o que funciona cunha absoluta normalidade e dun xeito que eu ata diría que é brillante na Universidade de Vigo



tamén se poida facer na Universidade da Coruña. Creo que integrar todos os recursos humanos e infraestruturais de equipamento do sistema sanitario no proceso formativo vén mellorar a calidade dos egresados e vén, por extensión, mellorar a calidade dos galegos. Creo que este grupo de traballo ten unha enorme responsabilidade; estou seguro que vai estar á altura.

Obviamente, creo que a inmensa maioría dos galegos estarán de acordo en que non podemos repetir os erros do pasado. Non podemos apostar por rachar en vez de sumar, non podemos apostar pola política de poñer marcos no territorio que, ao final, nos fan máis pobres a todos. Debemos velar polos intereses dos alumnos, velar polos intereses dos futuros profesionais sanitarios, velar en definitiva polo futuro dos galegos e das galegas. E creo que temos exemplos, creo que temos moitos exemplos, onde fragmentamos asuntos clave para a competitividade do país, para a estrutura territorial do país, para o cerne do país, e, ao final, temos que ir coller, con todo o meu respecto, o avión ao Porto en moitísimos casos. Creo que non debemos repetir estes erros e debemos potenciar o que funciona ben pero que pode ser mellorado. Temos que ser máis xenerosos. Ten que haber unha xenerosidade, e á universidade se algo se lle ten que presupoñer é a altura de miras e a xenerosidade con vista no futuro, e non en criterios concretos, curtopracistas e de parte. Ao final, sempre é moito máis positivo para calquera sistema sumar que rachar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as instrucións da Consellería de Educación para o curso académico 2025-2026 en relación co control da natureza das actividades organizadas polos departamentos e o profesorado nos centros de ensino

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona María Cristina Fernández Davila, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señor conselleiro, a comunidade educativa e os sindicatos do ensino galego estanse a mobilizar hoxe mesmo diante de San Caetano en contra das medidas de neutralidade ideolóxica incluídas nas instrucións do vindeiro curso escolar; unhas medidas que deixan en mans da Inspección educativa o control das actividades dos centros. Nas súas propias palabras, a neutralidade ideolóxica é respectar os valores constitucionais, ter a capacidade de desenvolver o pensamento crítico, ter en conta a liberdade das persoas e dispor dunha visión ampla e crítica sobre os diferentes procesos, problemas e conflitos que existen neste mundo global. Entón, conselleiro, ¿que facía ata o de agora o profesorado? Que vostede use exemplos irrisorios e fóra de lugar, falando de bandeiras ou patacas cocidas, como se falase de algo irrelevante, dende logo, é vergoñento.

A intención real do Goberno do Partido Popular é limitar a autonomía pedagóxica nos centros, trasladando as funcións que ten o Consello Escolar, ás direccións e á Inspección Educativa, que debe estar informada das modificacións nas actividades, que serán admitidas de xeito moi excepcional, deixando de ser dinámicas e non dando resposta así ao que afecta o alumnado na súa vida cotiá, e co único obxectivo de exercer un control ideolóxico.



O partido do PP non se esconde, e mostra a súa cara máis reaccionaria. E estas medidas son un exemplo claro. E para iso puxo á fronte da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación Educativa a Enrique Prado Cueva, unha persoa con firmes conviccións ideolóxicas, ultras e radicais; unha persoa que critica o actual marco competencial, que se opón á acreditación do coñecemento da lingua galega nas oposicións docentes, que desqualifica e se mostra partidario de ilegalizar organizacións nacionalistas, e que chega incluso a definir o profesorado como unha nova clase ociosa de funcionarios. E vostede, señor Rodríguez, en lugar de cesalo de xeito inmediato, sae na súa defensa, dicindo que os técnicos non teñen que pensar como vostede. ¿Quere dicir, señor conselleiro, que vostede non está de acordo con estas medidas? Si que o está, e o que fai é escudarse, como sempre, detrás de criterios técnicos para ocultar a súa deriva ideolóxica. A realidade é que o Partido Popular coloca, como altos cargos, persoas que impulsan o seu ideario ultra e máis reaccionario, para, como o fan na Radio e Televisión galega, aplicar a censura e o rodete.

Señor conselleiro, a actual normativa educativa promove todos os valores que vostede nomeaba, e moitos máis. Vostedes o que buscan é acalar a opinión crítica do alumnado sobre as políticas contrarias á cidadanía galega, que practican dende o Partido Popular, dende o Goberno da Xunta de Galiza. Queren evitar que o alumnado e o profesorado mostren a súa oposición á Altri, que denuncien o xenocidio do pobo palestino ou que defendan o uso normalizado do galego nas escolas e no país.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿vai escoitar a comunidade educativa e vai retirar as medidas de control ideolóxico? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que este é un debate de grande interese; un debate de grande interese porque permite posicionar dúas formas de entender a política ou de entender a acción política en dúas cuestións claves: para o presente e para o futuro do país. A primeira, ¿que é a neutralidade ideolóxica?, ou ¿que se entende por neutralidade ideolóxica?, e, a segunda, o que é a liberdade de expresión e o respecto ao diferente.

En canto á neutralidade ideolóxica na educación, dá a sensación de que nun servizo público tan esencial para calquera sociedade como é a educación, debe haber unha neutralidade ideolóxica. Iso parece un discurso básico comunmente aceptado por todas as escolas pedagóxicas do mundo. ¿Cal é o papel da educación na formación das persoas, na formación dos individuos?

E aquí hai dúas visións: á súa —a do BNG, a da UPG ou a da CIG—, cunha visión nacionalista de esquerda, de base leninista. Entenden que hai que facer unha enxeñaría social e se revelan cando, nalgún momento, lle poñen un espello diante. Nós o que perseguimos é unha pers-



pectiva liberal da educación: formar cidadáns libres, cidadáns críticos, nunha sociedade plural e nunha sociedade aberta. E creo que eses son dous modelos diferentes.

E a outra cuestión, tamén significativa, é a liberdade de expresión e o respecto ao diferente. Vostedes fan unha limitación de parte, cun certo tufo totalitario: o que non pensa coma min é malo. Utilízana só cando lles interesa e teñen unha especie de visión supremacista: como este señor ou un grupo de señores non pensa coma min, non se aforran calquera tipo de cualificativo.

Comezo por este último asunto. Vostedes —eu supoño— son conscientes de que están atacando e cuestionando un funcionario público por expresar libremente as súas ideas; e non é un alto cargo, un funcionario público por expresar libremente as súas ideas, coas cales podemos coincidir ou non. É máis, non só o cuestionan, senón que exixen represalias; exixen represalias por expresar as súas ideas, e a súa metodoloxía é xa coñecida. Cando algún funcionario non lles dá a razón, simplemente o desprezan, o critican ou piden represalias contra el. Pasou, por exemplo, en Altri, e pasa, pois, neste caso. Sinalan, atacan, perseguen o que non pensa como vostedes porque, obviamente, a verdade —digamos— é a dos nacionalistas de esquerdas. ¡Bueno!, é a súa verdade, pero entenda vostede que pode haber outras verdades, polo menos, tan respectables como a súa.

A verdade é que tamén son previsibles. Eu agradezo que nos dean a razón, porque eu pensaba que eran así, pero demóstrano coas súas accións e, cando se cita a neutralidade, vostedes póñense absolutamente nerviosos, e saíu en trompa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) toda a galaxia do BNG, da CIG, da UPG; todos, en trompa, a cuestionala, como se fose unha especie de pecado orixinal, pero...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...señoría, ¿que hai de malo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...na neutralidade ideolóxica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...no sistema educativo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Réplica da señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, polo visto, señor conselleiro, a dereita non ten ideoloxía —está ben—, pero desvirtúan a linguaxe; estano facendo constantemente.



Cando fala vostede de neutralidade ideolóxica estase a referir ao tratamento que merecen, nos centros galegos, os temas como a igualdade, o proxecto de Altri, a defensa da nosa lingua ou o xenocidio do pobo palestino. *(Aplausos.)*

O Partido Popular xa quitou a careta da falsa moderación ideolóxica que utiliza en épocas de eleccións. *(Aplausos.)* Exemplos recentes son a despedida que fixo ao seu compañeiro, ao señor Villares, en lugar de cesalo o señor Rueda. Non houbo nin unha soa palabra de apoio á vítima de violencia sexual e ocultaron a denuncia durante máis de catro meses. *(Aplausos.)* Tamén usaba esa mesma linguaxe, propia do Partido Popular, o señor Villares, *(Aplausos.)* cando falaba de «feitos da esfera estritamente privada» para referirse a unha presunta agresión sexual. ¡Moi ben!

Agora defenden e manteñen un alto cargo; alto cargo responsable da Inspección Educativa na súa consellería, en lugar de cesalo dende que as súas publicacións noxentas e reaccionarias foron sacadas á luz. É máis, xa non debiera ser nomeada unha persoa con eses antecedentes porque, ¿que papel esperaban vostedes de alguén que fai ese tipo de comentarios e que ten ese ideario? Pois está claro que a escolla non é unha casualidade. O señor Prado é o perfil buscado polo Partido Popular: unha persoa que respalda, impulsa e aplica medidas, como son agora as da neutralidade ideolóxica.

A comunidade educativa non vai quedar parada, e non vai permitir o control ideolóxico e a censura nos centros. Defenderá os dereitos educativos do alumnado e do profesorado, poñendo en valor a súa profesionalidade e capacidade. Un sector acosado e maltratado e que agora serán fiscalizados por un cargo do Partido Popular que di que son unha clase ociosa, ¡vaia!

Mire, o Partido Popular cando rectifica sempre acerta. Retiren as medidas de neutralidade ideolóxica e asinen xa o cesamento das persoas responsables daquelas. ¡Que xa está tardando! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Efectivamente, señora deputada, a dereita ten ideoloxía, por suposto que temos ideoloxía; *(Murmurios.)* tan válida como a súa —tan válida como a súa—. *(Murmurios.)* E voulle dicir unha cousa, nós non a queremos impoñer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós queremos convencer —convencer— *(Risos.) (Aplausos.)* os cidadáns, e non queremos metela nas aulas; cousa que a vostedes parece que lles gusta... Por iso están tan molestos.

E xa non é só iso, é que hai unha manipulación constante nas súas palabras. En primeiro lugar, este señor non é un alto cargo. *(Algúns señores deputados: ¡Non!)* En segundo lugar, estamos a falar das actividades que están fóra da programación xeral anual do centro e van ser os inspectores, e non este señor, quen digan se respectan a neutralidade ideolóxica ou



non, co cal —eu creo— non é bo manipular, como recortar parágrafos e poñelos de xeito descontextualizado nunha misiva. Creo que aí hai un certo interese por intentar posicionar unha mensaxe da súa parte, que é a que é.

E eu realmente si que os felicito porque son moi disciplinados e seguen absolutamente as instrucións que lles marca a UPG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes simplemente entenden que... E tamén, no ámbito da súa organización sindical, ou nos titulares, sempre poñen a palabra conflito —conflito, conflito e conflito—.

A verdade é que terán que explicar, máis alá das súas fronteiras ideolóxicas, por que é mala a neutralidade ideolóxica e por que non se debe trasladar aos alumnos unha posición ideolóxica política de parte. Nós entendemos que non porque nós queremos formar cidadáns libres e con pensamento crítico. E, precisamente, a neutralidade é a base do pluralismo social, é a base do pensamento crítico, e vostedes son máis do pensamento único. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Vostedes teñen absolutamente unha base de pensamento único e, por suposto, tamén respectan os valores constitucionais. ¿Para que os valores constitucionais, se vostedes non votaron a Constitución?

A ver, cando falamos de valores constitucionais, falamos de diversidade, de sostibilidade, de respecto ao diferente, de paz, de convivencia; outra vez, de pensamento crítico, e non dun pensamento único, totalitario, intransixente, como o que estamos escoitando da súa parte. É realmente fantástico escoitalos dicir que este señor, na súa liberdade de expresión, debe ir fóra do cargo que ostenta. E hai moitos anos que, libremente, expuxo a súa posición ideolóxica. ¿Que non é igual que a súa? ¡Si, pero eu respéctoa! Imaxine vostede, *(Murmurios.)* sobre todo no ámbito da Consellería de Educación, ¿cantas persoas hai que non pensan como pensa o Goberno? *(Murmurios.)* Imaxinen: ¿que facemos con elas?; ¿destituímolos como pide vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, ¿que faría?; ¿destituíríaaas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Queixas.)* ¡Si!, estao pedindo, estao pedindo aquí.

Realmente teñen que explicar moi, moi ben —moi, moi ben— por que din que non *(Aplausos.)* á neutralidade ideolóxica; por que din que non ao pensamento crítico e por que din que si á persecución ideolóxica das persoas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro Rey.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Tristemente, teño que iniciar hoxe a miña intervención condenando e rexeitando outro asasinato machista.

Esta mañá, en Valencia, un home asasinou a súa muller e o seu fillo. Ano 2025, seis meses que levamos, e 17 mulleres e 3 menores asasinados. En Galicia, é un ano negro tamén no tocante á violencia machista: houbo 4 intentos de homicidio, 2 asasinatos e 1 por confirmar, con todos os indicios de selo tamén. Josefa de 76 anos e Maritza, de 49, dúas mulleres asasinadas e confirmadas como vítimas da violencia. Lémbrello á señora Prado porque non o sabe, demostrando, novamente hoxe no pleno, que o PP vive á marxe da realidade, e ela mesma, deixando patente, novamente, o negacionismo e o cuestionamento da violencia de xénero.

Ao longo de todo o territorio: A Coruña, O Bolo, Verín, Campo Lameiro... Son casos terribles que evidencian que queda moito por facer e que trasladan á sociedade unha gran desazón por ver que non avanzamos.

Aínda que, segundo o que dixo hoxe tamén no pleno o presidente Rueda, é dicir, que a loita contra a violencia machista é unha das súas prioridades políticas, pero, a realidade é que, para ser unha prioridade, dedicou unicamente un minuto a falar de violencia machista no seu Debate sobre o estado da Autonomía. Un minuto. E fíxoo para anunciar os CIM móbiles, algo que xa anunciara a súa antecesora, a señora Rivo, na pasada lexislatura.

Dentro destes feitos graves que levamos padecido neste ano, non podo deixar de nomear a denuncia por agresión sexual contra o compañeiro do seu goberno e a resposta que deron vostedes. Uns feitos que trasladan á sociedade unha percepción terrible en relación cos seus representantes, coas persoas que elixiron democraticamente para gobernar o seu país; unha resposta totalmente errónea, de amparo e protección a unha persoa que está a ser investigada por un feito moi grave, cun nesgo profundamente machista.

Señora conselleira, nin vostede nin eu podemos responder nin culpabilizarnos polas condutas de terceiros, pero si é esencial dar unha resposta contundente ante calquera agresión, aínda que sexa presunta. E Rueda errou gravemente coa súa resposta, influído pola súa relación persoal co conselleiro, e deixou o resto do Goberno aos pés dos cabalos, e a vostede, aínda máis, porque é a conselleira de Igualdade; unha resposta desaxeitada, que ten consecuencias moi graves na nosa sociedade porque transmite unha mensaxe de sinalamento á vítima, de cuestionamento do seu relato e de apoio ao presunto agresor —e o que é peor—, así como de protección ao poderoso, o que causa, ademais, un efecto enormemente disuasorio nuns delitos, como os de agresión sexual, que non se denuncian nun oitenta por cento dos casos.

Por iso hoxe quería falarlle dos CIM porque son medidas e recursos creados para evitar a violencia sexual e a violencia de xénero. Foron creados no ano 2016, e non como meras oficinas administrativas, senón como recursos permanentes para levar a cabo unha interven-



ción global dirixida ás mulleres e proporcionar asesoramento xurídico, psicolóxico, socio-laboral e tamén tarefas de prevención ante a violencia machista.

Hoxe quería preguntarlle se ten previsto xa ampliar ou modificar ese decreto que regula as dúas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Castro, a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unha das máximas prioridades para a Xunta de Galicia.

Sabemos que debemos consolidar as medidas no ámbito local, que é o ámbito máis próximo á cidadanía; por iso, nestes momentos, contamos cunha ampla rede dos CIM; unha ampla rede que está espallada por todos os recunchos de Galicia. En concreto, estamos falando de 34 centros que están en funcionamento e que dan cobertura a preto de douscentos concellos da nosa comunidade; uns centros que —como ben sabe— son de titularidade municipal e que atenden unha media de dezasete mil seiscentas mulleres ao ano. Unha rede que garante que, mentres haxa unha soa muller que precise apoio, aí estará, ao pé do canón, para axudalas. Ademais, é unha axuda que se estende ao colectivo LGTBI, sendo tamén, neste caso, un punto de referencia.

Por iso, dende a Xunta, imos seguir reforzando os CIM porque son os primeiros en escoitar e en achegarlles solucións a todas as persoas que os necesitan. Queremos estar ao seu lado e queremos continuar apoiando un labor que é imprescindible. Neste momento, xa estamos en marcha co Plan integral de actuación para a renovación e para o impulso destes centros, que ten dous obxectivos principais: en primeiro lugar, ten como obxectivo coñecer a realidade destes centros, ver onde temos que poñer o foco para o seu impulso e tamén blindar a atención que ofrecen os centros. E en paralelo á elaboración deste plan integral, estamos dando pasos moi importantes para mellorar os centros de información, aos cales destinamos cada ano 6,5 millóns de euros; isto supón un trinta por cento máis que respecto do ano 2024. É un esforzo que o materializamos con máis fondos: máis fondos para mellorar o equipamento; máis fondos tamén para apoiar o pagamento de todo o persoal; máis fondos para continuar achegando cada vez máis formación especializada, pero tamén para poñer en marcha máis actividades de promoción da igualdade e da prevención da violencia de xénero.

En definitiva, o compromiso da Xunta de Galicia e do Goberno é inquebrantable na loita contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, en relación co funcionamento dos CIM, levamos moito tempo, no PSdeG, dicindo que o Decreto do ano 2016 necesita ser modificado e ser actualizado porque os CIM non poden ser unha mera oficina administrativa, senón... —non teño tempo, presidente, non teño tempo; non, é que non o vía para guiarme—... que teñen que ir máis aló.

Mire, faláballe eu de diferentes casos ao longo de todo o territorio; pero neses casos de violencia de xénero —os asasinatos que sufrimos este ano— existiu unha resposta policial eficaz, pero fallou, por unha banda, a resposta xudicial, pois non se pode entender que un home condenado por violencia, con reiterados quebrantamentos, non estea en prisión; pero tamén fallou a resposta asistencial, tanto psicolóxica, porque esas mulleres tiñan que estar asistidas, como a prevención, pois, ao final, é a medida máis eficaz porque é a única que evita a violencia de xénero.

Polo tanto, esa modificación do Decreto é esencial; e —como lle dicía— é esencial porque os CIM non poden ser unha mera oficina administrativa e porque a asociación Asocim leva moito tempo dicindo que o persoal é insuficiente, que simplemente están a facer labores de atención ás vítimas da violencia de xénero, cando tiñan que ir moito máis alá. Un CIM tiña que prestar tamén ese labor de asistencia, ese labor social e tiña que tamén crear esa rede de prevención e esa rede de mulleres en todo o territorio. Na actualidade, despois de case unha década de regulación, temos as mulleres que viven no corenta por cento do territorio galego sen ningún tipo de acceso aos CIM; e isto non pode ser, non poden existir mulleres de primeira e mulleres de segunda.

E eu pídolle que modifiquen o Regulamento, canto antes, porque estamos a ver que a violencia de xénero é un problema que avanza cada día máis. Os datos de Galicia, neste momento, son terribles e as estatísticas destes anos dinnos que o verán é a peor época para a violencia machista. Poñan medios, poñan recursos ou modifiquen o foco porque estamos a ver que non é suficiente, cando estamos a padecer diariamente vítimas de violencia machista.

Dende o Goberno de Zapatero, pasaron vinte anos de regulación, desa primeira vez que colocaba ese machismo estrutural e daba unha regulación á primeira Lei de violencia de xénero. Durante este tempo avanzamos moito a nivel lexislativo, pero aínda queda moito por facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Castro, o noso obxectivo é continuar blindando sempre os centros de información á muller, e estámolo facendo do mellor xeito posible; e estámolo facendo sempre contando



con todas as traballadoras dos centros. Por iso, eu hoxe quero aproveitar esta intervención para darlles as grazas a todas as mulleres que están traballando nos centros de información á muller; un traballo, ás veces, pouco recoñecido, pero que é imprescindible para que a sociedade galega continúe avanzando.

Pódolle avanzar tamén, señora deputada, que estamos finalizando o estudo e o diagnóstico sobre a situación e o funcionamento dos centros de información á muller; un estudo, que é a primeira fase dese plan integral de actuación, que nos permitirá actuar de primeira man e coñecer tamén a realidade de cara a deseñar novas actuacións que permitan a renovación e o impulso dos centros de información á muller. E ímolo facer adaptándonos á evolución da demanda e ás necesidades reais para ofrecer unha atención de calidade a todas as mulleres que o necesiten en Galicia. Xa rematamos, nestes momentos, a fase de escoita activa aos concellos, tamén a todas as traballadoras dos CIM e tamén a outro persoal, e tivemos unha resposta, a verdade que moi positiva por parte de todas.

Sabemos, polo tanto, a onde nos temos que dirixir. Somos conscientes de que temos que continuar consolidando os esforzos no rural e achegar, sobre todo, cada vez máis recursos e máis opcións para a xente máis nova. E, por iso, como primeira medida, imos ampliar a rede dos CIM, poñendo en marcha catro CIM móbiles; uns CIM que van percorrer, principalmente, os concellos máis rurais de Galicia, pero tamén que acudirán aos lugares onde se concentra a xente máis nova, como son as universidades galegas.

Polo tanto, señora deputada, o compromiso da Xunta de Galicia cos centros de información da muller é indubidable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*A señora Prado del Río solicita a palabra.*)

¿Si, señora Prado?, ¿para que quere a palabra e con base en que artigo?

Dean voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, con base no artigo 76.1, por xuízos de valor sobre a miña persoa.

O señor PRESIDENTE: Ten un turno vostede.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Esta mañá, cando a señora Pontón interveu na sesión de control, falou de dous asasinatos machistas en Galicia, atribuíndo un deles ao de Campo Lameiro. Eu advertín, nesa sesión de control, que había que ser prudentes, que a señora Pontón, como xuíza, xa dicía que fora un asasinato e eu dixen: «eu non o sei». Parece que a señora Castro tamén é xuíza e tamén sabe que o que sucedeu en Campo Lameiro foi un asasinato machista.



Eu, esta mañá, puxen en dúbida as manifestacións da señora Pontón e tamén llo quero dicir a señora Castro porque hai publicadas declaracións do subdelegado socialista do Goberno, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o señor Abel Losada. Hai dúas noticias, do 12 de xuño deste ano —hai escasos días—, nas cales se dicía: «*Hay dos vías de investigación en el caso de la pareja calcinada de Campo Lameiro: crimen machista o suicidio*». Unha noticia. Outra, as declaracións do subdelegado do goberno, o socialista Abel Losada: «*La Subdelegación confirmó que los dos fallecidos eran Marisol y Ramón, pero no hubo ninguna referencia a la condición de víctima de ella ni al historial delictivo de él. Se limitó a decir que quería mantener la prudencia,*» —la prudencia—, «*y que la investigación continúa, y que ¡todas las hipótesis! siguen abiertas*».

E, señor presidente, quero deixar claro que eu hoxe falei... *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Non falou nada!)* con base nestas manifestacións do subdelegado do Goberno, de que todas as hipóteses estaban abertas. E en ningún caso esta deputada puxo en dúbida ningún crime machista nin a protección das vítimas nin que Marisol fose vítima de violencia de xénero previamente ao seu falecemento.

O que non se sabe é se foi por asasinato ou por outra cuestión...;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...cuestión esta que puxo en valor o subdelegado socialista do Goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) *(Murmurios.)*

(O señor presidente diríxese cara a algún señor deputado ou deputada.)

Non hai lugar, non hai lugar. Non, perdoe, ¡perdoe, perdoe!; non o están escoitando, non o están escoitando e non ten a palabra. Non ten a palabra. Non. Non.

Mire, eu xa lle dixen... —¡perdoe!, ¡perdoe!—..., xa dixen varias veces que vostedes teñen que ser prudentes. *(Queixas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se vostede menciona ou fai un xuízo de valor, como acaba de facer da señora deputada Prado, que dixo que non ten coñecemento, e chámalle de «desinformada» sobre un tema tan importante, como é un tema de violencia machista...

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) *(O señor presidente diríxese á señora vicepresidenta segunda, Prado Cores.)*

Vostede, ¡por favor silencio, que é membro da Mesa, e ten que ter un respecto institucional! ¡Iso é o primeiro, ¿eh?! Non, non entre vostede, pois, ademais, non sei se estaba vostede na cuestión.

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Estou, si.)



Non sei se estaba, cando ela foi a aludida. Pois iso, vostede, se quere protestar...

(Queixas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(O señor presidente diríxese cara a algún señor deputado ou deputada.)

¡Perdoe un momento; perdoe vostede un momento, non ten a palabra!

(O señor presidente diríxese cara á vicepresidenta segunda, Prado Cores.)

Se quere, vostede pida a palabra desde alí, pero agora non lla vou dar.

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Amigo!)

Evite o paseo.

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Aquí, a lei do embudo.)

Entón, ¡terminou, terminou o asunto!

(Interrupcións.) (Murmurios.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

(O señor presidente diríxese cara a algún señor deputado ou deputada.)

¡Vostede non tiña...! Vostede cometeu un erro. Sexan prudentes, non aludan; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non aludan, vostede aludiuna. Chamoulle de «desinformada», en palabras claras; chamoulle de «desinformada», sobre esa cuestión, e iso —como comprenderá—, nun tema destes, é un tema importante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Evítese vostede ese comentario. Hai que ser máis prudentes.

Aquí o malo de falar é que ás veces despois che replican. *(Queixas.)* Apliquen o conto. ¡Si, si! Hai que ser prudentes. ¡Si, si! *(Queixas.)*

Pódese facer outra forma de parlamentarismo, con máis ironía, pero se aluden directamente, o deputado ou a deputada ten dereito a pedir o turno, que é o que acaba de pasar aquí. Sexan máis prudentes. ¡Terminou!

(Queixas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Terminou. Síntoo; síntoo, síntoo... *(Aplausos.)*

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances acadados a prol dos dereitos das persoas LGTBI

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trenor López.



O señor TRENOR LÓPEZ: A ver se respectamos o turno. Supoño que isto non desconta o tempo. Imos respectar o turno dos demais, e a ver se lemos o Regulamento, que tamén sería bo.

Señora conselleira, benvida.

O próximo sábado, o 28 de xuño, celebramos o Día do Orgullo Gai. Reivindicamos dereitos, divértimonos tamén, manifestámonos e instamos toda a sociedade a practicar a tolerancia. Cada gai, cada lesbiana, cada transxénero, cada transexual celebrará o Día do Orgullo como lle pete.

Pero nós, os que nos dedicamos a traballar para mellorar a nosa sociedade, temos que ter claro que aínda queda moito por conseguir. É verdade que avanzamos moito, pero quero lembrar que hai tan só 35 anos a Organización Mundial da Saúde aínda definía a homosexualidade como unha enfermidade mental; hai tan só 35 anos, é para que reflexionemos.

E hoxe falamos de orgullo e de dignidade, da dignidade fronte os prexuízos, fronte ao odio, fronte á estima e fronte ao medo. E falamos de orgullo, de orgullo do que somos, da nosa orientación sexual, das nosas reivindicacións e tamén do acadado nas últimas décadas.

E aquí, en Galicia, celebramos o Orgullo. Facémolo dunha forma especial porque os galegos fixemos historia; fixemos historia sendo a primeira comunidade autónoma en aprobar unha Lei integral de igualdade de trato e non-discriminación para o colectivo LGTBI. Din os que non fixeron nada, os que non loitaron, os que chamaban «*mariquitas*» aos seus compañeiros que a lei é descafeinada, pero, en fin..., os que si que traballamos nesa lei, os que si que levamos anos reivindicando dereitos, o que si que levamos moitos anos sen descualificar os nosos compañeiros, con ese tipo de palabras, estamos moi orgullosos.

Esta Galicia, que vostedes pintan de gris, esa Galicia reaccionaria e esa Galicia que tampouco lles gusta foi a primeira comunidade autónoma de todo o Estado en aprobar unha lei LGTBI de todo o Estado. Supuxo unha mensaxe moi importante de apoio para todos os galegos e galegas gais, lesbianas e transexuais e tamén para as súas familias. Supuxo a mellor declaración a favor da igualdade e contra a discriminación que podía facer este Parlamento. É unha lei que non gustou aos radicais; non aos de extrema dereita, pero tampouco aos de extrema esquerda. Diso tamén estamos moi orgullosos, de que en Galicia os radicais non teñen cabida.

Pero, sobre todo, porque grazas a esta lei déronse importantes avances. Creouse no 2018 o Observatorio galego LGTBIQ. Puxéronse en marcha grupos de traballo para facer fincapé en como acabar coa lgtbifobia en eidos como a educación, en eidos como o deporte ou nos colectivos vulnerables. Convocáronse axudas para apoiar o movemento asociativo. Aprobáronse os protocolos contra as agresións sexuais e lgbtfóbicas no lecer nocturno e tamén en eventos e en espazos festivos. Puxemos en marcha formacións da EGAP. En outubro de 2023 habilitouse o servizo Arco da Vella. E, coma estas, moitas outras medidas.

Por iso, señora conselleira, ¿que valoración fai o Goberno galego sobre os avances acadados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor TRENOR LÓPEZ: ...a prol dos dereitos das persoas LGTBI?

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señor Trenor, como vostede ben di este sábado conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTBI. Unha causa na que Galicia é pioneira e referente, coa aprobación no ano 2014 da primeira lei autonómica contra a discriminación das persoas homosexuais, transexuais, bise-xuais e intersexuais.

Pero, ademais, en Galicia puxemos en marcha numerosas accións cun impacto moi positivo na vida da comunidade LGTBI, que tamén foron pioneiras a nivel estatal. Por iso consideramos fundamental que as persoas LGTBI ocupen un espazo visible na nosa sociedade, para seguir sempre ofrecéndolles ferramentas para poder apoialas.

Por iso case duplicamos o apoio económico ao movemento asociativo. Apoiamos economicamente programas de atención directa e tamén de asesoramento. Ofrecemos un asesoramento específico a través dos centros de información, que contan cun protocolo específico para a atención ás persoas LGTBI, aprobado, como vostedes saben, polo Observatorio Galego.

Pero, ademais, dámoslles ese apoio a través dos centros Quérote+ —atención especializada, acompañamento...— e aprobamos tamén no último pleno do Observatorio o protocolo sanitario para a atención das persoas trans.

Contamos, como dicíamos, con puntos lila e con arcos da vella en oito festivais de Galicia; con dinámicas moi claras de sensibilización, pero tamén cun punto de atención específico en cada festival. E, entre outras iniciativas, tamén dispoñemos de medidas para a inserción no mercado laboral, especialmente das persoas trans.

No marco deste apoio incondicional a todo o colectivo podo avanzarlle que, con motivo do 28 de xuño, imos impulsar unha acción especial coa que poñeremos en valor a historia invisibilizada de galegos e de galegas que foron discriminados. Queremos enxalzar esa Galicia orgullosa e comprometida cos dereitos das persoas LGTBI.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitísimas grazas, conselleira. Grazas polo seu traballo e tamén por esa iniciativa que vostede anunciou agora, que pretende que moitísima xente, o seu traballo e as súas reivindicacións, saian desa invisibilidade á que durante moitísimos anos foron



condenadas. Creo que calquera actividade que sirva para visibilizar —tanto os gais, as lesbianas, os transexuais como pode ser o seu traballo e a súa historia— é positivo. É moi importante construír referentes sociais, importante para os nosos xoves, para os mozos e as mozas, pero tamén moi importante para todos eses pais e nais que tamén queren saber como educar e como coidar mellor os seus fillos.

É verdade, señorías, que as cousas cambiaron moito grazas a leis como a nosa, pero tamén grazas ao traballo que está a facer a Xunta de Galicia e tamén outras administracións. Pero hai que seguir traballando, porque se seguen a producir agresións por cuestións de orientación e identidade sexual. As agresións e os crimes de odio homófobos e transfóbicos teñen un efecto devastador nas persoas LGBTI. Desde as máis atroces como as de Samuel, das que xa falamos nesta Cámara, como outras máis sutís, como é o uso da linguaxe homófoba; e si, tamén o uso da linguaxe homófoba aquí nesta Cámara. E, se quere, podemos lembrar cando houbo que suspender unha comisión porque un deputado reprochou ao outro que utilizarse precisamente ese tipo de linguaxe. E agora non aplauden, ¿a que non? E cando houbo ese sinalamento tampouco houbo esa comprensión que vostede solicitaba e pedía. Máis ben todo o contrario, incluso ata lles pareceu mal que se lle dixeran a ese deputado que non utilizase esa linguaxe. Pero ese é o día a día.

Señorías, dicía o ano pasado que as agresións provocan medo e o medo convértese en vergoña, e a vergoña leva a esconder a identidade dun mesmo. Por iso temos que seguir traballando con iniciativas como a que destacaba a señora conselleira. Temos que seguir combatendo o sentimento de vergoña e de estigma social, plantar cara ás agresións e ás ameazas. E temos que facelo, señorías, con orzamento.

E digo isto porque, fíxense, recentemente o Goberno central presentou a Estratexia para a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI. Estratexia que inclúe medidas que na nosa comunidade, por sorte, xa están incluídas e xa se están a levar a cabo. Pero é que, unha vez máis, o Goberno central convida, pero non paga. Propón ás comunidades autónomas unha estratexia sen fondos necesarios para desenvolvela. Que ninguén se leve a engano: sen orzamentos esta estratexia, en vez de ser un avance para os dereitos das persoas LGTBI, quedará en papel mollado. Como está a suceder coa lei ELA, como está a pasar...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TRENOR LÓPEZ: ...cos constantes recortes en materia de dependencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TRENOR LÓPEZ: ... ou como a vivenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Peché da pregunta, conselleira de Política Social e Igualdade.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señor Trenor, a aposta do Executivo Galego polos dereitos das persoas LGTBI é clara e, ademais, vai acompañada de fondos e vai acompañada de medidas. Non acontece o mesmo, como vostede ben dicía, coa Estratexia estatal para a igualdade de trato e non discriminación que está impulsando o Goberno central. Unha estratexia que supón un avance para o colectivo, que inclúe tamén cuestións que son competencia transferida ás comunidades autónomas, polo que moitas medidas nestes momentos xa están sendo postas en marcha na nosa comunidade. Pero, pese a iso, o Goberno central xa nos deixou moi claro, pero moi claro, a semana pasada que non vai haber cooperación institucional en materia LGTBI; ou o que é o mesmo, que non a vai haber financiamento para as comunidades autónomas nesta materia.

E aquí hoxe, tal e como exixín tamén na conferencia sectorial, considero que é imprescindible que o Goberno central dote as comunidades autónomas dos fondos necesarios para que esta estratexia non quede en papel mollado, nin que pase con esta estratexia como está pasando con outras medidas; por exemplo, como a Lei ELA ou tamén como os constantes recortes en materia de dependencia.

Pero a realidade é que o que se definiu no seu día como «o Goberno máis progresista da historia» o único que fai é recortar aportacións ás comunidades autónomas e achegar cada vez máis frustración á xente. Un Goberno progresista que, quero lembrar, vén de recortar 2,3 millóns de euros a Galicia en materia de igualdade, exactamente, no Plan Corresponsables, que é un recorte que a Xunta de Galicia vai asumir e vai compensar con fondos propios dos galegos. Polo tanto, señorías, hai unha dobre vara de medir: imponse corresponsabilidade financeira nuns asuntos, pero ao mesmo tempo dáselles ás comunidades autónomas un «non» rotundo para continuar achegando máis fondos para as políticas LGTBI.

Por sorte en Galicia, como saben, temos un Goberno responsable. Temos unha folla de ruta clara e, polo tanto, Galicia vai estar sempre comprometida coas persoas LGTBI, pero tamén nese avance no camiño da igualdade e na loita contra a discriminación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

A desinformación vergoñenta é a da señora Prado: dous casos confirmados de violencia machista en Galicia. (*Aplausos.*) Josefa, do Bolo, 76 anos, e Maritza, da Coruña, señora Prado. Infórmese, por favor.



Dito o cal —desculpe, señora conselleira—, o que están facendo coa autovía da Costa da Morte é un síntoma claro de abandono institucional e desprezo a esta bisbarra. As socialistas e os socialistas sabémolo ben. Hoxe saúdo os alcaldes e alcaldesas e concelleiros da Costa da Morte que hoxe nos acompañan. Que, por certo, son a maioría vermellos, señora conselleira, con moito orgullo; e son políticos e políticas de vocación que están a transformar e mellorar a vida da xente nas súas vilas, ás que moitas veces a Xunta lles dá as costas. Cabeza ben alta sempre, compañeiros, porque o PP non pode dar leccións de nada.

Lembran perfectamente, señora conselleira, cando o 29 de xullo de 2016, o entón presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, visitou esta comarca e inaugurou o tramo da autovía ata Zas. E dixo —está gravado, pódeno ver en Youtube—: «Non nos podemos conformar, porque a conselleira de Infraestruturas —naquel momento a miña compañeira de Mesa, Ethel Vázquez, de Ponteceso, por certo— xa ten preparado o proxecto construtivo para este mesmo ano da autovía da Costa da Morte ata Camariñas». Nove anos despois. ¡Nove, señora conselleira! Nove anos de promesas baleiras, de titulares repetidos, de deixar esquecida a comarca enteira. E o que anunciaron agora, hai apenas dúas semanas, no Consello da Xunta é un tramo de 5,5 quilómetros de Baio a Calo-Pasarela no Concello de Vimianzo; que non vai a Camariñas, pese a que *La Voz de Galicia* dixo que ía ata Camariñas e tamén o volveu reiterar a Televisión de Galicia. Rectifiquen, por favor, que non vai ata Camariñas; vai ata Calo-Pasarela, no Concello de Vimianzo. Por certo, é un proxecto sen dobre vía, sen calendario serio, non hai un proxecto de execución pública aberto, non hai iniciado nin sequera o procedemento de licitación do proceso de execución e sen conexión real co que se prometeu, señoría.

E aínda por riba, como dicía, confunden a xente. E mentres tanto, conselleira, manteñen as peaxes entre Carballo e a Coruña. Que, por certo, subiron en xaneiro de 2025, con míseras bonificacións, sen políticas de cohesión territorial desta zona, tan básicas para a comarca. E ¿por que os usuarios recorrentes da autovía da Costa da Morte non teñen as mesmas bonificacións do 75 por cento que aplica o Estado na AP-9 ou na AP-53? ¿Por que a Xunta non aplica á Costa da Morte o mesmo que lle exige ao Goberno de España, conselleira? Sabe ben que a peaxe entre Carballo e a Coruña implica un custo máis ou menos en vehículo lixeiro de máis de 104 euros ao mes para 20 viaxes ao mes.

Por iso lle formulo dúas preguntas moi, moi concretas. ¿Vai o Goberno galego —e vostede, como titular da Consellería de Infraestruturas— comprometerse aquí hoxe...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora IGLESIAS REY: ...publicamente a rematar a AG-55...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: ...ata Cee?

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora IGLESIAS REY: É un proxecto de ADN netamente socialista.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora Iglesias, non teña ningunha dúbida de que a Xunta de Galicia, o Executivo Galego, ten o firme compromiso de seguir a vertebrar o noso territorio. Queremos unha Galicia máis conectada, mellor comunicada, máis segura e máis sostible. Por iso estamos a planificar, a orzamentar e a executar.

Temos 5.500 quilómetros de vías autonómicas que temos que conservar e manter, pero tamén estamos incrementando quilómetros das vías de altas prestacións, como estamos a facer coa vía de alta prestación Tui-A Guarda, con Nadela-Sarria, con Brión-Noia, con Santiago-A Estrada. E neste compromiso, non o dubide, non nos esquecemos da Costa da Morte. Levamos xa dados pasos moi importantes, efectivamente, desta AG-55. Como ben din, temos un primeiro tramo, A Coruña-Carballo, que ten as tarifas máis baixas de España para este tipo de autovía e na que seguimos a aplicar ano a ano as bonificacións. E doutra parte Carballo-Baio, que se puxo en servizo no ano 2016, cun Goberno do Partido Popular e totalmente libre de peaxe, e que o Bipartito non foi quen de facer.

Permítame lembrar tamén que foi co primeiro Goberno de Núñez Feijóo, no ano 2011, cando se puxo en funcionamento —licitou, executou e puxo en funcionamento— a variante de Sardiñeiro, entre Cee e o Sardiñeiro e, anos máis tarde, no 2016, o tramo entre Carballo e Baio. Dende 2016 puxemos en servizo unha autovía de case vinte e oito quilómetros totalmente libre de peaxes. Comunicamos así os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irene. Foron máis de 170 millóns de euros do Executivo galego do Partido Popular postos en funcionamento, o que supuxo unha mellora substancial para esta comarca en tempo e, por suposto, en seguridade. E queremos seguir, por suposto que queremos seguir; de feito, o pasado 9 de xuño aprobamos en Consello da Xunta a prolongación da autovía da Costa da Morte entre Santa Irene e Vimianzo; e a nosa estrada autonómica, denominada «estrada a Camariñas», AC-432, 5,5 quilómetros, efectivamente, de prolongación, con máis de 36 millóns de euros de investimento.

E falan vostedes de dotación insuficiente. ¿Sabe canto foi a dotación que fixo o Bipartito? Cero euros. Iso é o que lles importa esta autovía. Pero teñan por seguro que este Goberno si que cubrirá esa demanda que ten o territorio. Si que seguiremos a abrir oportunidades para esta zona da Costa da Morte.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente, de novo.

A Costa da Morte, señora conselleira, ten problemas de despoboamento, de envellecemento, esmorecen os servizos públicos básicos, os servizos de sanidade, de transporte, de mobilidade... Esta infraestrutura publicada do remate da Costa da Morte é básica para a cohesión territorial desta bisbarra. ¿E que fai o Executivo? Mirar para outro lado. Se pensan que con 5,5 quilómetros —que, por certo, non son nin de dobre vía— van cumprir coa Costa da Morte, están moi equivocadas. Non estamos a falar nin sequera dun novo proxecto, debuxaban cada ano nos orzamentos este tramo; estamos a falar dun retroceso dun proxecto orixinario de Emilio Pérez Touriño no Goberno do Bipartito en 2007. ADN netamente socialista, señora conselleira.

Están moi equivocados se realmente pensan que van calar os alcaldes e alcaldesas e concelleiros da Costa da Morte con non exixir o remate da autovía da Costa da Morte, os 31 quilómetros que quedan por rematar, porque son promesas. Como lles dicía o señor Feijóo cando inaugurou no 2016 ese último tramo, xa estaba preparado este tramo que anunciaron nove anos despois no Consello da Xunta de hai dúas semanas. Nove anos despois, señora conselleira. Propaganda, anuncios e máis anuncios.

Non aceptamos este trato. Evidentemente, a Costa da Morte non é unha bisbarra de segunda; é Galicia, merece o mesmo trato que calquera outra comarca, aínda que evidentemente estea tinguida de vermello por alcaldes e alcaldesas socialistas. Queremos unha autovía da Costa da Morte plena, conselleira. Por iso lle pregunto: ¿comprométese hoxe aquí a rematar a autovía da Costa da Morte, realmente libre de peaxe e con dobre vía, eses 31 quilómetros que quedan para o seu remate? Diga si ou non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta. Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora Iglesias.

Señora deputada, a verdade é que está ben nos tempos que corren un pouco de humildade e de recoñecemento de que non foron quen de rematar esa autovía. Porque, efectivamente, licitouse no ano 2007, pero o Bipartito non foi quen de executala. Porque avanzar en infraestruturas é algo máis que promesas, é responsabilidade; e nós temos un Executivo galego que, cando fai as cousas, facémolas ben. Por iso acabamos de aprobar hai uns meses o rescate de catro autovías que tiñan peaxe en sombra —a autovía do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense-Celanova e a de Santiago-Brión—, o que nos permite aforrar ata 330 millóns que estaban comprometidos ata o remate das concesións. E con ese investimento podemos facer agora máis quilómetros en vías de altas prestacións como as que mencionei e como esta prolongación da autovía da Costa de Morte.



Porque isto xa é unha realidade, efectivamente. Aprobouse no Consello da Xunta do 9 de xuño e en apenas uns días someteremos a información pública este proxecto, actualizado coa idea de licitar as obras antes de que remate o ano. Á parte, estamos falando dunha actualización importante. Estamos a falar de 36 millóns de euros, que semella que lle parece pouco o diñeiro que estamos a investir. *(Aplausos.)*

Estamos a falar dunha obra complexísima: dous enlaces con previsión dun terceiro, tres viadutos, seis pasos superiores, tres pasos inferiores, seis obras de drenaxe. Un proxecto singular cun viaduto sobre o río Vimianzo que permitirá un cruzamento de cerca de douscentos cincuenta metros.

É innegable, señoría, que continuaremos a vertebrar a nosa Galicia, que continuaremos a vertebrar a Costa da Morte, que seguiremos a referendar o noso compromiso para a vertebración de Galicia: conectividade, competitividade, seguridade e cohesión social. Teño que dicirlle que ogallá tivésenos o mesmo compromiso do Goberno central, o mesmo compromiso do Ministerio de Transporte, que amosase o mesmo respecto pola nosa terra que nós estamos a anunciar, en vez de facer oídos xordos e de adiar día a día as propostas que se remiten desde esta mesma Cámara por unanimidade e que día a día están atrasando.

Señorías, dende este Executivo galego seguiremos a vertebrar o noso territorio con sentidiño. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Prado del Río pide o uso da palabra.) ¿Si? ¿Para que quere a palabra, señora Prado? (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Con base en que artigo, por favor? (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Eu creo que, se é polo mesmo tema, xa foi clara a súa explicación anteriormente. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Si. Déanlle voz ao escano. *(Murmurios.)* Non, hai que ser prudentes.

A señora PRADO DEL RÍO: Esta mañá a señora Pontón dixo exactamente... Eu lamento que a señora Iglesias igual non estivese atenta á sesión de control, pero vou ler o que dixo a señora Pontón para que quede clara cal foi a miña resposta. Foi a intervención da señora Pontón, que dixo: «15 de xuño, Maritza foi asasinada brutalmente a puñaladas na Coruña. Poucos días antes, Marisol apareceu calcinada no seu coche en Campo Lameiro, foi asasinada polo seu home. O Goberno do PP de Moraña decretou tres días de loito tanto para a vítima como para o seu verdugo, nunha equiparación inmoral. Pero vostede cala e mira para outro lado». Eu no que dixen esta mañá —e dígoo outra vez máis, e non estou desinformada— insisto: no caso de Campo Lameiro, segundo o subdelegado socialista do Goberno, están abertas varias vías de investigación.

O señor PRESIDENTE: Xa se explicou.

A señora PRADO DEL RÍO: Aquí, se a señora Pontón, a señora Iglesias e a señora Castro queren ser xuízas, alá elas.



O señor PRESIDENTE: Quedou claro isto xa. Quedou clara a súa postura.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu asumo a situación de prudencia que pediu o subdelegado do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Non é desinformación; é prudencia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Quedou clara a súa postura.

Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de vivenda que está a desenvolver o Goberno de España

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona María Deza, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

Despois de dous anos de aplicación da Lei de vivenda estatal e das políticas impulsadas polo Goberno de Pedro Sánchez, a situación non pode ser máis preocupante. A lei naceu coa promesa de conter os prezos, garantir o acceso á vivenda, ampliar o parque de alugueiro e protexer os inquilinos e os propietarios. Hoxe, sen embargo, obsérvase o contrario: prezos máis caros, menor oferta e unha fonda inseguridade xurídica para propietarios e inquilinos.

En primeiro lugar, fixémonos nos prezos do alugueiro; segundo o Índice inmobiliario de Fotocasa, en maio de 2025 o prezo da vivenda en alugueiro en España situouse en 14,36 euros por metro cadrado ao mes, superando os 1.146 euros para un piso de 80 metros cadrados, o que supón un incremento do 14,9 por cento. En Galicia, rexistrouse en abril de 2025 un aumento interanual do 10,6 por cento, consolidando así unha tendencia á alza nos prezos do mercado do alugueiro tamén na nosa comunidade.

En segundo lugar, respecto á oferta de vivenda no mercado do alugueiro a Federación Nacional de Asociacións Inmobiliarias advertiu que o inventario da oferta de vivenda do alugueiro de longa estancia caeu un 36,3 por cento ao longo de 2024. O pasado ano, o total de inmobles comercializados en España reduciuse en 120.000 vivendas en tan só dous anos. Todos estes datos derívanse dunha normativa intervencionista que pretende resolver os problemas da vivenda mediante imposicións e limitacións, que o único que ocasionan é unha redución da vivenda dispoñible.

En terceiro lugar, falemos tamén dos compromisos incumpridos do Goberno central. Isto si que é propaganda e anuncios baleiros, como dicía a señora Iglesias. O señor Sánchez prometeu a creación de 184.000 vivendas públicas, obxectivo que pretendía lograr combinando



actuacións do Ministerio de Vivenda con accións da Sareb. Porén, segundo os datos facilitados polo propio Goberno, a finais de 2024 soamente se acadou o 5 por cento do prometido.

En cuarto lugar, falemos, ¿como non?, da falta de diálogo institucional. Pasaron oito meses desde que tivo lugar o último encontro da Conferencia Sectorial de Vivenda, na que están representadas todas as comunidades autónomas; encontro que levan tempo urxindo os executivos rexionais. Parecía que ía chegar ese diálogo na conferencia de presidentes. De feito, antes da súa celebración o señor Sánchez publicou: «*Invito a todos los presidentes autonómicos a debatir sobre un nuevo acuerdo estatal para la vivienda en la próxima conferencia de presidentes*». ¿Houbo debate? Non, non houbo debate.

En definitiva, conselleira, estamos ante un Goberno que non quere escoitar as comunidades autónomas. Un Goberno que promove unha política que co paso do tempo se veu demostrar que está a fallar, que frea a construción de vivenda, que espanta o investimento privado, que reduce a oferta dispoñible, que blinda as ocupacións ilegais e que fai subir os prezos; por ende, unha política que cada vez máis dificulta o acceso á vivenda. Por iso, gustaríame coñecer a valoración do Goberno galego sobre a política de vivenda do Goberno de España. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora Deza, ninguén dubida de que a vivenda é unha necesidade básica, un dereito recoñecido constitucionalmente, pero tamén é un deber dos poderes públicos facelo efectivo. Nós, dende Galicia, por suposto que o estamos a facer: triplicamos o orzamento, modificamos normativa para axilizar trámites, constituímos a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, estamos a incentivar e axudar a mocidade e os concellos, promotores, cooperativistas e a cidadanía en xeral. Estamos a desenvolver solo onde poder construír vivenda. Estamos a promover e a construír vivenda: temos xa máis de dúas mil duascentas nun ano que levamos de lexislatura. E, polo tanto, exiximos unha política de estado real tamén, que o Estado non a ten. Exiximos deixar, efectivamente, esa propaganda baleira e esas mentiras ás que nos ten acostumados o señor Pedro Sánchez. ¿Onde están esas 180.000 vivendas que prometeu o señor Pedro Sánchez en campaña? Agora di que van construír trescentas vivendas en Galicia, pero non sabemos nin como, nin onde, nin cando nin quen. E, ademais, agora o Partido Socialista arrógase como propias as vivendas que estamos a construír as comunidades autónomas, as vivendas que estamos a construír a Xunta de Galicia. Mágoa que non estea o señor Besteiro, porque non se ruboriza sequera cando publicita como propias as vivendas que estamos a construír dende a Xunta de Galicia.

Temos un Goberno central que pretende impor condicións a cambio de entrar no financiamento dese plan estatal, e iso non ten outra denominación que «chantaxe». Temos un Goberno central que aposta polo intervencionismo e pola prohibición, que se demostrou



ineficaz para o incremento da oferta de vivendas. Temos un Goberno que convoca unha conferencia de presidentes na que non se debate nin se vota absolutamente nada. E temos unha oposición, ademais, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, que nos exige o porqué de renunciar a esa proposta. ¡Pero é que non houbo ningunha proposta! Non renunciamos a nada porque non houbo ningunha proposta.

Por suposto que Galicia cofinanciará ese plan estatal, temos capacidade orzamentaria abondo e así o trasladamos. Pero os acordos téñense que tomar onde se teñen que tomar, que é na Conferencia Sectorial de Vivenda, onde estamos representadas todas as comunidades autónomas, que somos as que temos competencias. ¿Saben cando foi a última Conferencia sectorial de vivenda celebrada? O 3 de outubro, hai máis de oito meses. Iso si, o Goberno central séntase falar con Cataluña, co País Vasco, con Castela- A Mancha, con Asturias, con Navarra; ningunha do Partido Popular. Menos mal que, grazas á nosa insistencia, tanto por privado como publicamente, a ministra nos recibe. O que está a facer, dende logo, o Goberno central demostra unha falta de hixiene democrática total e unha nulidade de vontade política en materia de vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

«La vivienda deja de ser un bien de lujo y se convierte en un derecho. Política útil para la mayoría». Con estas verbas o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, celebraba hai dous anos a aprobación da Lei de vivenda no Congreso dos Deputados. Curioso que a cualificarse como «política útil», sobre todo se facemos balance dous anos despois. Porque ¿cales foron os efectos desa «política útil»? Pois que o enfraquecemento e desprotección do alugueiro residencial como primeira opción no alugueiro, a desviación ou a caída de oferta e a restrición sobre o alugueiro residencial provocaron, como dicía anteriormente, que máis de cento vinte mil vivendas pasasen a alugueiro temporal, á venda ou a converterse en vivendas baleiras. Como consecuencia, incrementouse a presión de demandantes de vivenda en réxime de alugueiro, multiplicándose por tres a nivel nacional e por cinco nas zonas dos mercados tensionados; o aumento dos prezos dos alugueiros nun 26,5 por cento, superando por primeira vez os mil euros de media; o letargo nos procedementos de desafiuzamento, alcanzando nalgúns casos ata os dous anos de duración; o incremento das denuncias por ocupación ilegal —segundo datos do Ministerio do Interior no pasado 2024 acadamos case 16.500 denuncias—; o incremento tamén dos casos de iniquiokupación; o incremento xeral da carga fiscal sobre os arrendadores; e unha total inseguridade xurídica. Este é o resumo da súa «política útil».

Sen embargo, aquí o PSdeG vive cunha venda nos ollos. O señor Besteiro dixo esta mañá na sesión de control que varias comunidades autónomas xa se someteran ao Plan de vivenda. O presidente Rueda xa deixou claro esta mañá que na Conferencia de Presidentes non se debateu e non se aprobou nada porque o señor Sánchez enfadouse, levantouse e levantou a sesión. É dicir, non propuxo absolutamente nada.



Ese famoso plan, tras a reunión que onte mesmo tivo o secretario xeral de Vivenda co director general de Vivienda, comprobouse que está estancado desde hai máis de seis meses. Máis fume.

Nese desalentador escenario, ¿que medidas considera o Executivo galego que debe adoptar o Goberno central? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Vivenda e planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas.

Señora Deza, o Goberno de Pedro Sánchez, efectivamente, non fixo absolutamente nada en materia de vivenda dende que chegou ao Goberno. Promete vivendas e só ofrece propaganda e cifras; cifras que ademais agora maquilla coas vivendas que estamos a construír dende a Xunta de Galicia. Anuncia investimentos para as comunidades autónomas, pero non os dimensiona e, ademais, condiciona a imposicións chantaxísticas propias dun estado ditatorial. Pretende regular e intervir o mercado con medidas intervencionistas que se demostraron claramente ineficaces. O Plan estatal de vivenda 2022-2025 está a piques de rematar —na Xunta de Galicia xa temos executado ou en marcha máis do noventa e oito por cento— e non coñecemos cal será o futuro plan estatal, como tampouco o coñece ningunha das comunidades autónomas.

Efectivamente, onte mesmo reuníase o secretario xeral de Vivenda e Urbanismo e o director general de Vivienda e, de novo, vimos un *bluff* —permítame a expresión—. O único que sabemos é que a Xunta de Galicia terá que quintuplicar as aportacións que estaba facendo anualmente —que por suposto que o faremos— namentres o Estado simplemente duplicará as súas aportacións. Sabemos tamén que eses 7.000 millóns de euros inclúen o 40 por cento das aportacións das comunidades autónomas e que, ademais, para entrar nalgún dos programas de financiamento exixirán determinadas condicións, volvendo de novo ao centralismo que semella que agora gusta á oposición desta bancada.

Señorías, o Goberno do Estado o que ten que facer é deixar de perder o tempo. Ten nas súas mans a proposta que desde Galicia lle remitimos xa no mes de decembro, que pasa por marcar uns obxectivos claros e comúns nese plan estatal de vivenda; que sexan flexibles para a súa aplicación nas diferentes comunidades autónomas, que temos diferenzas territoriais; que teñan un financiamento acorde ao investimento que realice cada comunidade autónoma; que volten as axudas de rehabilitación e conservación; que volten as áreas de rehabilitación integral; que volten as axudas á promoción de vivenda protexida, tanto a cooperativistas como a promotores —pero non só en alugueiro, tamén en venda, que o dereito á propiedade é un dereito fundamental recoñecido na Constitución tamén—. É dicir, axudas reais e programas reais que axuden a solventar o problema estrutural que temos a nivel de país.

Polo tanto, urxe unha convocatoria da Conferencia sectorial onde esteamos referenciadas todas as comunidades autónomas, que é o marco onde se deben debater estas actuacións, sen amiguismos.



¿Que ten que facer? Ten que mirar o que estamos a facer en Galicia. Hai que desenvolver solo, hai que construír vivenda, hai que incentivar a construción de vivenda protexida, hai que axilizar a tramitación das licenzas, hai que brindar seguridade xurídica aos propietarios, hai que avogar polos incentivos fiscais.

Remato. A vivenda é claro que non pode ser unha moeda de cambio nin un xogo político para premiar afíns e esquecer o resto dos territorios. Dende logo, iso en Galicia non o imos permitir.

Grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da sanidade pública na comarca da Mariña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Daniel Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Por ser directo, señor conselleiro...

Boa tarde, antes de nada.

(*O señor Castro García amosa dúas fotografías.*) A xente que aparece aquí nestas manifestacións multitudinarias, ¿vostede cre que ten unha concepción da saúde así máis como un orgasmo, como diría vostede, ou ao mellor é que non teñen cita para xuntarse co médico ou médica de cabeceira en dúas, tres ou catro semanas? Ou ao mellor levan un, ou dous ou tres anos agardando por unha revisión no hospital de Burela ou ao mellor están fartas de ter que ir ata Lugo para calquera tipo de intervención.

Se fose vostede, por exemplo, ao centro de saúde, por poñerlle un caso, e vise que na porta hai un carteliño que pon «Hoxe non hai médico nin médica» —téñolle concellos para escoller— eu creo que se enfadaría. E, se volve ao día seguinte, enfadaríase un pouquiño máis. E, se ao terceiro ou cuarto día segue ese carteliño, pois eu creo que se enfadaría. Pois precisamente o que hai nestas manifestacións é xente que está enfadada; enfadada directamente por ter a peor sanidade do país. E así o dixeron e lévano dicindo en Viveiro, en Burela, en Ribadeo, en Trabada, en Ouro... Pódolle dicir os 17 concellos da Mariña. Xente, por exemplo, á que nun centro de saúde dun concello de máis de dez mil habitantes, como é o de Foz, pásalle que hai días que non hai ningún médico. Dez mil douscentos habitantes, cero médicos; nun centro de saúde en 2025.

E ante esta situación —xa o falamos onte—, ¿que é o que fai a Xunta? Podería ter palabras de comprensión, pedir desculpas, aumentar medios e, sobre todo, mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras da sanidade pública. Pois dixeron que «non» e escolleron outra opción: reprimir e insultar. Primeiro, insultar a xente que acode —si— ás



manifestacións, porque lles chaman alborotadores, dinlles que están totalmente manipulados; e, logo, reprimir os traballadores e traballadoras, e iso que sempre se parapetan neles. Porque tamén, xa aproveitando que estamos aquí, queríalle preguntar: ¿parécelle ben que, se se pon unha pancarta nun hospital en defensa dos traballadores e dos doentes, a dirección a ordene quitar?

Pero xa non só iso: ¿parécelle ben que se todos os días se están concentrando os traballadores e traballadoras do hospital —celadores, celadoras, enfermeiros, enfermeiras, médicos e médicas— despois a dirección do hospital, en vez de intentar resolver eses problemas diga «non, mellor imos pedir que se identifique todas as persoas que van a esas concentracións»? Porque iso foi o que fixeron.

E, para rematar xa nesta quenda, por ser tamén ben directo. Se fose da Mariña, señor conselleiro, ¿vostede cre que estaría enfadado?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señor Castro, cando vostede fala da situación da sanidade, de falta de médicos, das esperas, ¿por que sempre se esquece de dicir que hai un déficit acusado de profesionais sanitarios en España? ¿Por que non di que iso é responsabilidade do Goberno de España? ¿E por que non se dirixen ao Executivo central demandando solucións? Porque non o fixeron. Nós podemos contratar máis persoal, pero sempre que haxa dispoñibilidade, e agora mesmo non a hai.

O Hospital da Mariña veuse afectado por ese déficit de persoal nalgúns especialidades, pero non foi o caso doutras como hematoloxía, cirurxía dixestiva, obstetricia, pediatría e xinecoloxía. Porque, mire, esa falta de determinados especialistas aféctanos, pero está claro que cando a solución está na nosa man poñemos todos os recursos dispoñibles para a poboación. ¿Tomamos medidas? Sen dúbida. A Xunta non deixamos de traballar por ofrecerlles a mellor atención sanitaria a todos os veciños da Mariña. Levamos anos renovando as infraestruturas e melloramos as condicións laborais e retributivas do persoal, coa puntuación extra polo tipo de servizo nun hospital comarcal, puntuación adicional na carreira profesional, ofertas de prazas por concurso de méritos para postos de difícil cobertura... Esta medida, que vostedes rexeitaron, por certo, está a permitir levar médicos a moitos concellos de Galicia, especialmente no rural. Está claro que a Xunta actúa para mellorar a asistencia aos veciños da Mariña, tanto en atención primaria como en hospitalaria. Vostede sábeo, pero prefere insistir coas súas teimas repetitivas, como a «área sanitaria suprimida».

Mire, agora mesmo profesionais dos hospitais universitarios de Lugo e de Monforte estanse a desprazar á Mariña para reforzar os distintos servizos hospitalarios, tanto en gardas como en consultas. Estes reforzos xa nos teñen permitido atender nos primeiros días do mes de



xuño máis de trescentos pacientes de cardioloxía. ¿Sabe por que é iso posible? Porque existe unha área sanitaria que integra os tres hospitais da provincia de Lugo e, cando un precisa apoio, o resto responde. Todos os hospitais son o centro de distrito, permitindo consolidar unha estrutura que é garantía de equidade e que fai proporcionar servizos complexos nestes centros. Esta é a filosofía do Servizo Galego de Saúde: a asistencia en rede, traballo en equipo e colaboración entre todos os profesionais.

Pero non nos conformamos. Continuamos traballando na consecución de persoal para o centro hospitalario. Estamos a piques de resolver un concurso que xa permitiu incorporar cinco especialistas ao Hospital da Mariña e pretendemos cubrir dezasete prazas máis. Un reforzo que nos permitirá continuar incrementando o cadro de persoal deste hospital comarcal con 154 profesionais máis desde o ano 2010, o que significa un incremento de 28,5 por cento.

Señor Castro, a pesar de que vostedes pretenden mirar cara a outro lado, o problema real está no déficit de profesionais sanitarios. E soluciónalo está na man do Goberno central; nin da Xunta de Galicia nin da Consellería de Sanidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Gustoume o da «asistencia en rede». Se non tes cita en Burela, vaste para a privada e pechas o círculo. Aí vai á rede directamente. *(Aplausos.)*

Non sei se lle cadrou algunha vez de ir á Mariña polo verán, de vacacións. Eu recoméndoo, sempre o recomendarei. Pois resulta que hai máis xente no verán. Hai concellos que triplican o número de habitantes, e ás veces é moi difícil andar por aí. Entón, tendo isto en conta, e sabendo da realidade que hai no verán, ¿por que quitaron 38 camas ata mediados de setembro? ¿Como vai ser iso? ¿É que xa tiñamos abondo, estabamos de marabilla e non facían falta? ¿Por que as quitaron? ¿Cre que xa o servizo que se ofrece no Hospital de Burela cobre todo o necesario?

E sempre se esconderon, ademais, nos traballadores; sempre dicindo que o BNG criticaba os traballadores e o seu labor. Ben, os médicos e as médicas, que levan algúns moitos anos e outros poucos, son os que máis os están a criticar. Son os propios médicos e as médicas os que están a dicir que nunca o Hospital de Burela estivo tan mal como está agora; os que levan vinte e trinta anos. Son os médicos e as médicas que ofreceron os seus servizos noutros hospitais de Galiza e de fóra de Galiza os que din que nunca viron tal cousa como cando chegaron a Burela. E son os médicos e as médicas os que din que as súas listas de agarda non son reais. Son os médicos e as médicas os que o din. E logo, cando publican as reais, porque eles teñen os datos directamente, temos as consecuencias de que a media da Mariña aínda



por riba dobra a media da lista de agarda de Galiza. Entón, cando todo o mundo está dicindo que menten, vostedes están obsesionados en dicir que a única realidade é a da nota de prensa da Xunta de Galiza.

Por dicirlle unha última cousa, señor conselleiro: cando tes dor, cando che doe o corpo e non te atenden, dáche igual o que che diga o telexornal da Galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señor Castro, o problema que teñen vostedes é que queren facer dunha circunstancia excepcional a norma. Desde hai anos tratan vostedes de difundir un relato de desmantelamento que non é tal, como demostran os feitos. De verdade, creo que cada vez que anunciamos un novo investimento, novas prazas ou a posta en marcha de novos servizos e equipos tecnolóxicos, vostedes sofren. Sofren porque non se cumpren os seus augurios e bulos, cos que tentan enganar a poboación da Mariña desde hai anos. Se algo do que din fose realmente certo, o Hospital da Mariña levaría anos pechado. Para o seu desgusto o Hospital público da Mariña está sendo reforzado nos últimos anos, tanto a nivel de investimento como da infraestrutura, como de equipamento, como de persoal. Os datos están aí e ninguén pode con eles. Incrementamos os servizos prestados na Mariña, atendendo máis xente e evitando traslados a Lugo, salvo para aquelas intervencións estritamente necesarias, atendendo a criterios puramente clínicos. E isto fronte aos augurios do BNG, que dicía que o Hospital da Mariña se ía pechar, enganando e alarmando a xente co seu desmantelamento.

O tempo dá e quita razóns, e o que podemos ver nestes anos é que o Hospital da Mariña non fixo máis que ver incrementados os servizos: Servizo de Cardiología; o de resonancia magnética —un único hospital comarcal cunha resonancia magnética—; hospitalización a domicilio; segunda sala de endoscopias... Todo isto á vez que renovabamos o centro hospitalario; unhas instalacións máis amplas e cómodas, ampliando o centro en máis de 6.000 metros cadrados, dotándoo dun novo edificio de consultas externas e dun novo edificio de hospitalización; en definitiva, contribuíndo a unha mellora xeral da calidade e do servizo que se presta neste centro hospitalario, ao que destinamos un investimento da Xunta de 20 millóns de euros. É un centro hospitalario que, a pesar do que vostedes digan, nunca tivo tanto persoal. Desde o ano 2010 o seu persoal incrementouse en 154 persoas, malia o déficit de determinados profesionais sanitarios. Estamos con medidas de reforzo que, como lle dixen, permitiron atender máis de 300 pacientes de cardiología na Mariña e coas que imos continuar nas vindeiras semanas. No mes de xullo faremos un novo reforzo no Servizo de Cardiología, que nos permitirá atender arredor de 180 pacientes máis, chegando desamaneira a 480 desde xuño.

E temos a mesma aposta da Xunta pola atención primaria. Non se amortizou ningunha praza nos centros de saúde, a pesar de que nalgúns concellos hai cupos moi baixos, facultativos que atenden 500 tarxetas sanitarias ou menos; pero esas prazas, por suposto, non as tocamos, todo o contrario. Nos concellos con máis poboación incrementamos o cadro de persoal dos centros de saúde; por exemplo, nos PAC de Viveiro, hai dous equipos todos os días, fronte



á situación anterior, que só se daba as fins de semana. E o Servizo de Nutricionismo na Mariña, o Servizo de Atención Domiciliara aos Pacientes do Rural... Seguiremos traballando por conseguir máis profesionais para A Mariña, téñao por seguro, e tamén teña por seguro que manteremos unha atención sanitaria de calidade para todos os veciños da Mariña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o problema derivado da sentenza xudicial que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vidal Lamas.

A señora VIDAL LAMAS: Boa tarde, conselleira.

O pasado 30 de maio a Xunta de Galiza publicaba no *Diario Oficial* a anulación oficial de preto de sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios. Non foi por iniciativa propia, senón obrigados pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que declarou inválida a formación recibida por miles de persoas entre o 2016 e o 2022 a través dunha rede fraudulenta.

Estamos a falar dun escándalo de dimensións gravísimas. Sete mil persoas de xeito repentino quedan sen posibilidade legal de mercar nin aplicar produtos fitosanitarios nas súas fincas, xusto no momento no que comezan os tratamentos esenciais da tempada, e sábeo. Non hai escapatoria nin discurso que os exonere, porque foi a Xunta de Galicia quen avalou durante anos os cursos fraudulentos que deron lugar a esta sentenza.

A operación Fito, iniciada en 2020, rematou coa condena dunha rede que expedía carnés sen impartir formación válida. Desde 2015 xa se sabía que facían falta milleiros de carnés novos tras a entrada en vigor do Real decreto 1311/2012, que fixo obrigatorio o carné para aplicar produtos fitosanitarios a partir do 26 de novembro dese mesmo ano. E mentres a demanda de formación aumentaba, a Xunta do PP desmantelaba as oficinas agrarias comarcais, privatizaba a formación e deixaba o campo libre para a fraude. Non foi só unha cuestión de falta de previsión, foi negligencia deliberada, porque a Fiscalía xa alertaba no 2022 de que a Consellería do Medio Rural non remitira inspeccións nin control ningún, malia os avisos reiterados; e, lonxe de actuar, seguiron validando os carnés coma se nada pasase durante sete anos.

Non falamos dun erro puntual, falamos dunha conveniencia institucional que permitiu unha fraude masiva coa que moitos fixeron negocio, e milleiros foron enganados. E mentres todo isto acontecía, a súa consellería non só non actuou, senón que ocultou o problema, exactamente igual que fixeron co caso tan grave do conselleiro do Mar, denunciado por agresión sexual e que vostedes decidiron tapar durante catro meses poñéndose do lado do presunto agresor. (*Aplausos.*)



No caso dos carnés fitosanitarios foron aínda máis alá; non foron catro meses, foron anos de ocultación, de inacción deliberada, de complicidade institucional, cunha fraude que afectou milleiros de labregas, coa perda de dereitos e ingresos. A responsabilidade da súa consellería é directa e total, e a súa inacción, señora conselleira, deixou sen amparo milleiros de persoas que hoxe non poden tratar as súas fincas.

A pregunta é moi clara: ¿por que a Xunta non actuou no seu momento ao ter evidencias deste problema tan grave? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Señora Vidal, quero empezar aclarándolle que a Xunta de Galicia actuou no momento que estivemos lexitimados para facelo. Probablemente —doume conta coas súas palabras— non se molestaron en ler a sentenza nin en comprobar a sucesión de feitos, porque, se o fixesen, daríanse conta de que se actuou en tempo e forma, e non faría o ridículo dando os datos que acaba de dar.

É verdade, o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, regula o uso sostible de produtos fitosanitarios, que determinou que a partir do 26 de novembro de 2015 os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deberían estar en posesión dun carné que acreditase os coñecementos apropiados para aplicalos. Moitos anos despois da súa entrada en vigor, no ano 2023, a Sección número 3 da Audiencia Provincial de León ditou sentenza sobre un posible delito de falsificación de documentos públicos relacionados coa organización e execución fraudulenta de cursos para a obtención do carné de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios na modalidade non presencial; cursos realizados na Comunidade Autónoma de Castela e León. A referida sentenza condena os acusados por un delito continuado de estafa e obrígaos a indemnizar aos alumnos afectados. Igualmente, fíxase como responsabilidade civil derivada da infracción penal que a Xunta de Galicia declare a nulidade de todos os títulos habilitantes deses cursos feitos —volvo insistir— na Comunidade Autónoma de Castela e León. É importante remarcar que a sentenza sinala na súa cláusula 5ª que os datos concretos de cada alumno deberán ser facilitados «*por la Junta de Castilla y León una vez exista resolución firme*». No momento en que a relación nominal de persoas afectadas pola sentenza nos foi comunicada no pasado mes de abril —paso necesario para a execución da sentenza—, procedeuse a ditar unha resolución, declarando a nulidade dos carnés profesionais afectados, e a Subdirección de Explotacións Agrarias procedeu a tramitar a súa baixa no Ropo.

Como ven, a Xunta de Galicia actuou con máxima dilixencia e, como non pode ser doutro xeito, respectando escrupulosamente a legalidade e acatando e dando cumprimento á sentenza ditada por un tribunal.



Señora Vidal, de non telo feito, ¿de que me estaría preguntando hoxe?, ¿ou me tería acusado de incumprir a lei?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Vidal.

A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidente.

Conselleira, aquí non se trata dunha sentenza xudicial que lles vén dada, senón dunha fraude masiva que foi posible pola complicidade e o deixamento da súa consellería. E si, si que a lin, téñoa aquí; se quere, tamén lle paso unha copia. *(A señora Vidal Lamas mostra un documento.)* As persoas afectadas como Patricia, do Baixo Miño, ou Manuel, de Chantada, non son culpables; son prexudicados, e foron estafados, pagando máis de 150 euros por un curso que a Xunta validou e que agora lles anula. Si o validou porque, se non, non obterían o carné, que o carné o valida a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Desde 2015 sabían que facían falta milleiros de carnés, desde 2016 había denuncias e no 2022 a Fiscalía alertou formalmente da falta de inspeccións. E vostedes seguiron avalando eses cursos ata o 2023, porque, se non, non se expedían os carnés, señora conselleira, iso é así. A sentenza é de xuño do 2023, e a Xunta non move ficha ata maio do 2025, xusto cando a xente ten que aplicar os fitosanitarios, que o sabe ben.

Tamén din que os produtores poden agora comprar os fitosanitarios dunha forma doméstica. Si, pero moito máis caros, e iso non é viable economicamente. O que fixeron foi crear no seu día un problema, deixalo medrar, ignoralo e finalmente aplicar unha sentenza sen dar solución nin asumir as responsabilidades. Por iso exiximos que asuman dunha vez por todas a responsabilidade política e moral que lles corresponde; a asunción inmediata de responsabilidades por parte da Consellería de Medio Rural e a posta en marcha urxente de cursos públicos e gratuítos para que as persoas afectadas poidan recuperar os seus carnés con garantías. E, mentres tanto, unha medida excepcional e transitoria que lles permita aplicar fitosanitarios este ano, porque estamos xa na campaña de tratamento e as produtoras non esperan pola súa burocracia. Están a tempo de facer algo ben nesta crise. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Moitas grazas, señor presidente.

¡Dios mío! ¡Dios mío! ¡Que falta de rigor! *(Risos.)* ¡Rían, rían...! ¡Que pena! ¡Que pena!

Nos últimos dez anos, a través da formación continua ao agro galego, puxéronse a dispor de toda Galicia un total de 30.840 prazas a través da oferta de 1.028 cursos que posibilitaron a capacitación de preto de 15.000 persoas. Houbo que anular 302 cursos por falta de demanda;



é dicir, apenas se cubriu o 47 por cento das prazas, polo que se entende que estamos a falar dunha oferta máis ca suficiente. ¿Saben cantos cursos se impartiron durante os anos 2023 e 2024? Exactamente 57, nos que se ofertaron un total de 1.710 prazas. ¿Saben cantos cursos se anulaban por falta de alumnado? Dez, e case setecentas prazas quedaron vacantes.

Como ven, neste período, a Xunta de Galicia habilitou programas formativos suficientes e a demanda para que todas as persoas interesadas tivesen a oportunidade de acadar os carnés de aplicador e manipulador de produtos fitosanitarios. Como ven, como lles digo moitas veces, os datos son teimudos e a min non me gusta terxiversalos. Desde esta consellería xa temos activado ese plan, que inclúe tanto un reforzo da oferta de cursos como das prazas ofertadas, así como a deslocalización dos programas de formación, e mesmo nos adaptamos á súa demanda. Os exames poderanse facer nas distintas zonas onde haxa suficiente demanda. Todas estas medidas están encamiñadas a facilitar que as persoas interesadas poidan completar a formación necesaria para obter os carnés sen necesidade de saír da súa contorna.

E respecto das críticas gratuítas que fai vostede na formulación da pregunta da falta de control, sobra dicir —como imaxino que ben sabe— que as competencias deste goberno se cinguen exclusivamente a Galicia. A nós non nos corresponde nin xulgar nin controlar a formación impartida noutras comunidades autónomas, nin poñerlle cancelas á xente que poida decidir onde quere ir facer os seus cursos, así como os riscos que corre con iso. ¡Faltaría máis!

Algo semellante podería dicir sobre o que din do desmantelamento das oficinas comarcais. Os datos tamén son moi claros ao respecto: nos últimos catro anos os investimentos da Xunta de Galicia en actuacións na mellora destas instalacións ascendeu a algo máis de oito millóns de euros e neste mesmo ano 2025 está prevista a realización de obras e investimentos en numerosas oficinas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha reflexión antes de suspender o pleno, unha pequena reflexión. *(Murmurios.)*

Vamos ver, nós, como deputados e deputadas, está claro que somos inviolables no que digamos en sede parlamentaria; é dicir, que non se nos pode xulgar. Iso non impide que as declaracións ou as intervencións que se fagan aquí estean suxeitas ao que di o Regulamento, e é competencia da Presidencia valorar que tipo de afirmacións poden ser un xuízo de valor ou poden ser unha alusión. Iso é competencia da Presidencia. Non é o mesmo, por exemplo —e permítanme a broma—, dicir que hoxe o señor Viso vén moi elegante que dicir que unha persoa ten unha desinformación sobre un tema tan sensible como era o que se estaba debattendo. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu o que lles pido por favor a todos os deputados e deputadas é coidado cada vez que vostedes se dirixen a un deputado polo seu nome, porque depende do que digan, pero sempre están no risco de que ese deputado ou deputada poida pedir a palabra... Si, si... Lea o Regulamento, señora Iglesias, por favor... Iso valórao a Presidencia, ¡valórao a Presidencia! Pero se vostedes se dirixen a deputados e deputadas, o risco de que a Presidencia o poida aceptar é grande.



Entón, o que lles pido é que non fagan alusións entre vostedes. (*Murmurios.*) Non, eu diríxome a eles e a vostedes, que son todos deputados e deputadas do Parlamento. Á Presidencia tócalle valorar as alusións. Eu hoxe valorei esas dúas intervencións, esas dúas que se fixeron. Parecíame que eran dun tema de moita sensibilidade e que a deputada, neste caso, tiña dereito a contestalo.

Entón, eu o que pido é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, as alusións non teñen réplica. Non hai réplica nas alusións. Iso é o que di o Regulamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro!, hai que ler o Regulamento, jeh! ¡É de primeiro de Regulamento que as alusións non teñen réplica!


Entón, mídanse cada vez que vostedes se queiran dirixir a outros deputados.

Nada máis.

Boa tarde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Remata a sesión ás tres e tres minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

